

Aprobada o 19/10/2021

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

2021-2022



CEIP RAMÓN CABANILLAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA – A CORUÑA

Índice

Identificación e contextualización	4
Alumnado e profesorado.....	5
1. Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos ao efecto	8
Liñas de actuación directiva para o curso 2021/2022.....	9
1.1. Concreción do proxecto educativo	10
Educación infantil. 2º ciclo	11
Educación primaria. 1º nivel	17
Educación primaria. 2º nivel	24
Educación primaria. 3º nivel	30
Educación primaria. 4º nivel	35
Educación primaria. 5º nivel	40
Educación primaria. 6º nivel	48
Materias de Libre Configuración do centro	55
Sección bilingüe. Plástica en inglés	59
Dereito do alumnado á obxectividade na avaliación	66
Avaliación da programación xeral anual	67
1.2. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado NEAE. Plan xeral de atención á diversidade	70
1.3. Cadro de organización pedagóxica	75
1.4. Programación e calendario de reunión dos órganos de goberno e de coordinación pedagóxica	106
1.5. Libros de texto e material curricular establecidos polo centro	108
2. Horario xeral do centro e criterios pedagóxicos para a súa elaboración	108
2.1. Xornada escolar e horario do centro.	108
2.2. Distribución horaria de cada grupo de alumnado e profesorado.....	109
Distribución horaria de cada grupo de alumnado	109
Distribución horaria do profesorado.....	111
2.3. Quendas de vixilancia de entrada e saída de transporte.....	111
2.4. Quendas de vixilancia de recreos.....	112
2.5. Gardas de tarde.....	113
2.6. Día lectivo de libre disposición.....	114
3. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	114
4. Documento de organización do centro, estrutura orgánica do centro e a situación das instalacións e do equipamento. DOC	123
4.1. Documento de organización do centro (DOC)	123

4.2.	Estrutura orgánica do centro	123
4.3.	Situación das instalacións e do equipamento	129
5.	Programa anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios.	134
5.1.	Programa anual de formación do profesorado.....	134
	PFPP anual.....	134
	Participación do profesorado en programas de innovación educativa	136
5.2.	Servizos complementarios	138
	Servizo de madrugadoras/es e de xantar.....	138
	Actividades extraescolares organizadas pola ANPA.....	138
	Certificación do Claustro docente	141
	Certificación do Consello Escolar	141

A Programación Xeral Anual é elaborada polo equipo directivo do centro e ten que ter en conta as propostas do Claustro (a través dos diferentes órganos de coordinación docente) e as directrices do Consello Escolar (art. 96 do D.374/1996).

A Programación Xeral Anual é aprobada e avaliada polo Consello Escolar, sen prexuízo das competencias do Claustro docente en relación coa planificación e organización docente (L.O. 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a L.O. 2/2006, de 3 de maio, de Educación, en diante LOMLOE, art. 127. b).

É competencia da dirección do centro deseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na programación xeral anual (LOMLOE, art.132. n).

A programación xeral anual está ligada a dous os eixos vertebradores, que son tradición, e que este ano son:

- ❖ Centro de interese 2021/22 “Con-Ciencia-T”.
- ❖ Radio Furelo (programación quincenal).

O calendario escolar é o establecido na Orde do 19 de maio de 2021, no que se inicia o curso o 9 de setembro de 2021 e finaliza o 22 de xuño de 2022 incluídos.

A través destes eixos elaboramos una forma de comunicación coa Comunidade Educativa, onde Radio Furelo ten unha función didáctica á par que divulgativa e o centro de interese serve para a creación do noso calendario escolar. Ambas actividades lembran que o esforzo compartido sempre obtén recompensa.

Identificación e contextualización

Código	Denominación
15015998	CEIP Ramón Cabanillas

Enderezo		C.P.
Rúa José Antonio Souto Paz, 5		15702
Localidade	Concello	Provincia
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	Fax
881 867 921	ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal	881867925
Páxina WEB		
www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas		

A ubicación actual do centro prodúcese por traslado, desde as antigas instalacións do Castiñeiriño (2010) a este enclave, producíndose a absorción do alumnado do antigo CEIP Colexiata de Sar, que desaparece.

O centro educativo atópase situado sobre as Brañas, espazo urbano rodeado de parques na zona sur da cidade de Santiago de Compostela. Preto do colexio están o parque Eugenio Granell e as Brañas do Sar que, coas súas áreas de pradería, céspede, xardín, bosque de ribeira e carballeira, son un importante recurso para as actividades docentes.

A demarcación da zona de escolarización, abrangue unha ampla área do SL da cidade de Santiago de Compostela, nos barrios de: O Ensanche, Pontepedriña, Castiñeiriño e Sar. É zona urbana na práctica totalidade, con algúns retallos periurbanos de vivendas unifamiliares con terreo e dependencias anexas. Está experimentando unha importante transformación por mor de urbanizacións de recente planificación que hai dentro do seu ámbito. Están construídos e ocupados moitos edificios nos do contorno da Pontepedriña e arredores do centro e, están proxectadas un número importante de vivendas nos SUP situados entre a rúa da Estrada e Granxa do Castiñeiriño ou entre o Monte do Seixo e o Periférico.

Na zona existen equipamentos deportivos, culturais e de ocio. Hai varias asociacións culturais e Centros Socioculturais que organizan actividades para nenos e nenas ao longo do curso subvencionados polo Concello de Santiago. Tamén está a Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais e no centro comercial da zona funciona un departamento cultural que organiza actividades durante o ano.

O edificio é de construción recente e as instalacións foron construídas con criterios de calidade, accesibilidade e confortabilidade, así e todo, presenta deficiencias importantes para o adecuado funcionamento dun centro educativo, as instalacións non son suficientes para albergar ao número de alumnos/as que podería acadar (450) xa que non conta con aulas suficientes, espazos amplos ou patios cubertos.

O centro educativo é de dúas liñas, tanto no segundo ciclo de educación infantil coma na etapa de educación primaria. No curso 2021/22 hai 3 liñas en 4º curso de educación primaria.

O colexio está adscrito ao IES de Pontepedriña e ao IES de Sar.

Alumnado e profesorado

Respecto do alumnado,

A día de hoxe contamos cunha matrícula de 419 alumnos/as (tendo unha capacidade de 450). No 2º ciclo de educación infantil hai matriculados 123 alumnos/as (tendo unha capacidade para 150) e na etapa de educación primaria hai matriculados 296 alumnos/as (tendo unha capacidade para 300). Durante o curso soe flutuar levemente á matrícula por mor de cambios no domicilio dalgunhas familias, normalmente por motivos laborais e/ou relacionados con movementos migratorios.

Este centro caracterízase por ser un centro inclusivo onde está escolarizado alumnado que presenta necesidades específicas de atención educativa, alumnado de ascendencia e de procedencia estranxeira (sobre todo de orixe marroquí, chinés e latinoamericano).

Os datos socioeconómicos indican que as familias teñen unha renda media alta e unha cultura similar. Por outra banda, existe unha importante diversidade sociocultural, polo que o centro educativo procura compensar as necesidades e as posibilidades de todo o alumnado atendendo a todas as situacións.

Polo xeral, os hábitos de hixiene e alimentación que amosa o alumnado é positivo.

A lingua galega ten un uso minoritario polo alumnado, se ben, se detectan casos puntuais nos que o alumnado fala galego e a actitude xeral das familias é positiva.

Ata a actualidade o absentismo escolar é escaso e as faltas de asistencia soen estar motivadas por enfermidade ou visitas médicas, nalgún caso por viaxes programadas debidamente xustificadas nas titorías.

Respecto do profesorado,

O profesorado co que conta o centro educativo vén dado segundo o disposto no catálogo e establécese polo número de unidades co que conta o centro.

O centro ten 32 docentes a tempo completo, e unha docente de relixión que completa horario 2 horas á semana (os luns). Co programa ARCO contamos cunha docente a tempo parcial e, con carácter excepcional e logo de revisadas as necesidades do centro por parte da Administración, con outra docente a tempo completo compartida durante todo o curso.

Respecto das unidades do centro educativo,

O centro ten por catálogo 6 unidades na etapa de educación infantil e 12 na de educación primaria. Ten unha máis habilitada en 4º de EP neste curso académico.

NIVEIS POR ETAPAS		Nº ALUMNADO	UNIDADES
Educación infantil		123	6
	4º nivel de infantil	36	2
	5º nivel de infantil	38	2
	6º nivel de infantil	49	2
Educación Primaria		296	13
	1º Nivel de Educación Primaria	50	2
	2º Nivel de Educación Primaria	48	2
	3º Nivel de Educación Primaria	48	2
	4º Nivel de Educación Primaria	53	3
	5º Nivel de Educación Primaria	50	2
	6º Nivel de Educación Primaria	47	2
Total en funcionamiento		419	19

1. Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos ao efecto

O plan xeral de actuación deste equipo directivo está apoiado no Proxecto de Dirección presentado para esta lexislatura. Tendo en conta as dificultades dos inicios que supón un traballo coma este, o equipo apóiase nas seguintes áreas de mellora propostas:

- Coñecer e comprender a situación das necesidades educativas que ten o centro educativo, tamén en relación á situación de pandemia que vivimos, e traballar conxuntamente coa Administración na optimización dos recursos humanos e materiais necesarios.
- Elaborar un calendario adecuado a todas as necesidades docentes co fin de mellorar a calidade educativa para o alumnado.
- Crear espazos democráticos e de ocio: dinamizacións e descentralización de tarefas, actualización do espazo da biblioteca e do uso dos patios escolares.
- Concretar actuacións de mellora a través dos diferentes plans que posibiliten unha continuidade no tempo, na que estean involucrados todos os axentes da comunidade educativa de xeito activo.

Neste sentido, este curso 2021/2022 propónse familiarizarse coa realidade da dirección do CEIP Ramón Cabanillas, procurar amosar á Administración as necesidades reais do centro e as dificultades que supón non telas en conta. Como dirección comprendemos que a optimización dos recursos pasa pola súa racionalización, aspecto que este centro ten moi en conta. Agora ben, consideramos que, desde o Claustro docente e o Consello Escolar, se deben considerar aspectos máis humanos e realistas que están debidamente documentados e este equipo directivo vai procurar que se fagan visibles ditas necesidades para obter unha resposta adecuada da Administración, propoñendo solucións.

Os recursos que utilizamos son todos os materiais e humanos que temos dispoñibles no centro, así como persoal colaborador das actividades complementarias e extraescolares que se propoñen nesta programación, tanto

coa colaboración do concello como da propia ANPA e outras entidades que, ao longo do curso, poidan ser de interese para o benestar do alumnado e as súas familias coa finalidade de acadar os obxectivos propostos para a etapa de educación infantil e primaria.

Liñas de actuación directiva para o curso 2021/2022

LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	ACCIÓNS
Programas educativos	<ul style="list-style-type: none"> • Unificar criterios. • Simplificar o seu contido. • Optimizar os resultados e facelos visibles. • Establecer puntos de conexión través das coordinacións dos equipos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Amplificar os espazos para o diálogo. • Mudar o calendario para optimizar os tempos. • Procurar claves para a avaliación interna.
Coordinacións	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e colaborar nas tarefas coordinadas desde cada materia ou área. • Establecer canles para a comunicación das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer un plan de traballo operativo e funcional que posibilite a coordinación entre niveis e etapas. • Establecer canles para a comunicación entre docentes. • Procurar espazos para compartir recursos e comunicar resultados.
Diversificar e compartir	<ul style="list-style-type: none"> • Procurar ampliar o número de profesionais que realizan das diferentes tarefas. • Establecer canles para compartir os coñecementos, sobre todo en metodoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer equilibrio entre o profesorado definitivo e provisional: • A administración das aulas Web recaen na coordinadora TIC. • A xestión de E-Dixgal recaen na coordinadora E-Dixgal. • A xestión das tarefas de acción tutorial recaen conxuntamente no profesorado titor, os especialistas e a dirección do centro. • As propostas das dinamizacións recaen sobre todo o profesorado en función da formación de cada equipo.
Diversidade funcional	<ul style="list-style-type: none"> • Procurar dar visibilidade. • Procurar unha formación cada vez máis ampla do profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver formación específica en SAAC. • Crear mecanismos que fagan visibles os esforzos do profesorado.
Tempo de lecer	<ul style="list-style-type: none"> • Recuperar espazos que inhabilitou a situación Covid: - Xogo - Conmemoracións - Biblioteca - Horta 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer fórmulas que permitan recuperar os espazos de xogo e de convivencia. • Concretar distintos materiais e espazos para o seu uso. • Mellorar a realidade dos patios.
Comunicacións	<ul style="list-style-type: none"> • Xeneralizar o uso de AbalarMobil entre as familias. • Iniciar o uso de AbalarMobil desde a administración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Xeneralizar o uso desta ferramenta para as comunicacións coas familias (envío de notificacións, boletíns de notas, etc.)
Servizos complementarios	<ul style="list-style-type: none"> • Crear un ambiente de respecto e de colaboración. • Coordinar as tarefas de colaboración mutuas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver accións encamiñadas a que o alumnado respecto o labor dos monitores/as do transporte. • Colaborar para que, no menor tempo posible, dispoñan da información necesaria para realizar o seu labor de coidado do alumnado.
Instalacións e equipamento	<ul style="list-style-type: none"> • Insistir na Administración competente sobre a necesidade de acondicionar espazos 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentar as necesidades do centro en relación a espazos, aclimatación e peticións de melloras e poñelas en coñecemento da Administración competente.

1.1. Concreción do proxecto educativo

O CEIP Ramón Cabanillas permanece atento aos cambios xerados pola reforma educativa de 2021/2022. Mentres, continúa o desenvolvido en cursos anteriores e relacionado coa LOE (modificada pola LOMLOE) en relación aos documentos básicos (NOF e PE). Ademais, ten en conta a norma de avaliación da Orde de 2 de marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e establece o procedemento de reclamación.

Neste momento o centro, conta con diferentes plans, segundo normativa recente, tendo en conta que a norma de menor rango é a do centro e non pode contradicir, en ningún caso, a norma superior existente. Todas elas, serán revisadas paulatinamente e, teñen unha ampla visión e no conxunto conforman o CEIP Ramón Cabanillas:

- Plan de Atención á Diversidade. Desenvolveremos iniciativas inclusivas.
- Plan de convivencia. Iniciaremos propostas de mediación escolar.
- Plan de igualdade. Este curso teranse en conta as iniciativas relacionadas coa potenciación do papel da muller así como do colectivo LGTBIX+.
- Plan de acción tutorial. Potenciaremos o desenvolvemento tutorial de equipo docente de grupo.
- Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Plan lingüístico. Potenciaremos a utilización da lingua galega.
- Proxecto lector. Dinamización de tempos de lectura nas aulas.
- Plan de Autoprotección: desenvolvemento e realización das accións preventivas previstas, con carácter anual. Simulacro de avaliación.
- Plan Covid 21/22.
- Programa Voz Natura. Realizaremos un estudo das Brañas, activaremos o traballo na horta escolar e crearemos unha patrulla verde.
- Plan de formación: Realizaremos tres liñas de PFPP 2021/22.
- Teremos en conta actividades que poidan xurdir ao longo do curso.

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 2º ciclo de educación infantil** para o presente curso:

TITOR/A ou COTITOR/A	NIVEL	GRUPO	ÁREAS
Ma Pilar Souto Farto	3	A	GLOBALIZADA
Estefanía Lamas Liste (substituta: Emma Santiago Piñeiro)	3	B	GLOBALIZADA
Mª Carmen Penide Mareque	4	A	GLOBALIZADA
María Jose Jorge	4	B	GLOBALIZADA
Tania Mosquera Sixto	5	A	GLOBALIZADA
Ma José Rodríguez Ordóñez	5	B	GLOBALIZADA

PROFESORADO	ESPECIALIDADE
Raquel Cuervo Cazurra	Inglés
María José	Inglés
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión Católica
Fernando Fafián Lemos	Música
Ma Pilar Puente Mosquera	Apoio
Henar Bello Seoane	Apoio.
Socorro Pérez Martínez	AL
Cristina Rey Riaño	PT
Lucía Flora López Pérez	PT
Eva Mª Mouro García (2ºB)	Apoio en 4ºA
Rosa Mª Vicente Álvarez (6ºB)	Apoio en 6ºB

NIVEL	GRUPO	RATIO N° DE ALUMNOS/AS
3	A	17
3	B	18
4	A	19
4	B	20
5	A	24
5	B	25

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS XERAIS

Os nenos/as desta etapa atópanse, segundo Piaget, no estadio preoperacional cuxas principais características son:

Desenvolvemento cognitivo: mostran unha intelixencia representativa, función simbólica, utilizan preconceptos, o seu pensamento é irreversible e transductivo. Aínda son moi egocéntricos e iso vaise ver reflectido na centración, estatismo, animismo e finalismo.

Desenvolvemento motor: teñen un nivel avanzado de motricidade grosa, corren, saltan, lanzan obxectos e dan pinchacarneiros. A súa motricidade fina en cambio, está en proceso de desenvolvemento, pican, empezan a recortar con certa precisión e pegan sen dificultade.

Desenvolvemento da linguaxe: están na etapa lingüística polo que o seu nivel de vocabulario é máis avanzado. Constrúen frases, conversan, contan historias, sendo habitual inventar palabras.

Desenvolvemento socio-afectivo: aínda son egoístas e nalgúns casos amosan agresividade, son capaces de xogar con outros, atenden a regras e xogan en grupo. Afectivamente, en xeral, van superando o destete afectivo. Controlan esfínteres e empeza a iniciarse a súa autonomía.

Ademais destas características xerais, é preciso tomar en consideración que cada un é singular e ten unhas características particulares así como un propio ritmo de aprendizaxe ao que será necesario axustar a labor educativa.

TÁBOA DESCRITIVA DO ALUMNADO DESTE NIVEL		
ASPECTOS	Nº DE ALUMNOS/AS	
	GRUPO A	GRUPO B
NEAE	- 3 anos: 1 - 5 anos: 5, en proceso 3 máis.	- 3 anos: 0 - 4 anos: 0 - 5 anos: 1
RELIXIÓN CATÓLICA	- 3 anos: 7 - 4 anos: 3 - 5 anos: 5	- 3 anos: 6 - 4 anos: 5 - 5 anos: 5
VALORES SOCIAIS E DÍVICOS	- 3 anos: 7 - 4 anos: 3 - 5 anos: 19	- 3 anos: 12 - 4 anos: 15 - 5 anos: 20
COMEDOR	- 3 anos: 7 - 4 anos: 3 - 5 anos: 14	- 3 anos: 9 - 4 anos: 8 - 5 anos: 13
RECOLLEN AS FAMILIAS	Depende do día	Depende do día
TRANSPORTE	- 3 anos: 7 - 4 anos: 3 - 5 anos: 4	- 3 anos: 3 - 4 anos: 4 - 5 anos: 1

NEAE DETECTADAS		
DE NOVA INCORPORACIÓN	1	1
ALERTA ESCOLAR	0	3
DÉFICIT DE ATENCIÓN	1	0
DIFICULTADES NA LINGUAXE	4	2

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DOCENTE

OBXECTIVOS DA AREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL.

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción con outras persoas.
- Desenvolver sentimentos de autoestima e alcanzar maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións.
- Descubrir as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaz de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén o das outras persoas.
- Tomar conciencia, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas o resolver problemas da vida cotiá.
- Aceptar as pequenas frustracións e manifestar unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaces de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de sumisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, hixiene, alimentación e fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento de tarefas.
- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, cultura, personalidade, características físicas.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto cara as demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

OBXECTIVOS DA AREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar os cambios e modificacións no contorno e relacionalos cos factores que os producen.
- Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na conservación do contorno.
- Descubrir algunhas características, formas de vida e funcións dos seres vivos.
- Relacionarse coas demais persoas de forma equilibrada e satisfactoria interiorizando progresivamente pautas de comportamento social, interiorizar progresivamente pautas de comportamento social e axustar a súa conduta a elas.
- Coñecer características, producións, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos e doutras culturas, respectándoas.
- Vivenciar as distintas formas de organización social do tempo (aproximación ao uso do calendario)
- Coñecer elementos da cultura galega (folclore, tradicións, festas, costumes...)
- Empregar o coñecemento matemático para comprender situacións e resolver problemas da vida cotiá: medindo, pesando, comparando, ordenando.
- Afianzarse na formulación de hipóteses, buscando resposta e explicación a distintos feitos, anticipándose aos resultados que se poden producir tanto na vida diaria como nalgúns experimentos.

OBXECTIVOS DA AREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Adquirir maior competencia no uso das distintas linguaxes (verbal, escrita, corporal, musical e plástica) como instrumentos de comunicación, de representación e de gozo.
- Seguir progresando no uso das dúas linguas oficiais da Comunidade, entendendo mensaxes en cada unha delas e adquirindo maior competencia na súa expresión.
- Recoñecer a importancia da linguaxe corporal na comunicación humana interpretando o xestos doutras persoas e usando o propio corpo como medio de comunicación.
- Diferenciar a palabra escrita doutras formas de representación gráfica: debuxo, números, progresando na súa competencia na escritura; sendo cada

vez máis conscientes da súa importancia como medio de representación de ideas, pensamentos, experiencias.

- Comprender o discurso doutras persoas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Afianzarse no uso oral dunha lingua estranxeira. (inglés)

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

O termo “diversidade” refírese ao conxunto do alumnado, coas súas necesidades e características propias, pois, como sabemos, cada neno ou nena é unha unidade biolóxica, psicolóxica e social única e irrepetible, cunhas características e cun ritmo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe propios. A existencia da diversidade na aula convertese nun dereito dos nenos debido a que enriquece a súa personalidade de cara a unha futura integración social. Enriquece tamén a nosa bagaxe profesional, pois esixe a procura e utilización de novas ferramentas e estratexias pedagóxicas. A lexislación vixente adopta o termo xenérico de Necesidades Específicas de Apoio Educativo e baixo el inclúense 3 novos agrupamentos: necesidades educativas específicas, referímonos aos nenos e ás nenas que proceden doutros países e culturas, aos que posúen altas capacidades intelectuais e a aqueles con atraso no seu desenvolvemento madurativo, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos.

Na orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia; especificase que a atención educativa á diversidade terá un carácter inclusivo integrador e non discriminatorio.

Polo tanto a nosa acción encamiñárase a dar resposta ás distintas necesidades que atopemos nas nosas aulas adaptando as actuacións e a práctica educativa ás características persoais dos nenos e nenas respectado os diferentes ritmos e procesos de maduración.

En coordinación co departamento de orientación deseñaranse as accións necesarias para organizar apoios cos nenos/as que requiran de atención

educativa por discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar trastornos da personalidade ou de conduta.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso de ensino-aprendizaxe, será global, continua e formativa. Será global en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado. Terá un carácter continuo, pois considerarase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os mestres/as recollen de forma continua información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe. A súa vez terá un carácter formativo, ao proporcionar a información que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes.

Dentro da avaliación, sinalamos tres momentos principais: faremos unha avaliación inicial ao principio do curso, así como en cada unidade ou proxecto, que será eminentemente diagnóstica, e a súa finalidade será determinar o punto de partida de cada neno ante o proceso educativo. Durante o proceso levarase a cabo unha avaliación continua ao longo tanto do curso escolar, coma no desenrolo dos proxectos e unidades, esta serviranos para determinar ata que punto van sendo alcanzados os obxectivos propostos, cales son os progresos e as dificultades para, se é necesario, modificar ou reorientar o proceso educativo. Ao final do proceso levarase a cabo unha avaliación final de cada proxecto, de cada trimestre e evidentemente a final de curso.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Aínda que a observación vai ser o noso principal instrumento, usaremos tamén os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación para facela máis obxectiva e sistemática:

- Coloquios e diálogos: moitas veces só podemos averiguar os coñecementos conseguidos polos nenos/as a través de sinxelas preguntas ou coloquios.
- Rexistros de observación: ao finalizar cada proxecto ou unidade realizaremos un pequeno rexistro de avaliación.

- Cuestionarios: levaranse a cabo para recoller aqueles datos máis concretos e precisos.
- Diario de aula: será un pequeno caderno onde anotaremos aqueles aspectos que parezan interesantes, anécdotas.
- Escalas de estimación.
- Ficha-informe de avaliación final de curso: ao final do curso, e atendendo os criterios de avaliación fixados para el.
- Informes trimestrais ás familias: mediante os boletíns, e tamén enviaremos ás familias o traballado no trimestre na aula.
- Coavaliación: que os nenos/as realizarán ao final de cada proxecto ou unidade, na que eles darán a súa opinión sobre o traballado: se lle gustou, se aprenderon moito ou pouco.

Os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumno/a.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

Educación primaria. 1º nivel

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 1º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITOR/A ou COTITOR/A	NIVEL	GRUPO	ÁREAS
MªBegoña Ballesteros Furones	1º	A	Matemáticas, lingua, lingua, sociais, naturais, valores e plástica
José Alberto Paz González	1º	B	Matemáticas, lingua, lingua, sociais, naturais, valores e plástica

PROFESORADO	ESPECIALIDADE
Raquel Cuervo Cazorra	Lingua Estranxeira
José Luis Feijóo	Educación Física
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Socorro Pérez Martínez	AL
Cristina Rey Riaño	PT
Lucía Flora López Pérez	PT
MªBegoña Ballesteros Furones	Apoio en 1º B
José Alberto Paz González	Apoio en 1º A
Rosa María Vicene Álvarez	Apoio en 1º B

NIVEL	GRUPO	RATIO Nº DE ALUMNOS/AS
1º	A	25
1º	B	25

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO, CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS XERAIS

Desenvolvemento afectivo-social

Os nenos e nenas deste curso están preparados para ir adquirindo novas responsabilidades. Os seus pais aínda son as persoas máis importantes nas súas vidas, aínda lles demandan cariño e atención, pero empezan a valorar os seus amigos e a desenvolver actitudes e comportamentos de participación, cooperación, respecto recíproco e tolerancia. Gústalles sentirse parte de grupos organizados e estar con membros do mesmo sexo. Van fixando as súas amizades e entendendo o concepto.

Empezan a darlle importancia aos sentimentos e necesidades doutras persoas.

Adquiren conciencia das súas limitacións e capacidades, a súa autonomía é cada vez maior.

Empezan a entender os conceptos de moralidade e honradez e, ao final da etapa, chegarán a consolidar a súa identidade.

Desenvolvemento cognitivo

Atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas. Son capaces de ordenar mentalmente unha serie de acontecementos cara adiante e cara atrás, no espazo e no tempo.

Van da intelixencia práctica intuitiva á operativa, construíndo e asimilando a realidade a partir da propia actividade e experiencia persoal e cotiá.

Adquiren progresivamente o pensamento causal, que lles permite liberarse do egocentrismo e subxectivismo para establecer o límite entre o eu e a realidade.

A medida que van consolidando o seu autoconcepto e autoestima, toman conciencia de si mesmos e dos demais e defenden o seu carácter. Vanse facendo responsables das súas propias accións e constrúen a súa personalidade.

Manifestan gran curiosidade intelectual interesándose polo porqué das cousas. Son facilmente motivados porque están desexando aprender.

Desenvolvemento da linguaxe

A habilidade para falar e expresarse por si mesmos desenvólvese con rapidez. A linguaxe convértese nun instrumento para a madurez cognitiva, afectiva e social, o cal lles permite compartir os seus pensamentos e reaccións cos demais, sistematizar a acción e planificala no futuro.

Van utilizando estruturas sintácticas máis complexas grazas á adquisición de novos coñecementos e son capaces de desenvolver progresivamente as habilidades metalingüísticas, é dicir, utilizar a linguaxe para analizar a propia linguaxe.

Posúen a capacidade suficiente para adecuar a linguaxe a distintos contextos e interlocutores.

Progresan no dominio da linguaxe escrita e a lectura, o que lles permite desenvolver novas posibilidades de expresión.

As técnicas de estudo, a atención e a memoria cobran maior importancia, pero serán guiados polo adulto para mantelos enfocados na tarefa e alcanzar os seus mellores resultados.

Teñen acceso a linguaxe musical, matemáticas, plástica e artística.

Desenvolvemento psicomotor

Os nenos e nenas de seis a oito anos adquiren plena conciencia do seu esquema corporal e ton, tanto en movemento coma en repouso.

Son capaces de adaptar a postura e o equilibrio ás circunstancias e condicións de cada actividade.

Perfeccionan a psicomotricidade grosa e fina e as habilidades motrices básicas imprescindibles para a aprendizaxe eficaz da lectoescritura.

Afirman a lateralidade e a organización espazo-temporal.

Desenvolven a capacidade de expresar sentimentos a través da dramatización, a mímica e o baile.

TÁBOA DESCRITIVA DO ALUMNADO DESTE NIVEL

ASPECTOS	Nº DE ALUMNOS/AS	
	GRUPO A	GRUPO B
NEAE	3	3 (2 alerta escolar)
RELIXIÓN CATÓLICA	10	12
VALORES SOCIAIS E DÍVICOS	15	13
COMEDOR	18	16
RECOLLEN AS FAMILIAS	7	7
TRANSPORTE	3	2+1 (sólo va los lunes)

AS NEAE DETECTADAS SON:

NEAE	3	2
DE NOVA INCORPORACIÓN		1
ALERTA ESCOLAR		2
RETRASO XENERALIZADO DA APRENDIZAXE		2

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DOCENTE

- Adecuar os obxectivos e os contidos do nivel ás necesidades reais dos nenos e nenas.
- Comprobar que os contidos que aparecen nos libros de texto se axusten á concreción curricular das distintas áreas.
- Pedir a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos e nenas na súa aprendizaxe.
- Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Buscar novos recursos e materiais para traballar os diferentes contidos do nivel e sacar o maior proveito posible dos existentes.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar unha reunión cos pais e coas nais no mes de setembro e todas as que se consideren oportunas ao longo do curso.
- Participar nos diferentes proxectos colectivos que se desenvolvan.
- Participar, de xeito voluntario, no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, Dinamización Lingüística....

- Participar, de xeito voluntario, nas actividades do Plan Lector Anual adaptándoas ao nivel.
- Establecer un tempo diario para a lectura na aula: TEMPO DE LER.
- Realizar exposicións de libros relacionados cos diferentes centros de interese: o corpo, as estacións, o Samaín, etc.
- Participar, de xeito voluntario, nas actividades que se realicen a nivel de centro.
- Continuar coa progresiva introdución das TICs nas programacións e na actividade diaria das aulas.
- Adquirir material pedagóxico.
- Recoller información do alumnado das familias: avaliación inicial do alumnado e recursos telemáticos dos que dispoñen.
- Establecer un plan de traballo conxunto para unha posible situación de ensinanza semipresencial e online, se fose o caso.

Por último, un obxectivo común é a implicación de ambos titores no desenvolvemento de valores no alumnado relacionados con:

- ✓ Tolerancia e co respecto.
- ✓ Normas de cortesía.
- ✓ Solidaridade entre compañeiros e compañeiras.
- ✓ Capacidade de traballar en grupo.
- ✓ Respecto á contorna e ao medio ambiente.
- ✓ Igualdade de xénero e rexeitamento de comportamento sexistas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos pilares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debido á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Neste curso porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será quen decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que se queira recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudirase aos especialistas en busca de axuda e asesoramento. Tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración dos especialistas e dos mestres e mestras integrantes do nivel. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

Polo tanto, as medidas que poderán establecerse son:

- Reforzo de especialista de PT e AI fóra da aula.
- Reforzo individual dentro da aula.
- Adaptación de tempo e ritmos de aprendizaxe e execución de tarefas
- Adaptación de actividades ás características do alumnado.
- Adecuación da programación á contorna do alumnado.

Estas medidas presentan un carácter flexible e reversible que teñen que ir sendo avaliadas ao longo do curso e adaptadas ás novas necesidades que poidan xurdir, así como eliminadas no caso de ser superadas.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	MATEMÁTICAS	GALEGO	CASTELÁ	SOCIAIS	NATURAIS	VALORES
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade.	30%	30%	30%	30%	30%	30%
Realización do traballo en clase: <ul style="list-style-type: none">• Realización adecuada do traballo.• Organización dos materiais.• Presentación do caderno	40%	40%	40%	40%	40%	40%
Valoración das actitudes na aula. <ul style="list-style-type: none">• escoita.• Participación.• Esfuerzo.• Colaboración.	30%	30%	30%	30%	30%	30%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROBAS ESCRITAS: fichas, controles, dictados de palabras, redacciones curtas.

PROBAS ORAIS: exposicions guiadas sobre diferentes temas tratados en clase, presentacions, contacontos, debates, tertulias... preguntas en clase (todas as áreas)

OBSERVACIÓN DIARIA: valoración do traballo diario, presentación do caderno e dos traballos, interés, conducta.

Educación primaria. 2º nivel

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 2º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITORES	NIVEL	GR.
Nieves Mariño Fraga	2º	A
Eva Mª Mouro García	2º	B

MESTRES	ESPECIALIDADE
Raquel Cuervo Cazurra	Lingua Estranxeira
Jesús Lojo Dávila	Educación Física
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Lucía Flora López Pérez	P.T.
Cristina Rey Viaño	P.T.
Mª Socorro Pérez Martínez	A.L.
Carmen Martínez Bestilleiro	Valores
Cristina Rey Riaño	PT
Lucía Flora López Pérez	PT
Nieves Mariño Fraga	Apoio en 2º B
Mª Lourdes Antelo Rodríguez	Apoio a 2ºB
Jesús Lojo Dávila	Apoio a 2ºA

NIVEL	GRUPO	RATIO Nº ALUMNADO
2º	A	24
2º	B	23

CARACTERÍSTICAS

Os nenos e nenas deste curso posúen as seguintes características psicoevolutivas xerais:

Desenvolvemento afectivo-social

Os nenos e nenas deste curso están preparados para ir adquirindo novas responsabilidades. Os seus pais aínda son as persoas máis importantes nas súas vidas, aínda lles demandan cariño e atención, pero empezan a valorar os seus amigos e a desenvolver actitudes e comportamentos de participación,

cooperación, respecto recíproco e tolerancia. Gústalles sentirse parte de grupos organizados e estar con membros do mesmo sexo. Van fixando as súas amizades e entendendo o concepto.

Empezan a darlle importancia aos sentimentos e necesidades doutras persoas.

Adquiren conciencia das súas limitacións e capacidades, a súa autonomía é cada vez maior.

Empezan a entender os conceptos de moralidade e honradez e, ao final da etapa, chegarán a consolidar a súa identidade.

Desenvolvemento cognitivo

Atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas. Son capaces de ordenar mentalmente unha serie de acontecementos cara adiante e cara atrás, no espazo e no tempo.

Van da intelixencia práctica intuitiva á operativa, construindo e asimilando a realidade a partir da propia actividade e experiencia persoal e cotiá.

Adquiren progresivamente o pensamento causal, que lles permite liberarse do egocentrismo e subxectivismo para establecer o límite entre o eu e a realidade.

A medida que van consolidando o seu autoconcepto e autoestima, toman conciencia de si mesmos e dos demais e defenden o seu carácter. Vanse facendo responsables das súas propias accións e constrúen a súa personalidade.

Manifestan gran curiosidade intelectual interesándose polo porqué das cousas.

Son facilmente motivados porque están desexando aprender.

Desenvolvemento da linguaxe

A habilidade para falar e expresarse por si mesmos desenvólvese con rapidez.

A linguaxe convértese nun instrumento para a madurez cognitiva, afectiva e social, o cal lles permite compartir os seus pensamentos e reaccións cos demais, sistematizar a acción e planificala no futuro.

Van utilizando estruturas sintácticas máis complexas grazas á adquisición de novos coñecementos e son capaces de desenvolver progresivamente as habilidades metalingüísticas, é dicir, utilizar a linguaxe para analizar a propia linguaxe.

Posúen a capacidade suficiente para adecuar a linguaxe a distintos contextos e interlocutores.

Progresan no dominio da linguaxe escrita e a lectura, o que lles permite desenvolver novas posibilidades de expresión.

As técnicas de estudo, a atención e a memoria cobran maior importancia, pero serán guiados polo adulto para mantelos enfocados na tarefa e alcanzar os seus mellores resultados.

Teñen acceso a linguaxe musical, matemáticas, plástica e artística.

Desenvolvemento psicomotor

Os nenos e nenas de seis a oito anos adquiren plena conciencia do seu esquema corporal e ton, tanto en movemento coma en repouso.

Son capaces de adaptar a postura e o equilibrio ás circunstancias e condicións de cada actividade.

Perfeccionan a psicomotricidade grosa e fina e as habilidades motrices básicas imprescindibles para a aprendizaxe eficaz da lectoescritura.

Afirman a lateralidade e a organización espazo-temporal.

Desenvolven a capacidade de expresar sentimentos a través da dramatización, a mímica e o baile.

Na seguinte táboa recolleamos algunhas das características do noso alumnado:

CARACTERÍSTICAS	ALUMNOS
NEAE	2
RELIXIÓN	17
ATENCIÓN EDUCATIVA	2
TRANSPORTE	9
COMEDOR	2
ALERTA ESCOLAR	4

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO

Adecuar os obxectivos e contidos do nivel ás necesidades reais dos nenos e nenas.

- Comprobar que os contidos que aparecen nos libros de texto se axusten á concreción curricular das distintas áreas.

- Pedir a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos e nenas na súa aprendizaxe.
- Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Farase unha reunión conxunta coas familias que debido a pandemia poderá valorarse facela de xeito telemático ou presencial .
- Participar no Proxecto de Voz Natura.
- Participar nos diferentes proxectos colectivos que se desenvolvan.
- Participar, de xeito voluntario, no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, Dinamización Lingüística....
- Participar, de xeito voluntario, nas actividades do Plan Lector Anual adaptándoas ao nivel.
- Establecer para cada grupo unha sesión semanal para acudir á Biblioteca do centro sempre que fora posible dentro das restricións impostas debido á pandemia.
- Establecer un tempo diario para a lectura na aula: TEMPO DE LER.
- Crear nas aulas unha Biblioteca, con aportacións dos propios alumnos, da mestra ou da Biblioteca do centro, procurando que conte con libros informativos, narrativos, de poesía... respectando sempre as normas de hixiene e desinfección impostas debido á pandemia.
- Realizar exposicións de libros relacionados cos diferentes centros de interese: o corpo, as estacións, o Samaín, etc.
- Participar, de xeito voluntario, nas actividades que se realicen a nivel de centro.
- Continuar coa progresiva introdución das TICs nas programacións e na actividade diaria das aulas.

Desenvolver valores relacionados:

- ❖ Coa tolerancia e co respecto.
- ❖ Coas normas de cortesía.
- ❖ Coa solidariedade entre compañeiros e compañeiras.
- ❖ Coa capacidade de traballar en grupo.
- ❖ Co respecto á contorna.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debido á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Neste curso porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será quen decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que se queira recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudirase aos especialistas en busca de axuda e asesoramento. Tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración dos especialistas e dos mestres e mestras integrantes do nivel. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

No segundo nivel de educación primaria avaliaremos o proceso de ensino e aprendizaxe tendo en conta os seguintes porcentaxes:

Un 60% estará destinado á valoración do traballo diario de clase:

- traballo nos libros e cadernos
- a expresión e comprensión oral
- a implicación e participación nas actividades propostas
- interese
- esforzo
- a limpeza e a orde
- cumprimento das normas

O 40% restante estará composto por pequenas probas correspondentes ás unidades didácticas traballados ao longo do curso en cada unha das áreas.

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 3º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITORA	Áreas	NIVEL	GRUPO
Josefa Vigo Lancho	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, plástica, educación en valores sociais e cívicos.	3º	A
Daniel Sanmartín Soto	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, plástica, educación en valores sociais e cívicos.	3º	B

MESTRE	ESPECIALIDADE
Raquel Cuervo Cazurra	Lingua inglesa
	Auxiliar de conversa
Jesús Lojo Dávila	Educación Física
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Cristina Rey Viaño Lucía Gesto Parga	P.T.
Mª Socorro Pérez Martínez	A.L.
Josefa Vigo Lancho	Apoio a 3ºB
Daniel Sanmartín Soto	Apoio a 3ºA
Ana Cristina Martínez Penas	Apoio a 3ºA

CONTEXTUALIZACIÓN

É un centro emprazado nun contexto urbano nun edificio de recente creación.

O alumnado de 3º curso está ubicado na parte dereita do segundo andar (A e B), onde tamén se sitúan as aulas de 4º curso, PT, relixión e baños.

O nivel socioeconómico é medio, aínda que hai unha pequena porcentaxe de familias con menores recursos económicos. Existe implicación dos pais e das nais no funcionamento do centro a través da ANPA, que xestiona as

actividades extraescolares (interrompidas pola situación da pandemia). O comedor escolar está xestionado polo concello.

ALUMNADO

O 3º nivel de Educación Primaria está composto por 48 alumnos e alumnas distribuídos en dous grupos. Todo o alumnado estaba no centro o curso pasado, son nenos e nenas activos e imaxinativos que experimentan un desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotriz en xeral normal.

Neste nivel encontrámonos con alumnado moi diferente, procedente de contextos socioculturais dispares, presentando aptitudes moi diversas e levando a cabo unha mellor ou peor disposición cara a aprendizaxe.

NIVEL	GRUPO	RATIO
3º	A	24 (11 nenas e 13 nenos)
3º	B	24 (11 nenas e 13 nenos)

Neste curso 2020/2021 existen unha serie de alumnas/os que presentan diferentes necesidades educativas:

ASPECTOS	Nº DE ALUMNOS/AS	
	GRUPO A	GRUPO B
NEAE	4	4
RELIXIÓN CATÓLICA	9	8
VALORES SOCIAIS E DÍVICOS	15	16
COMEDOR	7	8
RECOLLEN AS FAMILIAS	15	12
TRANSPORTE	2	4

EAE		
DE NOVA INCORPORACIÓN	0	0
ALERTA ESCOLAR	0	1
RETRASO XENERALIZADO DA APRENDIZAXE	0	0
DÉFICIT DE ATENCIÓN	1	1
DIFICULTADES NA LINGUAXE	2	3
MATERIAS PENDENTES	1	0
DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS VEHICULARES	0	0
FLEXIBILIZACIÓN	0	0

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO

- Traballar de forma coordinada na realización das programacións e definir, concretar e adaptar á nosa realidade os contidos, as competencias clave, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe do curso.
- Crear nas aulas un ambiente que favoreza o desenvolvemento das competencias clave.
- Concretar o sistema de apoio a nenos con dificultades educativas, procurando unha atención individualizada e unha eficaz acción tutorial.
- Preparar actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Realizar un seguimento individual dos nenos para valorar o seu progreso académico.
- Elaborar criterios de promoción de curso en base aos criterios de avaliación, aos estándares de aprendizaxe e aos mínimos esixibles.
- Avaliar e revisar, se fose preciso, a programación didáctica.
- Realizar unha xuntanza xeral cos pais e as nais no mes de outubro.
- Propoñer canles que permitan a colaboración e a cooperación entre familias e profesorado no proceso de aprendizaxe dos alumnos para manter unha relación eficaz, tanto nas horas de tutorías como nas ocasións puntuais que se consideren oportunas.
- Contribuír na mellora da convivencia desenvolvendo hábitos de respecto e resolución de conflitos.
- Desenvolver en todo momento unha educación na igualdade a través de actividades que favorezan o traballo en equipo e establezan relacións de igualdade.
- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura.
- Fomentar o emprego intelixente das novas tecnoloxías.
- Implicar aos alumnos no proxecto dirixido polo Equipo de Medio Ambiente, valorando a necesidade de velar polo noso entorno.
- Continuar coa recollida selectiva de lixo nas aulas e no centro.
- Facer un seguimento do absentismo escolar e das faltas de puntualidade e comunicar esta información ás familias.
- Planificar e realizar as sesións de avaliación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

A diversidade é unha realidade facilmente observable e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Nesta etapa da primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor será o que decida o momento e o tipo da actividade que se precisa para cada neno, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno o precisa, acudirase aos especialistas en busca de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración dos especialistas e dos mestres do nivel. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

PORCENTAXE	ASPECTOS A CALIFICAR	OBSERVACIÓNS
50%	PROBAS	Faranse probas(orales e/ou escritas)de adquisición e dominio de contidos ao longo do curso.
30%	TRABALLO DIARIO/ ESFORZO	Valolarase: - A realización de todas as actividades propostas. - O traballo, limpeza, orde e claridade das tarefas. - A correcta contestación aos exercicios/actividades practicas e a súa axeitada corrección. - A participación nas actividades de aula tanto individualmente como en grupo. - A entrega a tempo das actividades extraescolares tendo en conta as directrices marcadas pola/o docente da área.
20%	ACTITUDE E INTERESE	Non podemos esquecer que a actitude positiva cara o traballo favorece a adquisición de coñecementos polo tanto a actitude e interese na aula serán tidos en conta. Terase en conta o interese cada área, a escoita atenta (sen interrupcións) a participación activa e respectuosa.

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 4º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITORA	Áreas	NIVEL	GRUPO
Ana Cristina Martínez Penas	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, educación en valores sociais e cívicos .Valores sociais e cívicos 4ºB	4º	A
Irene Sánchez Alvarez	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, Plástica 4ºA,4ºB,4ºC.	4º	B
Carmen Fernández Cacho	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, educación en valores sociais e cívicos. Ciencias Naturais 4º B.	4º	C

MESTRE	ESPECIALIDADE
Raquel Cuervo Cazurra	Lingua inglesa 4ºC
Mª José Fidelgo Torreira	Lingua Inglesa 4º A, 4ºB
Jesús Lojo Dávila	Xadrez
Jesús Lojo Dávila	Educación Física
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Lucía Flora López Pérez Cristina Rey Viaño	P.T.
Mª Socorro Pérez Martínez	A.L.
Carmen Fernández Cacho	Apoio en 4ºC
Mª José Fidelgo Torreira	Apoio en 4ºC
Raquel Cuervo Cazurra	Apoio en 4ºC

CONTEXTUALIZACIÓN

É un centro emprazado nun contexto urbano nun edificio de recente creación.

O alumnado de 4ºA e 4ºB están ubicados na parte dereita do segundo andar, Na mesma ala está 3º curso (A e B), os baños dos profesores e provisionalmente este curso un aula de 6º. O grupo de 4ºC está ubicado na parte esquerda do segundo andar. O nivel socioeconómico é medio, aínda que

hai un pequeno porcentaxe de familias procedentes doutros países (Marrocos, Brasil, Venezuela, Cuba, etc).

Existe implicación dos pais/nais no funcionamento do centro a través da ANPA que xestiona as actividades extraescolares. O comedor escolar está xestionado polo concello.

ALUMNADO

O 4º nivel de educación primaria está composto por un grupo de 53 alumnos/as, distribuído entre 28 nenas e 25 nenos. A maioría deles son de continuidade no centro. Son alumnos activos e imaxinativos que experimentan un desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotriz normal.

Neste nivel encontrámonos con alumnos moi diferentes, procedentes de contextos socioculturais dispares, presentando aptitudes moi diversas e levando a cabo unha mellor ou peor disposición cara a aprendizaxe.

NIVEL	GRUPO	RATIO Nº DE ALUMN@S
4º	A	18
4º	B	18
4º	C	17

CARACTERISTICAS	Nº DE ALUMNOS			
	A	B	C	TOTAL NIVEL
RELIXIÓN	4	11	4	19
VALORES CÍVICOS E SOCIAIS	14	7	13	34
TRANSPORTE	6	1	3	10
COMEDOR	10	9	8	27
RECOLLEN OS PAIS	3	8	6	17

Neste curso 2021/2022 existen unha serie de alumnos/as que presentan diferentes necesidades educativas:

CARACTERISTICAS	Nº DE ALUMNOS			
	A	B	C	TOTAL NIVEL
ANEAE	2	1	2	5
ALERTA ESCOLAR	-	1	1	2
REPETIDORES	0	1	0	1
RETRASO ESCOLAR	-	-	-	-
DEFICIT DE ATENCION	-	1	-	1
DISLEXIAS	1	-	-	1
ASIGNATURAS PENDIENTES	0	2	0	2
DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS	1	1	-	2

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO

- Traballar de forma coordinada na realización das programacións e definir, concretar e adaptar á nosa realidade os contidos, as competencias clave, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe do curso.
- Elaborar plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021.
- Crear nas aulas un ambiente que favoreza o desenvolvemento das competencias clave.
- Concretar o sistema de apoio a nenos con dificultades educativas, procurando unha atención individualizada e unha eficaz acción tutorial.
- Preparar actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Realizar un seguimento individual dos nenos para valorar o seu progreso académico.
- Elaborar criterios de promoción de curso en base aos criterios de avaliación, aos estándares de aprendizaxe e aos mínimos esixibles.
- Avaliar e revisar, se fose preciso, a programación didáctica.
- Realizar unha xuntanza xeral cos pais/nais no mes de outubro.

- Propoñer canles que permitan a colaboración e a cooperación entre familias e profesorado no proceso de aprendizaxe dos alumnos para manter unha relación eficaz tanto nas horas de titorías como nas ocasións puntuais que se consideren oportunas.
- Contribuír na mellora da convivencia escolar desenvolvendo hábitos de respecto e resolución de conflitos.
- Desenvolver en todo momento unha educación na igualdade a través de actividades que favorezan o traballo en equipo e establezan relacións de igualdade.
- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura programando actividades que favorezan a lectura na aula e o uso da biblioteca.
- Fomentar o emprego intelixente das novas tecnoloxías.
- Implicar aos alumnos no proxecto dirixido polo Equipo de Medio Ambiente, valorando a necesidade de velar polo noso entorno.
- Continuar coa recollida selectiva de lixo nas aulas e no centro.
- Facer un seguimento do absentismo escolar e das faltas de puntualidade e comunicar esta información ás familias.
- Planificar e realizar as sesións de avaliación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Durante a primeira semana do curso escolar realizarase a avaliación inicial que comprenderá as seguintes accións:

1. Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
2. Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior. Este plan de reforzo estenderase, aló menos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

A adecuada atención da diversidade é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha

ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor será o que decida o momento e o tipo da actividade que se precisa para cada neno, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno o precisa, acudirase aos especialistas en busca de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración dos especialistas e dos mestres do nivel. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

PORCENTAXE	ASPECTOS A CALIFICAR	OBSERVACIÓNS
50%	PROBAS	Faranse probas(orales e/ou escritas)de adquisición e dominio de contidos ao longo do curso.
30%	TRABALLO DIARIO/ ESFORZO	Valolarase: - A realización de todas as actividades propostas. - O traballo, limpeza, orde e claridade das tarefas. - A correcta contestación aos exercicios/actividades practicas e a súa axeitada corrección. - A participación nas actividades de aula tanto individualmente como en grupo. - A entrega a tempo das actividades extraescolares tendo en conta as directrices marcadas pola/o docente da área.
20%	ACTITUDE E INTERESE	Non podemos esquecer que a actitude positiva cara o traballo favorece a adquisición de coñecementos polo tanto a actitude e interese na aula serán tidos en conta a hora de avaliar. Terase en conta o interese cara a área, a escoita atenta (sen interrupcións) a participación activa e respectuosa.

Educación primaria. 5º nivel

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 5º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITOR/A ou COTITOR/A	NIVEL	GRUPO	ÁREAS
M. ^a Teresa Castro Parga	5º	A	Mat., L.C., L.G., C.C.N.N., C.C.S.S., Valores.
José Luis Feijoo Blanco	5º	B	Mat., L.C., C.C.N.N., C.C.S.S.,
Fernando Fafián Lemos	5º	B	L.G., Valores.

MESTRE	ESPECIALIDADE
José Luis Feijoo Blanco	Educación Física
M. ^a José Fidelgo Torreira	Inglés
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Irene Sánchez Alvarez	Educación Plástica (sección)
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Cristina Rey Viaño Lucía Gesto Parga	P.T.
M. ^a Socorro Pérez Martínez	A.L.
M. ^a Teresa Castro Parga	Apoio a 5ºB
M. ^a Lourdes Antelo Rodríguez	Apoio a 5ºA
Fernando Fafián Lemos	Apoio a 5ºA

CONTEXTO

Centro de Educación Infantil e Primaria emprazado nun contexto urbano que conta cunha importante porcentaxe de familias procedentes doutros países.

As aulas están situadas no último andar do edificio que conta cuns aseos de fácil acceso para o alumnado.

Sendo este un Centro E-dixgal, as aulas están dotadas do material que este proxecto aporta para o desenvolvemento da actividade escolar.

O alumnado deste nivel participa tamén do proxecto Sección bilingüe, coa impartición da Plástica en lingua inglesa, para o que, ademais dun profesor de inglés do centro contan cada ano coa colaboración dunha persoa nativa.

Sinalar o escaso uso da Lingua Galega. Este aspecto foi sinalado en diferentes ocasións e está a ser un dos temas a tratar de xeito prioritario para paliar as consecuencias que isto comporta na formación do noso alumnado.

NIVEL	GRUPO	RATIO Nº DE ALUMNOS/AS
5º	A	25
5º	B	25

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Características psicoevolutivas xerais

Alcanzan o estadio de operacións formais, o que supón para eles a posibilidade de manexar conceptos sen necesidade de relacionalos directa e concretamente coa experiencia sensible. Son capaces, polo tanto de xeneralizar as aprendizaxes adquiridas e relacionalas con situacións alleas á súa realidade. Traballan rigorosamente coa linguaxe dos símbolos sen necesidade de referencias empíricas. Realizan deducións lóxicas. Elaboran coñecementos sistemáticos, podendo levar a cabo experimentacións curtas e de execución non excesivamente complexa. Manexan conceptos mensurables de espazo e tempo.

Dominan perfectamente a linguaxe verbal, o que lles permite, á súa vez, organizar axeitadamente o pensamento mediante as súas funcións de comunicación, representación e regulación de condutas. Son capaces de reflexionar sobre a súa propia actividade en todas as ordes e tamén nos novos contidos que van adquirindo. Así, poden afondar en coñecementos teóricos (sobre lingua, matemáticas, ciencias, etc.) antes inalcanzables. Desenvólvense fisicamente de forma importante, polo que continúa sendo decisivo para eles o exercicio físico, o deporte, os xogos... Continúan independizándose dos adultos, resultando fundamental para iso a súa inclusión en grupos de iguais. Colaboran co profesorado nos seus traballos de aula sen maiores dificultades.

Son sensibles aos estímulos dos demais, polo que é un momento educativo de grande interese para espertar as actitudes positivas en función da súa formación futura e integración social apropiada. Desenrolan estreitos lazos de amizade entre compañeiros. Evolucionan gradualmente cara a posicións superiores de autonomía ético-moral, con criterios propios para xulgar as súas

actuacións persoais. Crean, paulatinamente, o seu autoconcepto, mediante a valoración da súa imaxe ante si mesmos e ante os iguais; para iso ten grande importancia o concepto que os adultos (o profesorado, neste caso, é decisivo) teñen deles e póñeno de manifesto.

TÁBOA DESCRIPTIVA DO ALUMNADO DESTE NIVEL

ASPECTOS	Nº DE ALUMNOS/AS	
	GRUPO A	GRUPO B
NEAE	5	5
RELIXIÓN CATÓLICA	7	12
VALORES SOCIAIS E DÍVICOS	18	13
COMEDOR	10 (tres destes alumnos/as en días soltos)	6 (un deles semanas alternas)
RECOLLEN AS FAMILIAS	9	18
TRANSPORTE	9	2 (un deles semanas alternas)

AS NEAE DETECTADAS SON:

<p>En 5º A</p> <ul style="list-style-type: none"> - 3 alumnos con DEA - 1 Alumno con TDAH e DEA - 1 AACCC (pendente valoración do EDE) - 3 alumnos con materias pendentes 	<p>En 5º B</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 deficiencia visual con ACS - 2 AACCC (pendente valoración do EDE) - 1 TEA con ACS - 1 alumno con dificultades de aprendizaxe por inmadurez - 2 alumnos con materias pendentes. - 1 Alerta Escolar
---	---

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DOCENTE

A situación de pandemia que vivimos neste curso académico sitúa o desenvolvemento do traballo en continuo cambio e modificación. Debemos minimizar ao máximo a interacción entre o alumnado. Debemos facer prevalecer a saúde por enriba de todo o demais. Así e todo, seguimos o protocolo indicado pola consellería e as adaptacións realizadas polo equipo COVID.

Adequar os obxectivos e os contidos do ciclo ás necesidades reais dos nenos e nenas.

Comprobar (seleccionar, ampliar...) que os contidos se axusten á concreción curricular das distintas áreas.

Solicitar a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos na súa aprendizaxe.

Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.

Buscar novos recursos e materiais para traballar os diferentes contidos do nivel e rentabilizar ao máximo os xa existentes.

Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.

Realizar, ademais das reunións que están contempladas no calendario do centro, todas aquelas que sexan precisas segundo as necesidades que vaian xurdindo coa fin de comentar e tentar solucionar todo o que afecte á actividade escolar.

Realizar unha reunión cos pais/nais/titores legais no mes de setembro/outubro e todas as que se consideren oportunas ao longo do curso. Nesta primeira ocasión farase fincapé na importancia de seguir as indicacións sanitarias.

Revisar os distintos documentos e todas as actividades relacionadas coa avaliación, a relación coas familias... Ademais, analizarase e procurarase continuar a partir das variacións realizadas nas adaptacións curriculares de cuarto curso de primaria, realizadas como consecuencia da pandemia.

Colaborar nas actividades de coñecemento (base do aprecio, respecto e coidado) da natureza da contorna participando no Proxecto de Voz Natura e nas actividades do Concello.

Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, Dinamización e Normalización Lingüística, Actividades Complementarias e Extraescolares.... sempre en cando a pandemia o permita.

Implementar as actividades propostas no Plan Lector Anual adaptadas ao nivel e, neste contexto decidir un título en lingua galega por nivel para a súa adquisición polo alumnado e realizar a súa lectura colectiva, organizar algún encontro con persoas que participen no proceso de creación dun libro (escribir,

ilustrar), establecer un tempo diario para a lectura na aula. Fixar unha hora semanal para que cada grupo para acuda á Biblioteca do centro e nela realizar actividades relacionadas coa formación de usuarios, coa comprensión e expresión verbal escrita así como co fomento do gusto pola lectura (en papel ou soporte audiovisual e informático) como fonte fundamental de formación e lecer, crear nas aulas unha Biblioteca (con aportacións dos propios alumnos, da mestra ou da Biblioteca do centro) procurando que conte con libros informativos, narrativos, de poesía, de banda deseñada, revistas...

Realizar nas aulas e no espazo común do corredor exposicións de libros relacionados cos diferentes centros de interese presentes no currículo do nivel.

Participar nas actividades que se realicen a nivel de centro tanto as relacionadas con conmemoracións, tradicións, celebracións...

Participar no deseño e desenvolvemento das actividades do Proxecto de Centro.

Continuar coa progresiva introdución das TIC na actividade diaria das aulas: en tarefas expositivas, na procura e selección de información, na execución das boas prácticas na utilización de materiais alleos e na realización de traballos propios, ben dirixidos, ben de libre iniciativa.

Desenvolver valores relacionados con: a tolerancia e o respecto, as normas de cortesía, a solidariedade entre compañeiros, a capacidade de traballar en grupo, o respecto á contorna e o coidado medioambiental da casa común, a Terra.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas.

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en

práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será o que decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudírase ao departamento de Orientación na procura de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración do profesorado de apoio na atención a alumnado con necesidades educativas especiais. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

A situación de pandemia pode dificultar realizar todas as actividades que se realizaban antes desta situación, como os agrupamentos de alumnado entre iguais, titorías entre iguais.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a

adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno de Quinto Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Os criterios de cualificación son:

PRESENCIAL (SEMIPRESENCIAL)	NO PRESENCIAL
Probas (escritas, orais, tipo test...): 70% Traballo na aula: 20% Comportamento: 10%	Probas (escritas, orais, tipo test...): 30% Traballo (casa, eva, webex): 40% Comportamento: 30%

Esta proposta pode servir como referente:

Referente	Criterios
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Grao de adquisición de aprendizaxes . • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo na clase e na casa.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contido. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible.
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esforzo. • Interese.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e cos compañeiras. • Interese, motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.
6. Arquivo ou caderno de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo

Promoción:

Considérase que un alumno ou alumna promociona ao curso seguinte cando na avaliación sumativa final acada un resultado mínimo de suficiente. A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Excepcionalmente, por criterios pedagóxicos e por decisión tomada en reunión de avaliación, poderá promocionar sen acadar suficiente.

A continuación se presentan as **concrecións do currículo do 6º nivel de educación primaria** para o presente curso:

TITOR/A ou COTITOR/A	NIVEL	GRUPO	ÁREAS
Carmen Martínez Bestilleiro	6º	A	Mat., L.C., L.G., C.C.N.N., C.C.S.S., Valores.
Mª Lourdes Antelo Rodríguez	6º	B	Mat., L.C., L.G., Valores
Rosa Mª Vicente Álvarez	6º	B	C.C.N.N., C.C.S.S.

PROFESORADO	ESPECIALIDADE
Fernando Fafián Lema	Música
Irene Sánchez Álvarez	Plástica (Sección Bilingüe)
Mª José Jorge García	Inglés
Mª Teresa Garabal	Relixión católica
J. Luis Feijoo Blanco	Educación Física
Lucía Flora López Pérez	P.T.
Cristina Rey Viaño	P.T.
Mª Socorro Pérez Martínez	A.L.
Lucía Gesto Parga	Orientadora
Mª Lourdes Antelo Rodríguez	Apoio a AºA

CONTEXTO

Centro de Educación Infantil e Primaria emprazado nun contexto urbano que conta cunha importante porcentaxe de familias procedentes doutros países.

As aulas están situadas no último andar do edificio que conta cuns aseos de fácil acceso para o alumnado.

Sendo este un Centro E-Dixgal, as aulas están dotadas do material que este proxecto aporta para o desenvolvemento da actividade escolar.

O alumnado deste nivel participa tamén do proxecto Sección bilingüe, coa impartición da Plástica en lingua inglesa, para o que, ademais dun profesor de inglés do centro contan cada ano coa colaboración dunha persoa nativa.

Sinalar o escaso uso da Lingua Galega. Este aspecto foi sinalado en diferentes ocasións e está a ser un dos temas a tratar de xeito prioritario para paliar as consecuencias que isto comporta na formación do noso alumnado.

NIVEL	GRUPO	RATIO Nº DE ALUMNOS/AS
6º	A	24
6º	B	22

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Características psicoevolutivas xerais

Alcanzan o estadio de operacións formais, o que supón para eles a posibilidade de manexar conceptos sen necesidade de relacionalos directa e concretamente coa experiencia sensible. Son capaces, polo tanto de xeneralizar as aprendizaxes adquiridas e relacionalas con situacións alleas á súa realidade. Traballan rigorosamente coa linguaxe dos símbolos sen necesidade de referencias empíricas. Realizan deducións lóxicas. Elaboran coñecementos sistemáticos, podendo levar a cabo experimentacións curtas e de execución non excesivamente complexa. Manexan conceptos mensurables de espazo e tempo.

Dominan perfectamente a linguaxe verbal, o que lles permite, á súa vez, organizar axeitadamente o pensamento mediante as súas funcións de comunicación, representación e regulación de condutas. Son capaces de reflexionar sobre a súa propia actividade en todas as ordes e tamén nos novos contidos que van adquirindo. Así, poden afondar en coñecementos teóricos (sobre lingua, matemáticas, ciencias, etc.) antes inalcanzables. Desenvólvense fisicamente de forma importante, polo que continúa sendo decisivo para eles o exercicio físico, o deporte, os xogos... Continúan independizándose dos adultos, resultando fundamental para iso a súa inclusión en grupos de iguais. Colaboran co profesorado nos seus traballos de aula sen maiores dificultades.

Son sensibles aos estímulos dos demais, polo que é un momento educativo de grande interese para espertar as actitudes positivas en función da súa formación futura e integración social apropiada. Desenrolan estreitos lazos de amizade entre compañeiros. Evolucionan gradualmente cara a posicións superiores de autonomía ético-moral, con criterios propios para xulgar as súas actuacións persoais. Crean, paulatinamente, o seu autoconcepto, mediante a valoración da súa imaxe ante si mesmos e ante os iguais; para iso ten grande importancia o concepto que os adultos (o profesorado, neste caso, é decisivo) teñen deles e póñeno de manifesto.

TÁBOA DESCRIPTIVA DO ALUMNADO DESTE NIVEL

ASPECTOS	Nº DE ALUMNOS/AS	
	GRUPO A	GRUPO B
NEAE	3	3
RELIXIÓN CATÓLICA	11	6
VALORES SOCIAIS E DÍVICOS	13	16
COMEDOR	5	4
TRANSPORTE	5	6

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO

- Adecuar os obxectivos e os contidos do ciclo ás necesidades reais dos nenos e nenas.
- Comprobar (seleccionar, ampliar...) que os contidos se axusten á concreción curricular das distintas áreas.
- Solicitar a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos na súa aprendizaxe.
- Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Buscar novos recursos e materiais para traballar os diferentes contidos do nivel e rentabilizar ao máximo os xa existentes.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar, ademais das reunións que están contempladas no calendario do centro, todas aquelas que sexan precisas segundo as necesidades que vaian xurdindo coa fin de comentar e tentar solucionar todo o que afecte á actividade escolar.
- Realizar unha reunión cos pais/nais/titores legais no mes de outubro e todas as que se consideren oportunas ao longo do curso.
- Revisar os distintos documentos e todas as actividades relacionadas coa avaliación, a relación coas familias.
- Colaborar nas actividades de coñecemento (base do aprecio, respecto e coidado) da natureza da contorna participando no Proxecto de Voz Natura e nas actividades do Concello.

- Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, Dinamización e Normalización Lingüística, Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Implementar as actividades propostas no Plan Lector Anual adaptadas ao nivel e, neste contexto decidir lecturas adaptadas ao nivel para a súa adquisición polo alumnado e realizar lecturas colectivas, escribir, ilustrar...establecer un tempo diario para a lectura na aula. Realizar actividades relacionadas coa formación, comprensión e expresión verbal e escrita así como co fomento do gusto pola lectura (en papel ou soporte audiovisual e informático) como fonte fundamental de formación e lecer.
- Participar activamente nas actividades que se realicen a nivel de centro tanto as relacionadas con conmemoracións, tradicións, celebracións...
- Participar activamente no deseño e desenvolvemento das actividades do Proxecto de Centro
- Continuar coa progresiva introdución das TIC na actividade diaria das aulas: en tarefas expositivas, na procura e selección de información, na execución das boas prácticas na utilización de materiais alleos e na realización de traballos propios, ben dirixidos, ben de libre iniciativa.
- Desenvolver valores relacionados con: a tolerancia e o respecto, as normas de cortesía, a solidariedade entre compañeiros, a capacidade de traballar en grupo, o respecto á contorna e o coidado medioambiental da casa común, a Terra.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas.

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será o que decida o momento e o tipo

de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudírase ao Departamento de Orientación na procura de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración do profesorado de apoio na atención a alumnado con necesidades educativas especiais. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula, así coma na propia plataforma E-Dixgal.

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES para este curso están recollidas na programación didáctica de nivel e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas.

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será o que decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudírase ao departamento de Orientación na procura de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración do profesorado de apoio na atención a alumnado con necesidades educativas especiais. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

A situación de pandemia pode dificultar realizar todas as actividades que se realizaban antes desta situación, como os agrupamentos de alumnado entre iguais, titorías entre iguais.

AVALIACIÓN CON CRITERIOS DE OBXECTIVIDADE

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis. .

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno de sexto Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Os criterios de cualificación serán:

PRESENCIAL (SEMIPRESENCIAL)	NO PRESENCIAL
Probas (escritas, orais, tipo test...): 70%	Probas (escritas, orais, tipo test...): 30%
Traballo na aula: 20%	Traballo (casa, eva, webex): 40%
Comportamento: 10%	Comportamento: 30%

Esta proposta pode servir como referente:

	Cráterios
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Grao de adquisición de aprendizaxes . • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo na clase e na casa.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contido. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible.
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación.
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esforzo. • Interese.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e cos compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo

Promoción:

Considérase que un alumno ou alumna promociona ao curso seguinte cando na avaliación sumativa final acadara un resultado mínimo de suficiente. A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Excepcionalmente, por criterios pedagóxicos e por decisión tomada en reunión de avaliación, poderá promocionar sen acadar suficiente.

Este centro ten a programación de Xadrez en 4º de Educación primaria e Robótica e TIC en 6º de Educación Primaria.

XADREZ

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na Educación Primaria. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formula r instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que cada alumno/a afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

O bloque «Fundamentos de xadrez» desenvolve contidos elementais e prácticos para empezar a xogar ao xadrez. O bloque «O xogo en acción» dedícase a afondar na adquisición de coñecementos técnicos e tácticos para ir mellorando no xogo. O bloque «Transversalidade no xadrez» pretende desenvolver técnicas de traballo cooperativo, a mellora no manexo das TIC e a análise de diferentes situacións desde a interdisciplinaridade.

Esta materia facilita a posibilidade de traballar en equipo en todos os bloques do currículo, para formular e resolver problemas tanto do xadrez como doutro tipo.

A materia de Xadrez desenvolve as competencias clave como se detalla a seguir. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas

de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Cómpre sinalar que o xadrez e a competencia matemática van moi unidos pola súa propia natureza. A competencia dixital vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez. Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza no xadrez, pois este reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado. As competencias sociais e cívicas alcanzaranse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc., que supón en por si o xadrez. A conciencia e expresións culturais vaise traballar a través da análise da evolución histórica do propio xogo e das diferentes tendencias artísticas nos deseños das pezas do xadrez ao longo da historia e nas diferentes culturas.

ROBÓTICA

A introdución da robótica en E. Primaria faise tendo en conta dous aspectos:

- Como fin en si mesma: con contidos relacionados coa tecnoloxía robótica e a programación.
- Como recurso: sen dúbida é un elemento motivador que contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave.

Metodoloxía

Utilizarase un método de traballo baseado na resolución de retos coas seguintes fases: Comunicación do reto por parte do profesorado.

Traballo en equipo, nesta fase o alumnado ademais do equipamento tecnolóxico tamén deberá utilizar un caderno de traballo para anotar o proceso, rexistrar incidencia , propostas de mellora etc.

Exposición, o equipo comunicará ao resto do alumnado o proceso seguido para a resolución do desafío.

A temporalización dos retos será variable, desde os máis sinxelos que abarcan unha sesión a outros de maior complexidade que necesitarán varias sesións de traballo.

Medidas de atención á diversidade, reforzo, recuperación e apoio

Con respecto ás medidas de atención á diversidade, realizaremos un seguimento continuado do alumnado para detectar posibles necesidades educativas. En primeiro lugar, nos días previos ao inicio de curso, desde o Departamento de Orientación pedirase informe da situación do grupo-clase e dos casos detectados en anos anteriores, de maneira que se leve a cabo un seguimento inicial e facilite información sobre a evolución destes casos durante as primeiras semanas de asistencia do alumnado ao centro educativo. Posteriormente, e en base a unha avaliación diagnóstica e posible informe psicopedagóxico, determínase a necesidade educativa, levando a cabo as medidas oportunas en cada caso, procurando dar resposta á diversidade do alumnado.

Actividades

1. A hora do código.
2. Scratch.
3. O robot.

Implicación nos programas educativos do centro

6.1 Accións previstas de acordo co proxecto do centro.

Participarase de forma activa nas actividades propostas en relación ao proxecto de centro desenvolvendo:

- a) Gravacións radiofónicas relacionadas co tema
- b) Realización de vídeos sobre o proxecto deste ano
- c) Elaboración de programacións con Scratch de actividades relacionadas coa temática

6.2 Accións de contribución ao plan de convivencia

Coma docentes, ademais de atender á faceta instrucional dos contidos curriculares, tamén debemos centrar o noso traballo en instaurar hábitos educativos correctos, dentro do proxecto de educación integral do alumno.

Faise necesario procurar un equilibrio entre comportamentos e habilidades, tanto para a aprendizaxe como para a convivencia escolar e social en xeral.

De acordo co plan de convivencia do centro as normas que regularán a convivencia na aula e o centro serán:

- Resolvo os problemas dialogando
- Coido o material e as instalacións
- Atendo as explicacións e pregunto cando teño dúbidas
- Traballo en silencio para non molestar aos demais
- Axudo aos demais colaborando e compartindo
- Respecto aos meus compañeiros/a
- Diríxome aos demais con educación

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

B.1.1. Resolver os retos de programación propostos.

B.2.1. Analizar os tipos de robots, identificando os problemas que resollen.

B.2.2. Describir a estrutura e funcionamento dos robots.

B.2.3. Identificar os compoñentes electrónicos e eléctricos básicos.

B.3.1. Realizar a montaxe de sistemas robóticos seguindo modelos preestablecidos. B.3.2. Verificar o funcionamento dos programas e das montaxes.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

- Inicial

Para determinar os coñecementos iniciais do alumnado realizaremos un debate no que exporán o uso que fan da tecnoloxía e o que desexan aprender con esta área. Os primeiros desafíos da “Hora do código” serán indicadores do nivel de destreza do alumnado e o seu grao de motivación.

É de esperar que a valoración inicial do alumnado non signifique cambios importantes no desenvolvemento desta programación, por unha banda o traballo en equipo implica colaboración , e por outro lado os retos non teñen un tempo de resolución e poden adaptarse as diferentes características do alumnado

- Formativa

O deseño da avaliación permite que non sexa unicamente un elemento para a obtención de datos sobre o progreso do alumnado, senón tamén debe ser un recurso educativo que permita á alumna e ao alumno participar na valoración do seu traballo, por este motivo utilizamos os tipos de avaliación que se citan no punto 9.5.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Resolución de desafíos	Escala de verificación	30 %
	Traballo de clase	30 %
Interese e esforzo	Observación directa	20 %
Respeto polas normas	Observación directa	20 %

TIPOS DE AVALIACIÓN

Heteroavaliación	Autoavaliación	Coavaliación
Polo profesorado mediante a valoración do traballo na aula, a resolución do desafío e a exposición ao resto do alumnado.	Mediante a análise da resolución do desafío. As características dos retos que se propoñen ao alumnado permitirán que sexa él o que analice os resultados, valorando se o produto final corresponde co que se solicita.	do alumnado mediante a valoración da exposición do procedemento de resolución do desafío que leva a cabo .

Sección bilingüe. Plástica en inglés

Os cursos académicos nos que se imparte a sección bilingüe son os niveis de 4º a 6º de educación primaria.

A área e materia na que se desenvolve é educación artística e educación plástica.

INTRODUCCIÓN

Coa sección bilingüe preténdese conseguir que o alumnado acade unha maior interacción en lingua inglesa ao mesmo tempo que adquire os obxectivos e contidos da área de educación artística na materia de plástica. O proxecto púxose en marcha no curso 2013/14 en 4º de primaria despois ampliouse ás

ensinanzas de 5º e logo a 6º. Será a mestra de 4º , mestra de primaria con perfil de en inglés a que desenvolverá a actividade. Cóntase, ademais, coa valiosa axuda ds auxiliar de conversa, Izabela Anna Niechwiadowicz, quen participará activamente nas clases, tal e como se vén realizando desde que se implantou esta Sección, interactuando de maneira activa e positiva co alumnado e amosando diversos aspectos da cultura anglosaxona e polaca.

CURSO	ALUMNADO
4º A	18
4º B	17
4º C	17
5ºA	25
5ºB	25
6ºA	25
6ºB	22
TOTAL	149

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
 CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación artística está directamente relacionada en todos os aspectos coa adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e nas técnicas para axudar ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar una idea de forma persoal, valéndose dos recursos que a linguaxe artística proporciona, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera

flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un ante un mesmo suposto.

Competencias sociais e cívicas

A Educación Plástica favorécese a participación en experiencias colectivas (collage, exposicións, etc.) como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais como grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo, e a aceptación de normas de esta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e a utilización de espazos de maneira apropiada, son regras e normas de un desenvolvemento social e cívico adecuado.

Aprender a aprender

Á competencia para Aprender a aprender contribúe na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten aos nenos/as dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes.

Competencia en comunicación lingüística

A través dos intercambios comunicativos que se producen nas diversas actividades e proxectos, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a materia aporta, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coas artes plásticas e para achegar ao alumnado á creación de producións artísticas.

Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Dende esta materia abórdanse conceptos e representacións xeométricas presentes nos obxectos cotiás e no espazo natural. Os traballos que dende ela se estimulan favorecen a percepción, conceptualización do espazo e do tempo. A expresión plástica facilita a apreciación do entorno a través do traballo

perceptivo con: formas, cores, liñas, texturas, luz ou movementos presentes nas sensación naturais e nas obras e realización humanas.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A Aprendizaxe Integrada de Coñecementos Curriculares en Lingua Estranxeira (AICLE / CLIL) fai referencia a situación na que as materias ou parte das materias se ensinan a través dunha lingua estranxeira cun dobre obxectivo, a aprendizaxe de contidos propios da materia e a aprendizaxe simultáneo dunha lingua estranxeira (Marsh, 1994) Tratarase de levar a cabo unha metodoloxía comunicativa, participativa e baseada na práctica, atendendo aos distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, empregando a alternancia entre a lingua estranxeira e unha das linguas maternas (que servirán de apoio para mellorar a comprensión) segundo se necesite, usando diversas estratexias tanto lingüísticas como paralingüísticas, como son: repetir, parafrasear, simplificar, exemplificar, xesticular, usar imaxes, etc.

Este tipo de proxectos educativos require métodos activos, que promovan o traballo cooperativo entre os alumnos e fomenten unha aprendizaxe enfocada a procesos e tarefas. Daráselle aos alumnos e alumnas a oportunidade de traballar dende a propia experimentación e a práctica.

Non hai unha metodoloxía nova, senón unha combinación de prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe de linguas como na das áreas non lingüísticas, neste caso na área de plástica.

Por outro lado a área de educación artística ten o propósito de favorecer a percepción e a expresión estética do alumnado e de posibilitar a apropiación de contidos imprescindibles para a súa formación xeral e cultural.

O ensino desta área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os/as alumnos/as adquiriron en contacto co entorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A UTILIZAR

Cada alumno dispón dun caderno de debuxo, así como outro material básico para realizar as tarefas: tesoiras, ceras , rotuladores, etc. Ademais diso, empregaremos materiais como: fichas, murais, lousa dixital, canón, recursos web da páxina do Centro e recursos online, libros relacionados coa materia e outros materiais funxibles que sexan precisos.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

Coñecementos	Esfuerzo habitual	Hábitos de traballo	Progreso, mellora	Contribución á convivencia
5 - 6 puntos (50% - 60%)	1 punto (10%)	1 punto (10%)	1 punto (10%)	1 punto (10%)

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DA ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE

Axudarannos a avaliar o proceso de aprendizaxe e a práctica docente, un cuestionario sobre a planificación, adecuación dos materiais, deseño de actividades, medidas de atención á diversidade, uso das TIC, inclusión de temas transversais e grao de motivación do alumnado.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTOS, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, NO SEU CASO

A partir de la selección de los estándares básicos, proporanse actividades que ten que desenvolver o alumnado para alcanzalos, debemos considerar a situación de cada un para evitar que as actividades de recuperación sexan unha carga excesiva que leve ao fracaso escolar.

Procurar unha participación activa e positiva nas actividades orais e artísticas de clase.

Se o alumno/a aproba unha avaliación do presente curso e ten suspena esta materia no curso anterior, quedaralle superada automaticamente.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR A CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao principio de cada unidade faremos unha posta en común para observar a situación de partida de cada alumno/a e valorar os coñecementos previos, dese xeito podemos planificar de maneira máis axeitada e alcanzar o nivel esperado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Fexibilidade e variedade, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poidan aplicar os seus coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

Apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos.

Actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Con alumnos/as con dificultades graves de aprendizaxe priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDE

A comprensión a expresión, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse ao longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio natural, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

Realizaranse aquelas que programe o equipo de nivel e outras específicas relacionadas coa lingua inglesa ou coa arte, tales como contacontos ou outras

actividades, se son atractivas e interesantes e seguras, verase a posibilidade de realizalas como en cursos anteriores.

MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PD E RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

ASPECTOS A AVALIAR	Mellorable	Acceptable	Bo	Observacións
Temporalización das unidades didácticas				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos da unidade				
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				

Dereito do alumnado á obxectividade na avaliación

A Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato ten por obxecto establecer as garantías para unha avaliación do alumnado conforme a criterios obxectivos e o procedemento de reclamación das cualificacións, e das decisións de promoción e titulación.

Revisión no centro (art. 4):

O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. **En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.**

No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida, poderán solicitar por escrito á xefatura de estudos a revisión da devandita cualificación ou decisión, **no prazo de dous días lectivos**, ou de ser o caso hábiles, **contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.**

Este plan ten un carácter aberto e é susceptible de modificación razoada.

A avaliación da programación realízase de maneira sistemática e participativa a través dos diferentes equipos, para introducir as medidas necesarias e a corrección dos desaxustes que se produzan. Avaliaranse os recursos empregados, a participación por parte de todos e os resultados acadados.

A comunidade escolar pode aportar o seu sentir a través do Consello Escolar. Estudaranse as propostas e, se cumpre, realizaranse as medidas de revisión oportunas.

Na memoria final de curso recolle os logros e as dificultades, así como as propostas que serven para a organización do seguinte curso académico e a súa inclusión e aprobación na seguinte Programación Xeral Anual.

Realizaranse as avaliacións seguindo o establecido nas respectivas ordes que as desenvolvan e tendo en conta as normas en vigor.

A composición da Comisión que velará pola coordinación e realización das probas será a que determine a orde de convocatoria. Ademais, o profesorado responsable de corrección e carga dos resultados na aplicación informática será o que se indique na mesma.

O CEIP Ramón Cabanillas márcase diferentes obxectivos, un dos cales ten que ver coa relación que ten que manter coa Comunidade Educativa no seu conxunto, neste sentido, desenvolve reunións colectivas a través de diferentes axentes para dar a coñecer os temas que poden ser de interese para os membros de dita comunidade:

- Normas de organización e funcionamento de aula
- Obxectivos que se pretende acadar no nivel
- Obxectivos mínimos para promoción de nivel.
- Probas de avaliación externas.
- Criterios de corrección/cualificación en cada nivel.(%)
- Horarios de centro e titorías.
- Normas xerais de centro.
- Uso de libros de texto.

- Deberes
- En 1º e 2º de EP. Lectura diaria e rematar as tarefas que debían ter feitas na clase e non fixeron. Búsqueda de información e traballos de reforzo, en casos concretos e pactados coas familias.
- En 3º e 4º de EP. Repasar o explicado nas diferentes áreas e memorizar o que precisen, rematar as tarefas da clase e actividades para afianzar ou reforzar os contidos dados.
- En 5º e 6º de EP. Rematar as tarefas non acabadas na clase, actividades para adquisición de autonomía: traballos de investigación, anticipación de lecturas, estudar diariamente o explicado na clase.
- Páxina web para información do centro, e aula virtual para a docencia online.
- Proxectos de centro:
 - ❖ Centro de interese para a curso escolar “Con-Ciencia-T”.
 - ❖ Radio Furelo (programación quincenal)
 - ❖ Medioambiente (Voz Natura)
 - ❖ Seccións Bilingües en 4º, 5º e 6º EP con Auxiliar de conversa
 - ❖ EDIXGAL 5 e 6º de EP
 - ❖ PFPP con tres liñas de estudo (SAAC, E-Dixgal, Plan Dixital)
 - ❖ Dinamización da lingua galega
- Actividades complementarias.
- Solicitud de colaboración no que respecta á protección do alumnado e na educación en valores. Importancia da colaboración da familia en todo o que se lles solicite dende o colexio.
- Protocolos en caso de accidentes, enfermidade, absentismo.
- Protocolo na resolución de dúbidas/conflictos: titoría, especialista, departamento de orientación e equipo directivo.

A información de carácter xeral do centro estará nas portas de entrada principal e parte baixa do centro, no taboleiro de información da planta baixa, na páxina WEB e a través das circulares enviadas dende a dirección (en papel ou a través de AbalarMobil).

A información individualizada de carácter pedagógico, organizativo ou de funcionamento, será tramitada a través da titoría ou do propio especialista en coordinación co anterior (entrevistas, problemas particulares, etc.).

Este curso académico terase especial consideración á evolución da pandemia e ás modificacións do Plan Covid que se vaian producindo ao longo do curso.

1.2. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado NEAE. Plan xeral de atención á diversidade

O CEIP Ramón Cabanillas ten escolarizado un importante número de alumnado que presenta NEAE polo que o Plan de Atención á Diversidade é un documento esencial. Este centro caracterízase por ser un centro inclusivo onde o 12% do alumnado escolarizado presenta necesidades específicas de atención educativa diagnosticada e algo máis do 3% e alumnado é de ascendencia estranxeira (sobre todo de orixe chinés e latinoamericano), ademais, conta cunha porcentaxe pequena de alumnado de etnia xitana. Existe alumnado que ten autorizada a modalidade de escolarización combinada, e outros que desenvolven tarefas educativas complementarias fóra do horario lectivo. O centro traballa conxuntamente CEE López Navalón e o centro ASPANAES, entre outros colectivos.

O claustro de profesorado considera que os recursos humanos cos que conta o centro son insuficientes para cubrir as necesidades do alumnado que ten. As circunstancias actuais requiren dunha revisión do “cupo” de dito catálogo, xa que o elevado número de alumnado que presenta necesidades específicas de atención educativa e que requiren dunha especialización son moito maiores á relación de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co que conta o centro segundo o “cupo”. Esta situación foi comunicada á Administración competente en diversas ocasións, recibindo a mesma resposta (recursos asignados por catálogo, segundo o número de unidades do centro), o equipo directivo actual e o Departamento de Orientación, está a traballar conxuntamente coa Administración para atopar novas vías de colaboración e apoio.

Para atender a este alumnado nas súas necesidades específicas contamos, no curso 2021/2022 cos seguintes recursos:

- Dúas mestras especialistas en pedagogía terapéutica en comisión por atención preferente (PT).
- Unha mestra especialista en audición e linguaxe definitiva (AL).
- Unha mestra especialista en audición e linguaxe (AL) afín en pedagogía terapéutica (PT), **con carácter excepcional, logo de revisadas as**

necesidades do centro por parte da Administración, a tempo completo compartida (15h lectivas) durante todo o curso, 3 días á semana desde o 8 de outubro.

- Unha mestra especialista en PT (**programa ARCO**) dende o 7 de outubro, a tempo parcial (15h lectivas) até o 21 de decembro.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Dous auxiliares técnicos educativos (coidadores). Quen, ademais de atender ao alumnado no tempo lectivo, atenden ao alumnado que teñen asignado nos servizos de comedor e transporte, se o requiren.

Os **agrupamentos do alumnado** realízanse segundo os seguintes criterios, tendo en conta, de ser o caso, as opinións do profesorado que impartiu ao alumnado:

- respectar a orde alfabética.
- equilibrar os grupos por xénero.
- distribuír o alumnado con NEE e NEAE.
- considerar as necesidades do alumnado repetidor.

Os **criterios a ter en conta para a realización de horarios**, procurando a optimización dos recursos son:

- 1) Ter en conta a previsión realizada pola xefatura do DO anterior, así coma a memoria do curso anterior. Priorizarase a atención ao alumnado NEE e posteriormente ao alumnado NEAE.
- 2) Ter en conta as especialidades, segundo a idade do alumnado e os desprazamentos polo centro.
- 3) Ter en conta a utilización compartida do ximnasio do profesorado de EF.
- 4) Ter en conta minimizar no posible diferentes profesores/as co mesmo alumnado.
- 5) Cubrir as NEE con profesorado especializado.
- 6) Cubrir apoios (dificultade ou desfase curricular) co resto do profesorado en aulas máis afíns ao desenvolvemento da súa actividade.

Neste curso, temos en conta, ademais, os criterios establecidos no Plan Covid.

Os apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, faranse preferentemente na aula ordinaria, seguindo o criterio do titor/a e as directrices do Departamento de Orientación segundo cada caso.

No Plan de atención á diversidade contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións, segundo a necesidade detectada:

Trastorno xeral do desenvolvemento

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Supervisión e acompañamento constante. Coidados hixiénicos. Apoio permanente profesor/a especialista. Axuda con pictogramas. Estrutura física da aula. Horario visual de actividades e organización. Mellorar habilidades de comunicación e relación social. Inicia e manter conversas. Habilidades mentalistas. Aprendizaxe sen erro. Encadeamento cara atrás.	·Período de adaptación. ·Escolarización combinada. ·Coidador auxiliar no centro e no transporte. ·Apoio das mestras de PT e AL. ·Metodoloxía TEACCH. ·Coordinación co centro específico. ·Material adaptado. ·Prioridade horaria. ·Coordinación mensual de todo o profesorado implicado e o orientador. ·Historias sociais. ·Guión de conduta. ·Guión conversacional

Parálise cerebral

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Terapia miofuncional. Uso de SACC.	·Mobiliario adaptado ·Comunicador Go talk 9 ·Uso de tablet ·Material audiovisual. ·Estimulación sensorial

Hipoacusia

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Articulación de todos os fonemas Discriminación auditiva Reforzar os conceptos básicos das unidades didácticas	·Programa Sedea ·Lectura labial ·Bimodal ·Adaptación de materiais (soporte visual). ·Coordinación mensual de todo o profesorado implicado e o orientador.

Dislexia

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Favorecer o acceso ás 2 rutas de aprendizaxe lectora Mellora da conciencia fonolóxica	· Adaptación da avaliación. Material adaptado · Ensino multisensorial · Uso de gravadora e mp3 · Ordenador portatil · Anticipación dos contidos · Programa PDLE · Material informático. Wifi na aula · Apoio na escrita coa tablet

TDAH

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Organización do tempo e do espazo Adaptación das tarefas na aula e na casa Secuenciación das tarefas Mellora da autoestima Autocontrol	· Uso da axenda · Autoinstrucións · Adaptación da avaliación · Supervisión constante · Reforzo positivo · Actividade física · Habilidades sociais · Educación emocional · Contrato de conduta

Altas capacidades

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Adaptación dos obxectivos e das actividades á súas capacidades e intereses	· Programa de enriquecemento curricular · Actividades de ampliación · Obradoiros · Escrita creativa · Biblioteca de aula

Alumnado de incorporación tardía

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Aprendizaxe das linguas oficiais Integración	· Plan de acollida · Avaliación inicial · Adaptación de materiais · Libros de imaxes · Vocabulario Udicom

Atraso curricular

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Aprendizaxes funcionais Manipulación Organización	· Materiais adaptados · Ensinanza multisensorial · Estratexias de aprendizaxe · Estratexias de memorización e relación

Problemas condutuais

Necesidades específicas	Estratexias – Medidas
Mellorar a xestión emocional Favorecer o autocontrol Aprendizaxe das emocións.	·Tempo fora ·Contratos de conduta ·Sobrecorrección ·Rexistro condutual ·Extinción de condutas ·Habilidades sociais ·Educación emocional, Resolución de conflitos ·Xogo cooperativo ·Estratexias comúns para o profesorado, mediación.

A **avaliación e o seguimento** dos alumnado con necesidade de apoio específico levarase a cabo ao longo do curso nas diferentes reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, das reunións periódicas do profesorado implicado na atención á diversidade nos distintos grupos e das sesións de avaliación trimestrais. Realizarase unha avaliación e seguimento individualizado, para cada un dos alumnos con NEAE, ademais dunha valoración global referida aos plans e medidas que impliquen a máis dun alumno.

A ficha-esquema a seguir para cada alumno:

Alumno..... Grupo.....		
Data..... Reunión de		
Plan / Medida Adoptada	Valoración actual	Proposta de mellora

1.3. Cadro de organización pedagóxica

A adscrición do profesorado realízase seguindo os criterios establecidos na Orde de 28 de xuño de 2010, tendo en conta que o centro educativo ten sección bilingüe de 4º a 6º de EP en educación plástica e E-Dixgal en 5º e 6º de EP:

Educación infantil:

- Titoría de 4ºA- Mª Pilar Souto Farto
- Titoría de 4ºB-Emma Santiago Piñeiro (substituta de Estefanía Lamas Liste)
- Titoría de 5ºA- Mª Carmen Penide Mareque
- Titoría de 5ºB- Mª José Jorge García
- Titoría de 6ºA- Tania Mosquera Sixto
- Titoría de 6ºB- Mª José Rodríguez Ordóñez
- Apoio ed. Infantil- Henar Bello Seoane e Mª Pilar Puente Mosquera

Educación primaria:

- 1ºA-María Begoña Ballesteros Furones
- 1ºB-José Alberto Paz González
- 2ºA-Nieves Mariño Fraga
- 2ºB-Eva Mª Mouro García
- 3ºA-Josefa Vigo Lancho
- 3ºB-Daniel Sanmartín Souto
- 4ºA-Ana Cristina Martínez Penas
- 4ºB-Irene Sánchez Álvarez
- 4ºC-Carmen Fernández Cacho
- 5ºA-Mª Teresa Castro Parga
- 5ºB-José Luis Feijoo Blanco (cotitoría con Fernando Fafián Lemos)
- 6ºA-Carmen Martínez Bestilleiro
- 6ºB-Mª Lourdes Antelo Rodríguez (cotitoría con Rosa Mª Vicente Álvarez).

Profesorado de especialidades:

- Educación artística. Educación musical: Fernando Fafián Lemos

- Lingua estranxeira: Inglés: Raquel Cuervo Cazurra (inglés en 5º e 6º de infantil e 1º, 2º, 3º e 4ºC), Mª José Fidalgo Torreira (inglés en 4º de infantil e 4º A e B, 5º e 6º)
- Sección bilingüe (Educación artística. Educación plástica de 4º, 5º e 6º EP): Irene Sánchez Álvarez
- Ed. Física: Jesús Lojo Dávila (2º, 3º, 4º e 5º) e José Luis Feijoo Blanco (1º e 6º de EF)
- Relixión Católica: Juan Carlos Mato Rodríguez e Teresa Garabal Sánchez (do CEIP Raíña Fabiola, que completa 2 sesións).
- Material de libre configuración. Xadrez: Jesús Lojo Dávila (4º EP)
- Material de libre configuración. Robótica: Nieves Mariño Fraga (6º EP)
- Xefa do departamento de orientación: Lucía Gesto Parga
- Pedagogía terapéutica: Lucía Flora López Pérez e Cristina Rey Viaño
- Audición e linguaxe: Mª Socorro Pérez Martínez e Silvia Bahamonde Couto (15h semanais).
- Programa Arco: Rosa Araújo Boo (15h semanais, desde o 8 de outubro ao 21 de decembro).

Coordinacións dos equipos de dinamización:

- ✓ Educación infantil: Henar Bello Seoane
- ✓ 1º nivel de Educación Primaria: María Begoña Ballesteros Furones
- ✓ 2º nivel de Educación Primaria: Eva Mª Mouro García
- ✓ 3º nivel de Educación Primaria: Daniel Sanmartín Souto
- ✓ 4º nivel de Educación Primaria: Ana Cristina Martínez Penas
- ✓ 5º nivel de Educación Primaria: Mª Teresa Castro Parga
- ✓ 6º nivel de Educación Primaria: Carmen Martínez Bestilleiro
- ✓ Equipo de Biblioteca: Eva Mª Mouro García
- ✓ Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Irene Sánchez Álvarez
- ✓ Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Mª Socorro Pérez Martínez
- ✓ Equipo de Medio Ambiente: Cristina Rey Riaño
- ✓ Equipo de Tecnoloxías:
 - Equipo TIC: Nieves Mariño Fraga

- E-Dixgal: Rosa María Vicente Álvarez

✓ Departamento de Orientación: Lucía Gesto Parga

A organización pedagóxica require dun armazón de reunións que permita establecer unha canle entre uns docentes e outros, sendo as reunións de ciclo/internivel, que establecemos no centro, a unidade mínima de relación onde conflúen todos os aspectos tratados no resto de reunións e que repercuten na organización e planificación educativa do centro a nivel micro, meso e macro.

Os órganos de coordinación docente son (art. 53):

- Equipo de ciclo. *Na etapa de primaria este centro establece os equipos de nivel e internivel.*
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Equipo de dinamización da lingua galega.
- Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.

EQUIPO DE CICLO (EI) E NIVEIS (EP) (art. 54):

Está composto polo profesorado titor de cada un dos ciclos ou niveis. Ademais, integrárase neste equipo un profesor especialista, de ser o caso aquel que está adscrito á actividade lectiva en dito nivel. Cada equipo está dirixido por un coordinador a elección do equipo, preferentemente con destino definitivo no centro.

Son competencias do equipo de ciclo:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

O ciclo de educación infantil está composto polos seguintes membros:

4ºA Mª Pilar Souto Farto

4ºB Estefanía Lamas Liste
5ºA Mª Carmen Penide Mareque
5ºB Mª José Jorge García
6ºA Tania Mosquera Sixto
6ºB Mª José Rodríguez Ordóñez
Apoio: Mª Pilar Puente Mosquera
Apoio: Henar Bello Seoane

Os niveis na etapa de educación primaria reúnense formando equipos invernível, do seguinte xeito, integrando aos especialistas implicados en maior medida en cada equipo:

Equipo de 1º e 2º nivel de EP

1ºA María Begoña Ballesteros Furones
1ºB José Alberto Paz González
2ºA Nieves Mariño Fraga
2ºB Eva Mª Mouro García
Raquel Cuervo Cazorra (inglés)

Equipo de 3º e 4º nivel de EP

3ºA Josefa Vigo Lancho
3ºB Daniel Sanmartín Souto
4ºA Ana Cristina Martínez Penas
4ºB Irene Sánchez Álvarez
4ºC Carmen Fernández Cacho
Jesús Lojo Dávila (EF)
Juan Carlos Mato Rodríguez (Relixión)

Equipo de 5º e 6º nivel de EP

Mª Teresa Castro Parga 5º A
José Luis Feijoo Blanco 5ºB
Fernando Fafián Lemos(cotitoría 5ºB)
Carmen Martínez Bestilleiro 6º A
Mª Lourdes Antelo Rodríguez 6ºB
Rosa María Vicente Álvarez (cotitoría 6ºB)
Mª José Fidalgo Torreira (inglés)

A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A CCP está establecida no DECRETO 374/1996, do 17 de outubro e na Orde do 22 de xullo de 1997.

Reunións prescritivas: 1 vez ao mes, e unha extraordinaria ao inicio e fin de curso.

Integrantes (art. 61):

- Dirección-exerce a presidencia.
- Xefatura de estudos.
- Coordinacións de ciclo. 2º ciclo de educación infantil. En educación primaria tómase a decisión de que sexan as/os representantes de cada internivel de primaria as/os que asisten.
- Profesor de apoio á atención do alumnado. Tómase a decisión de que asiste a xefa do DO.
- A coordinadora do equipo de normalización lingüística (en diante equipo de dinamización da lingua galega (D.79/2010)).
- A secretaria é a coordinadora de educación infantil.

Entre as súas competencias están (art. 62):

- Colaborar coa Xefa de Estudos (oído o claustro) na elaboración dos horarios.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares.
- Deseñar o calendario de actuacións.
- Realizar, de ser o caso, a proposta ao xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

- Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de dinamización da lingua galega (D.79/2010).
- Velar polo cumprimento dos criterios establecidos polo claustro no Plan de acción tutorial.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó centro de Formación Continuada do Profesorado.
- Establecer as actividades incluídas na PXA.
- Estudar a proposta de nivel, sobre a decisión ou iniciativas de implantación de libros de texto e materiais. Que son aprobadas polo claustro e comunicadas ao consello escolar.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (DECRETO 79/2010, do 21 de maio)

Constituirase equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado e por persoal non docente. A súa composición tenderá a ser equilibrada entre homes e mulleres (art. 15.1).

A coordinación do equipo recae sobre Irene Sánchez Álvarez. Os membros do equipo son: Carmen Fernández cacho, Juan Carlos Mato Rodríguez, María Pilar puente Mosquera e Suso Lojo Dávila.

Actividade (Art.15.2):

Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos e terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

No mes de xuño entregóuselle unha enquisa ás familias do alumnado que se matriculaba no centro en 4o de Educación Infantil para que nos fixeran saber cal era a lingua materna na que se desenvolvían os nenos e nenas. Na etapa de Educación Infantil no nivel de 3 anos, unha vez feita a consulta constatamos que, segundo as familias, a súa lingua materna é:

- ❖ 15 o Galego
- ❖ 19 o Castelán
- ❖ 2 ambas as dúas linguas

Ao non ser vinculante esta enquisa para a elección da lingua, decidiuse empezar falándolles na lingua na que se expresen os nenos/as e ir introducíndolles a segunda lingua.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. INTRODUCCIÓN

Os obxectivos marcados polo EDLG en relación ao alumnado para presente curso académico 2021-2022 céntranse en:

- Acadar un bo dominio da lingua galega e en igualdade ao que teña na outra lingua cooficial.
- Amosar unha actitude positiva cara o seu emprego dentro e fóra do centro.
- Valorar e apreciar a lingua e cultura galegas.

2.XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O Proxecto do EDLG é resultado do compromiso colectivo de toda a comunidade educativa coa lingua galega. Coa finalidade de dinamizar o galego no centro, o profesorado no seu conxunto colaborará co equipo aportando as súas reflexións e propostas, pois é imprescindible que todos e todas tomemos parte e asumamos o noso papel para acadar os obxectivos propostos.

Dentro desta cooperación, destacamos o traballo coordinado cos seguintes equipos docentes:

- 1.Equipo de Biblioteca.
- 2.Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- 3.Equipo TIC.
- 4.Equipo Voz Natura.

Do mesmo modo, esta colaboración plásmase na participación do EDLG no conxunto de plans e proxectos do centro:

- Plan Lector.
- Proxecto de educación medio-ambiental.
- Plan de Convivencia.
- Proxecto de Fomento do Uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Proxecto EDIXGAL.

Finalmente, salienta tamén o importante papel que teñen na dinamización e valorización da lingua galega o persoal non docente, a ANPA, os pais/nais, o profesorado, os monitores/as de actividades extraescolares, etc.

O proxecto do EDLG será globalizado e integrador: Globalizado, porque abranguerá de maneira vertical as dúas etapas educativas no seu conxunto e, de forma horizontal, tódalas áreas do currículo e as transversais.

Integrador, xa que partindo dunha temática determinada ou proposta de actividade (este ano o proxecto de centro adícase á ciencia) todo o centro se implica no seu desenvolvemento para levala adiante (coa planificación conxunta dos catro equipos e o de Dinamización Lingüística).

Partirase dun estudo e análise conxunta da realidade lingüística do centro, para tratar de diagnosticar con claridade os retos aos que nos enfrontamos e darlles solucións ás eivas detectadas. Seremos coherentes coa situación sociolingüística da que partimos e afrontaremos un labor compensador dos desequilibrios lingüísticos que se poidan dar.

O fomento do uso da nosa lingua, orientarémolo ao reforzo da súa dimensión comunicativa en todos os ámbitos e relacionándoa con contextos de interese para os rapaces e rapazas, que deben ver no galego unha lingua útil, valorándoa e empregándoa cada vez mais a miúdo.

3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O colexio está situado no barrio da Pontepedriña, nunha área de recente urbanización.

Hai matriculados 421 alumnos e alumnas (124 en EI e 296 en EP). A procedencia deste alumnado é moi variada: os arrabaldes urbanos e

periurbanos (Castiñeiriño, Sar, Aríns, Santa Lucía, ...), numerosas rúas do centro urbano (Sur do Ensanche e parte do Casco Vello) e incluso rapaces e rapazas que viven nos concellos limítrofes de Ames, Teo e Vedra.

A situación socioeconómica das familias é moi diversa, mais podemos constatar que a maioría dos pais e nais se adican principalmente ao sector servizos e funcionariado.

Finalmente, salientar que está a aumentar o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e a ratio profesor-alumno.

3.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

O centro consta de 19 unidades. Hai un total de 32 profesores e profesoras a tempo completo e 2 máis, unha compartida e outra do programa ARCO, dos cales 19 teñen unha titoría e 14 distribúense nas diferentes especialidades educativas.

Por parte do profesorado, nas relacións cos outros sectores e coas institucións utilízase de xeito maioritario o galego. Sen embargo, nas relacións co alumnado fóra da aula e comunicacións informais cómpre facer un maior esforzo no emprego da lingua galega para a súa promoción.

3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

Pese a que na Educación Infantil as familias indican na enquisa inicial que a maioría dos nenos son galegofalantes, o certo é que na escola se aprecia o predominio do castelán. Polo tanto, un dos maiores obxectivos é aumentar o nivel de equilibrio entre as dúas linguas tanto en competencia como en uso.

Somos conscientes de que canto máis se empregue unha lingua máis dominio se acada nela. Por iso, é moi recomendable que profesorado, ANPAS, persoal non docente e demais membros da comunidade educativa a visibilicen e empreguen o máis posible. Se nós mesmos valorizamos a lingua galega é máis probable que o alumnado tamén a valore e vexa útil, sentindo desexos de falala.

3.4. A LINGUA NA ADMINISTRACIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Tal e como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, nas actividades administrativas emprégase a lingua galega, agás naqueles documentos que teñen efectos fóra de Galicia. O mesmo ocorre coas comunicacións por

escrito e as publicacións, tanto as que se fan en soporte impreso como dixital.

Nas programacións de Educación Infantil estableceranse as estratexias precisas para desenvolver a competencia lingüística nas dúas linguas, xa que esta etapa é de vital importancia na adquisición dos dous idiomas. Por iso téntase empregar libros de texto e materiais educativos en ámbalas dúas linguas por igual.

En Primaria o Proxecto Lingüístico de Centro establece que se impartirán en galego as áreas de C. Sociais, C. Naturais e Educación Física. As sesións de Matemáticas, Música, Relixión, Valores e Plástica desenvolveranse en castelán.

En dito proxecto tamén se recollen as medidas a seguir para que o alumnado consiga unha competencia lingüística en igualdade nas dúas linguas.

4.OBXECTIVOS

O Equipo de Dinamización da lingua galega propón para o curso 2021/22 como eixe vertebrador un proxecto en común entre tódolos departamentos do centro centrado na ciencia, “Conciénciate en galego”.

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

4.1.1. Normalizar o uso da lingua galega na vida do centro.

- Empregar a lingua galega como vehicular nos escritos, rotulación, comunicacións coas familias e administración.
- Empregar o galego nas comunicacións fóra da aula co alumnado.
- Fomentar a participación en concursos e traballos extraescolares en galego.
- Valorar positivamente o uso de lingua galega.
- Promover o uso activo das TICs en galego.

4.1.2. Programar a consecución do dominio dos contidos curriculares relativos ao coñecemento e valoración da lingua.

- Reflexionar sobre o nivel real de consecución dos obxectivos previstos.
- Diseñar estratexias para superar as deficiencias detectadas.
- Manter o galego, como lingua de instalación, do alumnado galego falante. Fornecer a competencia na lingua galega aos castelán

falantes.

4.1.3 Fomentar o uso da lingua entre todos os sectores da comunidade.

- Colaborar coa ANPA do colexio para que o uso da lingua nas actividades extra-escolares sexa coherente coa planificación recollida neste proxecto.
- Colaborar con outras entidades e organismos na realizacións de actividades conxuntas: coordinadora de EDLG, concellos, asociacións culturais, centros de ensino, ...

4.1.4 Difundir outras manifestacións da riqueza da cultura galega, nun contexto de multiculturalidade.

- Recuperar e/ou revitalizar manifestacións culturais propias.
- Fomentar o coñecemento de artistas de orixe galego ou que teñan algunha relación con Galicia.
- Valorar a riqueza e diversidade cultural galega.

4.1.5. Involucrar ás familias na consecución dos obxectivos propostos.

- Informar ás familias dos obxectivos recollidos neste proxecto e nas programacións de aula e ciclo relativas á lingua galega.
- Fomentar a participación das familias nos procesos de ensino-aprendizaxe en lingua galega.

4.1.6 Dar apoio ao profesorado para a consecución dos obxectivos previstos co seu alumnado.

- Realizar accións formativas, principalmente as orientadas á elaboración de materiais.
- Colaborar nas actividades desenvolvidas polos distintos equipos.
- Promover o uso activo das TIC en galego.

4.1.7 Programar a consecución do dominio dos contidos curriculares relativos ao coñecemento e valoración da lingua.

- Reflexionar sobre o nivel real de consecución dos obxectivos previstos.
- Diseñar estratexias para superar as deficiencias detectadas.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO

4.2.1. Facer provisión de materiais en lingua galega.

- Recadar apoios para a elaboración de materiais propios, sobre todo

tipo de soportes, e poñelos ao dispor de todos e todas con licenzas CC.

- Confeccionar e poñer en común listaxes de recursos en galego. 122

4.2.2. Incorporar nas programacións didácticas a cultura galega, a arte, folclore, tradicións...

- Participar nas actividades propostas dende tódolos equipos do centro.
- Participar na realización da emisión de Radio Furelo, do calendario e aquelas outras publicacións que se editen durante o curso escolar.
- Dinamizar e motivar ao alumnado para fomentar a participación nas actividades propostas.

4.3. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Valorar a lingua galega como lingua útil, en condicións de igualdade con calquera outra.
- Empregar a lingua galega en todo tipo de situacións comunicativas.
- Iniciar a lecto-escritura na lingua materna para continuar na outra lingua cooficial.
- Participar nas visitas didácticas do contorno para coñecer a realidade máis próxima.
- Ampliar o coñecemento da lingua co emprego das novas tecnoloxías.
- Contribuír cos seus traballos á divulgación das actividades feitas a través das novas tecnoloxías: blogs web do colexio, cámaras, vídeos...
- Acadar un dominio, ao mesmo nivel, nas dúas linguas cooficiais.

5. ACTIVIDADES

No presente curso escolar as actividades promovidas polo EDLG están moi condicionadas pola situación provocada pola crise sanitaria do COVID-19 e polo Plan Covid elaborado polo centro. Polo tanto, potenciaranse maioritariamente actividades dentro das aulas e tamén en formato online.

5.1. Ambientación de espazos

Fomentarase, entre os equipos de ciclo, a presenza da lingua galega nos murais, letreiros, cartaces, etc., que se coloquen nas aulas e nos corredores. Ademais tamén se colocarán polo centro carteis con palabras bonitas ou estrañas en galego para fomentar o interese do alumnado pola lingua.

Actividade Temporalización Destinatario Orzamento Material

5.2 O Calendario

Realización por parte do alumnado dun estudo e posterior exposición de carteis sobre a ciencia. Dos carteis realizados nas diferentes aulas escollerase un para representar á aula no calendario a nivel de centro.

Actividade Temporalización Orzamento Material

Ambientalidade de espazos Ao longo de todo o curso Sen orzamento específico. Calendario 1º trimestre 700 €.

5.3. Lingua e TIC.

Promoverase o uso das TIC en galego, procurando deste xeito a súa identificación coa nosa lingua en pé de igualdade con calquera outra. Para iso levaremos a cabo tarefas orientadas ao profesorado e ao alumnado:

5.3.1. Fomento da linguaxe oral.

Programa de “Radio Furelo” no que se contarán contos, lendas, chistes... tanto de autores coma de propia creación, motivando aos alumnos a investigar, crear, ler, concursar, e participar en diversas actividades.

5.3.2. Fomento do uso da páxina web.

A páxina web do centro, en cumprimento coa normativa, proxecta a imaxe do noso colexio en galego. Compre fomentar as visitas do alumnado a ela, xa que funciona como plataforma informativa das actividades que realizamos, é o medio para manter os vínculos entre os distintos sectores da Comunidade Escolar e funciona tamén como vehículo de difusión de actividades e contidos educativos. Empregaremos principalmente a Radio escolar Furelo.

Cada semana aproximadamente levarase a cabo unha nova emisión de radio na que participará todo o alumnado do Centro, establecendo que o alumno encargado da aula visitará a páxina web do centro pinchando no enlace da radio para escoitar as novas emisións unha vez a semana. Tamén se almacenan as emisións antigas.

Por outra banda, en colaboración co Equipo de Biblioteca queremos fomentar a participación do alumnado no blog da biblioteca (<https://furelole.blogspot.com/>). Entre outras, as actividades que proporemos serán que o alumnado:

- Realice as súas propias recensións en galego dos libros no apartado “E ti que les?”.
- Propoña e difunda contidos e recursos en galego.
- Colaboren na formación de usuarios da biblioteca a través de titoriais en galego.
- Realicen lecturas de contos (podcast ou vídeo-blog), sobre todo para entreter aos máis pequenos/as.
- Lectores voluntarios presenten as novas adquisicións da biblioteca a través de podcast, entrada no blog ou vídeo-blog).

As actividades anteriores realizaranse en galego co fin de acadar a súa promoción.

Actividade Temporalización Destinatario Orzamento

Fomento do uso da web Ao longo de todo o curso Sen orzamento específico

5.3.3. Accións de apoio ao profesorado.

5.3.2.2. Creación dun repositorio de materiais TIC en galego.

Recolleremos recursos alleos entre todos os departamentos do centro. Interésanos sobre todo a recompilación de todos aqueles recursos que o profesorado do centro vaia creando, pois teñen o valor engadido de estaren contextualizados nas nosas programacións didácticas e polo tanto na realidade do centro. Estes materiais estarán baseados no proxecto de centro elixido. Tamén propoñeremos mensualmente diferentes propostas de contos, cancións, películas... en galego.

Actividade Temporalización Orzamento

Repositorio de recursos en galego ao longo de todo o curso Sen orzamento específico

5.4. Edición de materiais.

As publicacións de todo tipo que o centro produza e distribúa, seguiranse editando en lingua galega.

5.4.2. Boletíns e folletos.

Os boletíns e folletos con contidos de diversa índole en función dos equipos (ciclos, biblioteca, actividades, r directivo...), tanto os dirixidos a nenos e nenas coma os orientados ás familias, estarán redactados en galego. Na medida do posible promoveremos o emprego do soporte dixital a través da web.

Nos recursos que vaian ser difundidos en papel, o EDLG dará apoio lingüístico e de maquetación na procura dunha boa presentación.

Actividade Temporalización Destinatario Orzamento

Boletíns e folletos Ao longo de todo o curso 200,00 €

5.5. Actividades de animación á lectura en galego.

O Equipo de Dinamización do uso da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca, coordinaranse para levar a cabo estas actividades. Esta é unha proposta de posibles actividades que se fai desde o EDLG, manténdose a oferta de colaborar nas que dende o ámbito da biblioteca se propoñan, naquilo que ao EDLG lle corresponda e teña capacidade para facelo.

5.5.1. Lectura de contos

Lectura de contos en lingua galega por parte dos alumnos de primaria aos seus compañeiros/as de Educación Infantil. Esta actividade terá carácter voluntario e este ano por consecuencias da aplicación do Plan COVID, realizarase a través das novas tecnoloxías e o blog da biblioteca.

Actividade Temporalización Orzamento Material

Lectura de contos 2o e 3o trimestres 300,00 € Libros de contos

5.5.2. Encontros con autores/as e ilustradores/as galegos.

Este ano aínda non temos concretada a visita dos autores literarios pero si a metemos na nosa programación polo interese que manifestan os alumnos por coñecer a obra deses autores que nos visitaron sendo durante unha tempada os máis solicitados na Biblioteca. É posible que este curso, ao aplicar o Plan COVID, estes encontros se realicen de forma dixital.

Actividade

Temporalización Orzamento

Encontros con autores e ilustradores Ao longo de todo o curso Sen orzamento específico

5.5.3. Traballo sobre o homenaxeado no día das letras galegas.

Lectura, coñecemento e estudo das obras e producións do homenaxeado neste ano nas Letras Galegas.

5.5.4. Participación no blog da biblioteca.

Como sinalamos anteriormente, este ano tentaremos promover a participación activa e en galego do alumnado no blog da biblioteca do centro a través de actividades coma recensións en galego, lecturas de contos ou propostas de recursos, entre outras.

5.6. Difusión da cultura galega.

5.6.1. Celebración do día de Rosalía de Castro.

Coma tódolos anos este curso tamén conmemoraremos o día de Rosalía de Castro o 24 de febreiro.

5.6.2. Celebración do día das Letras Galegas.

5.7. Colaboración nas conmemoracións que se celebran no colexio (Magosto, Nadal, Entroido e Letras Galegas.)

O EDLG prestará soporte ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na organización das celebracións e festas que a situación sanitaria actual permita celebrar no colexio. A colaboración centrarase na elaboración e procura de materiais en galego, elaboración de murais, edición de folletos, selección de música e outros recursos audiovisuais. As celebracións propostas, que se realizarán sempre e cando as condicións sanitarias o permitan, e seguindo as pautas establecidas no Plan COVID, son:

- o Celebración do magosto en colaboración coa ANPA do centro.
- o Celebración do Nadal.
- o Celebración do Entroido.
- o Semana das Letras Galegas.
- o Emisión especial de radio Furelo adicada ao homenaxeado.

5.8. Colaboración con outras institucións.

5.8.1. ANPA:

5.8.1.1. Manterase contacto coa ANPA para coordinar esforzos en prol da consecución dos obxectivos expostos neste Proxecto. Traballaremos

aspectos como:

- Procurar que o profesorado das actividades extraescolares que organiza a asociación de pais e nais, actúe dun xeito coherente cos obxectivos do Proxecto de dinamización do uso da nosa lingua.
- Solicitalle colaboración na difusión das campañas que dirixamos a pais e nais do alumnado.
- Recibir a través dela suxestións e información que queiran facernos chegar as familias.

5.8.2. Concellos e outras institucións e organismos.

A medida que recibamos propostas de actividades en favor da normalización do uso da nosa lingua organizadas por eles, faránselles chegar ao equipo docente para valorar a conveniencia ou non de participar nelas. A única que temos concretada, é a participación na celebración do día de Rosalía de Castro o 24 de febreiro.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A coordinación recaerá sobre un docente preferentemente definitivo no centro, designado pola dirección oído a CPP (art. 72), neste caso é María Socorro Pérez Martínez. Os membros que compoñen este equipo son M^a del Pilar Souto Farto, Josefa Vigo Lancho, M^a José Rodríguez Ordóñez, M^a Begoña Ballesteros Furones, José Alberto Paz González, Henar Bello Seoane, M^a José Jorge García e Tania Mosquera Sixto.

Ademais, a coordinadora do equipo de Medio Ambiente é Cristina Rey Viaño, sendo membros do mesmo Lucía Flora López Pérez, M^a Socorro Pérez Martínez e Rosa María Vicente Álvarez.

O consello escolar aproba a programación das actividades extraescolares e complementarias e avalía o seu desenvolvemento (art. 43).

As programacións didácticas incluírán as actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar no presente curso (art. 53).

Entre as funcións da xefatura do equipo de actividades complementarias e extraescolares están:

- Elaborar a programación anual destas actividades, tendo en conta a proposta dos niveis e ciclos, aos pais, as orientacións do claustro e a CCP.
- Programar cada actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e participación do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado e titores legais a información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a CCP e os equipos de nivel e ciclo, así coma a asociación de pais.
- Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen co alumnado.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

As actividades que se desenvolvan fóra da localidade do centro deben contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

Véxase a programación das Actividades Complementarias e Extraescolares 2021/2022 na p.110

Outros órganos de coordinación importantes son:

- DO.
- Equipo de biblioteca.
- Equipo de Tecnoloxías Educativas.
- Responsable de coordinación de enfermidades epidemiolóxicas.
- Observatorio de convivencia.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O DO está establecido no DECRETO 120/1998, de 23 de abril.

Integrantes (art.4):

- A xefatura do departamento será a orientadora asignada ao centro.
- O profesorado de PT e AL.
- Os coordinadores de ciclo (educación infantil) e, en educación primaria decídese que asistan as persoas representantes de cada nivel desta etapa a proposta da CCP.

Entre as funcións do Departamento de Orientación están (art. 6):

- a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar desenvolver e avaliar os programas específicos de intervención.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial do centro, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento de ditos plans.
- c) Participar na elaboración do Proxecto Educativo, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado NEAE e nos principios da avaliación formativa, e na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas

tanto de condiciones desfavorables como de altas capacidades que presente o alumnado.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitar ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.

g) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa e os ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensino a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e outros relacionados co seu ámbito de actuación.

h) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

Véxase o Plan de estratexias metodolóxicas dirixidas ao alumnado NEAE na p.66.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

A coordinación da biblioteca recae en Eva María Mouro García.

O equipo está composto por docentes dos diferentes niveis: M^a Lourdes Antelo Rodríguez, Raquel Cuervo Cazorra, Lucía Gesto Parga e M^a del Carmen Penide Mareque.

Debido á situación actual de pandemia e ao protocolo COVID 2021/22 acórdase que ao longo do curso re servisará e actualizará a programación de Biblioteca, entendendo a realización de tarefas como organizar e ordenar o mobiliario do centro, catalogación de fondos, actualización de novos usuarios, valoración do investimento do orzamento deste curso, etc.

PLAN LECTOR 2021/2022

1. FUNDAMENTACIÓN

Este Plan Anual de Lectura foi elaborado polo Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar como unha concreción de obxectivos e actividades a curto prazo para o desenvolvemento do noso Proxecto Lector de Centro.

A súa redacción foi levada a cabo tendo presentes tanto os obxectivos recollidos no devandito proxecto lector, coma o contexto de alerta sanitaria no que nos atopamos no inicio deste curso escolar 2021-2022, o Protocolo COVID-19 do propio centro e as Instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2021/22, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; así como o Anexo I deste último documento.

2. OBXECTIVOS

- Organizar o uso da biblioteca como recurso dinamizador para o desenvolvemento do noso proxecto de centro e de cada unha das áreas curriculares.
- Continuar dinamizando o uso da mesma como espazo de lectura de ocio e informacional e implicar a toda a comunidade educativa.
- Continuar coa catalogación dos fondos existentes e de nova adquisición dun modo axeitado empregando o programa MEIGA e en base á CDU simplificada e continuar o sistema de préstamo informatizado.
- Aumentar e actualizar permanentemente os fondos, especialmente os de consulta.
- Adecuar o espazo e mobiliario ás necesidades que xurdan da situación de alerta sanitaria do presente curso.
- Continuar co deseño e posta en práctica de actividades graduadas de formación de usuarias e usuarios autónomos da biblioteca a través de videotutoriais ou sesións formativas presenciais en función da evolución da pandemia da COVID-19.
- Continuar co deseño e posta en práctica de actividades de animación á lectura promocionadas dende as aulas e o blog de Biblio Furelo.
- Contribuír á eliminación de barreiras no acceso á cultura dos membros máis desfavorecidos da nosa comunidade escolar.

3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O equipo de dinamización da biblioteca estará formado por cinco persoas, entre as que haberá representantes de diferentes niveis:

As xuntanzas do Equipo de Biblioteca terán lugar na sexta hora, hora de dedicación ao centro, cunha periodicidade, como mínimo, mensual.

Tentaremos reservar unha hora de garda a cada un dos membros que forman parte do equipo para levar a cabo as funcións definidas anteriormente, sempre que as necesidades do centro e das aulas así o permitan.

FUNCIÓNS DA RESPONSABLE	FUNCIÓNS DOS MEMBROS
<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar o proxecto anual de lectura e a memoria final da biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro. • Colaborar na revisión do Proxecto Lector do Centro cando proceda. • Realizar o tratamento técnico dos fondos: seleccionar, organizar, clasificar e catalogar os fondos da biblioteca. • Organizar e xestionar o empréstito ao profesorado. • Coordinar o equipo de biblioteca escolar. • Integrarse na Comisión de Coordinación Pedagóxica. • Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións. • Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar, así como as actividades de formación e dinamización. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apoiar á responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma. • Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca. • Continuar coa catalogación dos fondos da biblioteca. • Reparar o material deteriorado. • Colaborar na dinamización da biblioteca deseñando e propondo ao claustro actividades de formación de usuarios, educación documental e animación á lectura. • Apertura da biblioteca en horario de recreo (*este ano non se realizará esta apertura polo momento). • Analizar as necesidades da biblioteca referidas a infraestruturas, equipamento e mantemento. • Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento.

4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPO

Un dos obxectivos prioritarios dende o Equipo de Biblioteca é o de adecuar esta dependencia do centro como espazo educativo que promova o acceso á cultura en diferentes formatos e tipoloxías textuais. Esta necesidade parte da idea de que os espazos son lugares que educan e transforman. A biblioteca debe ser un lugar de encontro entre os nenos/as e os fondos que existen na biblioteca; por iso entendemos que é fundamental organizar o mobiliario e os diferentes materiais dos que dispoñemos para facer deste recanto un lugar accesible, acoledor e atractivo.

A planificación previa convida a pensar no uso seccionado da biblioteca para dar resposta á necesidade latente que atopamos dende as aulas, tanto de infantil como de primaria. Os nenos e as nenas reclaman tempo para ler e gozar da lectura. Polo tanto, continuaremos levando a cabo dúas iniciativas que tiveron gran acollida entre o alumnado no curso escolar anterior: a posta en marcha da Mochila Viaxeira para o alumnado da etapa de educación infantil e a posibilidade de contar con exemplares da biblioteca central nas aulas ordinarias de primaria co fin de que o profesorado poida xestionar o empréstito de libros para os fogares.

A medida que vaia avanzando o curso lectivo e en función de como vaia evolucionando a pandemia da COVID-19 no noso centro educativo contemplaremos a posibilidade de empregar este recuncho da escola reservando unha sesión semanal ou quincenal sempre e cando a biblioteca non estea en uso. En relación a isto último, cómpre salientar que no presente curso escolar, debido á situación sanitaria actual, algunhas das sesións de relixión, onde o alumnado sexa numeroso, realizaranse na biblioteca. Ademais, as sesións dos mércores despois do recreo durante o terceiro trimestre estarán reservadas ás clases de robótica.

Para formalizar a reserva deste espazo, máis aló das sesións de relixión e robótica, colocarse na porta da mesma unha táboa cos ocos dispoñibles. Para que todas as titorías teñan a posibilidade de acudir. Con todo, a asistencia á biblioteca e a estancia na mesma farase cumprindo sempre as medidas de hixiene e seguridade establecidas no Plan COVID-19 do centro. Os libros utilizados durante esta sesión serán depositados na caixa de devolucions correspondente (unha para cada día) e non poderán ser empregados ata que o equipo da biblioteca poida devolvelos ao seu lugar.

Durante os recreos, ao realizarse en dúas quendas diferenciadas, a biblioteca non poderá ser utilizada, pois o espazo estará ocupado polas clases de relixión e tampouco contamos con profesorado con dispoñibilidade horaria para atender ao alumnado.

- Equipos informáticos:

O seu uso individual estará permitido dentro das sesións reservadas polas titorías, sempre baixo o estrito seguimento das medidas de hixiene e seguridade, sendo necesaria a súa desinfección previa e posterior ao uso.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS DENDE A BIBLIOTECA ESCOLAR

XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Constitución do Equipo de Dinamización da Biblioteca. • Revisión no Claustro e no CE do P.L.A. • Posta en marcha das súas directrices. • Distribución de horarios e planificación de actividades. • Continuación coa catalogación mediante o sistema MEIGA. • Continuación coa reordenación dos fondos atendendo á nosa adaptación da CDU. • Formalización da alta como usuarios do novo alumnado e profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Continuación coa catalogación mediante o sistema MEIGA. • Rexistro e catalogación dos novos materiais adquiridos. • Dotación á biblioteca de mobiliario e materiais necesarios. Expurgo e reparación dos libros deteriorados pero interesantes para os fondos da biblioteca escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro e catalogación dos novos materiais adquiridos. • Elaboración da memoria final e avaliación do proxecto. • Elaboración das liñas prioritarias de actuación para o seguinte curso.

ANIMACIÓN Á LECTURA		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> Recompilación dos materiais precisos para a posta en marcha de actividades de animación á lectura arredor da temática elixida para o proxecto documental integrado vencellado ao ámbito científico. Selección de lecturas para continuar coa celebración das VI xornadas "Pasámolo de medo" no Samaín. Elaboración dunhas guías de lectura para distribuír de cara ao Nadal. 	<ul style="list-style-type: none"> Posta en marcha das mochilas viaxeiras en El. Exposición dos fondos relacionados coa temática do proxecto documental integrado. Elaboración dunha selección de lecturas entorno á Semana da Paz e ao Entroido en coordinación co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Realización de actividades de dinamización entorno ao Día de Rosalía e o Día da Poesía, en coordinación co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Colaboración co profesorado na busca de materiais de interese para os temas tratados na aula (fragmentos literarios, actividades de creación, bibliografía...). Organización de sesións de lectura interaulas, contacontos, e encontros con algún escritor ou escritora, ilustrador ou ilustradora. En función da situación sanitaria de cada momento valorarase a posibilidade de que puidesen ser presenciais, tendo en conta as medidas hixiénicas establecidas no Protocolo COVID. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de actividades de dinamización entorno ao Día do Libro e o Día das Letras Galegas, en coordinación co Equipo de Dinamización da Lingua. Divulgación das actividades organizadas dende a biblioteca a través da web do centro e do blog. Elaboración dunha guía de lectura para distribuír de cara ás vacacións de verán. Avaliación do traballo realizado no ámbito de animación á lectura. Elaboración dunha memoria de actividades que recolla dita avaliación.

FORMACIÓN DE USUARIOS E USUARIAS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> Establecemento das normas de organización e funcionamento da biblioteca. Edición de carteis e vídeos informativos dirixidos ao alumnado coas normas de funcionamento e organización da biblioteca. Deseño de actividades para os usuarios e usuarias sobre organización, funcionamento e normas que rexen o sistema de préstamo. Asesoramento individual para a procura e colocación de fondos. Formación do equipo de alumnado colaborador. 	<ul style="list-style-type: none"> Deseño de actividades e xogos de apropiación do sistema de organización da biblioteca (CDU). Asesoramento aos tutores e titoras para a posta en práctica destas actividades. Asesoramento individual para a procura e colocación de fondos. Deseño de xogos e actividades de localización de información. 	<ul style="list-style-type: none"> Continuar coa posta en práctica das actividades deseñadas para a formación de usuarios. Elaborar unha memoria de actividades que recolla dita avaliación. Asesoramento individual para a procura e colocación de fondos. Avaliar as actividades realizadas neste ámbito. Elaboración dunha memoria de actividades que recolla dita avaliación.

6. SECCIÓNS

Debido á situación de alerta sanitaria e á limitación de espazos do colexio, este ano a Biblioteca será utilizada como aula de relixión e robótica durante determinadas sesións ao longo do curso; polo que esta dependencia dá cabida a diferentes funcións, máis aló da finalidade pola que foi creada. Por este motivo, vémonos na obriga de sacar a Biblioteca extramuros. Para isto crearanse novas rutinas de lectura por aula, explicadas no punto 7.

- Sección Infantil nas aulas:

Para que o alumnado de infantil poida seguir gozando das sesións de animación á lectura impartidas polas mestras de apoio, crearase unha sección específica na aula de psicomotricidade ou nas aulas ordinarias, onde haberá fondos para a manipulación individual. Ademais, a partires do segundo trimestre do curso escolar 2021/22 as aulas de infantil contarán con fondos da biblioteca central en aula para levar a cabo a iniciativa da mochilas viaxeiras, onde cada neno/a levará un libro para os fogares. O tempo de préstamo será acordado polo equipo docente da etapa de educación infantil.

7. RUTINAS DE LECTURA E PRÉSTAMO DE FONDOS:

- Hora de ler:

Aínda que non aparece reflectida no horario, cada titoría reservará parte dalgunha sesión da súa xornada para realizar actividades de lectura co alumnado: lectura individual, lectura colectiva, dramatización, sesión de contacontos, recitados, etc.

- Mochilas Viaxeiras (EI):

Proporcionaremos unha lista diversa de lecturas de diferentes xéneros, tentando achegar aos nenos e nenas a unha variedade de recursos cos que gozar da lectura e descubrir novas producións que poidan ser do seu interese. Tentaremos repartir dúas por aula para que mentres unha viaxe, a outra pase unha semana de corentena.

- Cofres de lectura:

Propoñeráse ás titorías a posibilidade de adquirir un cofre de lecturas para que os préstamos poidan ser realizados dende as mesmas. Tamén poderán

utilizarse para lecturas dentro da propia aula.

As caixas quedarán rexistradas como préstamo xeral á aula e será o titor ou titora o que terá que levar o rexistro dos préstamos individuais entre o alumnado. (Será de extrema importancia coidar as datas de devolución para que os libros poidan pasar a debida corentena, aconsellamos un período de 24-48h). Deste xeito, se o préstamo se fai os venres, terían que devolverse os libros o vindeiro venres para que durante a fin de semana eses fondos queden illados.

Os cofres poderán ser intercambiados ao comezar o novo trimestre coa outra aula do mesmo nivel ou ben seleccionar novos fondos na biblioteca.

Se o profesorado ou o alumnado desexase que algún libro en concreto formase parte do cofre poderá solicitalo á coordinadora da Biblioteca ou a algún membro do equipo e procederemos a rexistrar a modificación.

- Préstamo de fondos a través do equipo:

O catálogo completo da nosa biblioteca pode ser consultado online na dirección:

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CEC173>

Animarase ao alumnado a facer uso deste recurso, accesible tamén dende a casa, para coñecer se os fondos que buscan están dispoñibles no noso centro. Unha vez comprobada a dispoñibilidade poderán facer as solicitudes dos mesmos ao Equipo de Biblioteca que realizará o rexistro do empréstito nas súas horas dispoñibles e achegará os libros ás aulas correspondentes.

Para facer as reservas dos libros e solicitar os devanditos empréstitos poderán utilizar: preferentemente, o formulario de contacto do blog Biblio Furelo ou, de ser o caso, un formulario impreso que quedará a disposición do profesorado.

8. RECURSOS HUMANOS

- Alumnado: como usuarios e usuarias, lectores e lectoras, mais tamén como produtores de recursos nos diferentes certames propostos, de contidos para o blog, nas sesións de contacontos...

O alumnado voluntario axudante da biblioteca será o encargado, este ano, de realizar os correspondentes vídeo-titoriais para trasladar a toda a comunidade

as normas de organización e xestión da biblioteca. Ademais, tamén se dará cabida ao alumnado doutros niveis e etapas educativas que estean interesados na creación destes artefactos dixitais en colaboración co titor/a correspondente.

Aqueles que o desexen cos seus titores/as e as medidas precisas poderán colaborar na orde e colocación dos fondos da biblioteca.

-Familias: O seu papel será tamén fundamental na formación de hábitos lectores. Para isto, contarán coa posibilidade de implicarse no emprego das mochilas viaxeiras, nas sesións de contacontos, na programación de lecturas en familia, etc.

-Profesorado: O profesorado constituirá o axente dinamizador máis importante das diferentes propostas realizadas dende o equipo de biblioteca. O seu papel será o de promocionar e facilitar as propostas que o equipo de biblioteca faga chegar ás aulas a través das reunións xerais e a CCP.

-Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega: A colaboración destes dous equipos será fundamental para o éxito de moitas das propostas que se levarán a cabo ao longo de todo o curso, pois entendemos que os obxectivos de ámbalas dúas agrupacións conflúen en moitas delas e, ante a falta de recursos humanos para atender debidamente os dous campos de traballo, parécenos o mellor xeito de unificar esforzos.

9. ITINERARIO LECTOR

Trasladaranse ás titorías interesadas as coleccións dispoñibles na biblioteca para as lecturas comúns de cada nivel.

Ademais, cada aula poderá establecer as súas lecturas anuais básicas, que comunicará ao equipo da biblioteca ao comezo de cada curso para poder elaborar o debido itinerario lector.

A maiores, poñeranse en funcionamento as mochilas viaxeiras adaptadas ás características da etapa á que vai dirixida, cunha coidada selección de fondos e atendendo á diversidade de xéneros e idioma, tentando priorizar os fondos en lingua galega.

10. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

- Formación de usuarios e usuarias (1ºT):

Elaboración de vídeo-tutoriais para trasladar ao alumnado as normas de organización e xestión da biblioteca escolar e o acceso aos fondos de lectura e consulta.

- Apoio ao desenvolvemento do PDI (todo o curso):

Adquisición e difusión de fondos relacionados e programación de actividades concretas arredor da temática elixida. Exposición no blog das producións resultantes.

- VI xornadas Pasámolo de Medo no Samaín (1ºT):

O alumnado voluntario gravará en vídeo contos, lendas ou historias recollidas dos libros, dos seus maiores ou de creación propia. Estas producións proxectaranse nas aulas participantes.

- E ti, que les? (todo o curso):

Continuaremos recompilando experiencias de lectura e publicándoas no espazo 'E ti, que les?' do noso blog.

- Promoción de novidades en colaboración co EDLG (todo o curso):

Programaremos ao longo de todo o curso unha actividade na que o alumnado voluntario poida acceder directamente ás novidades da biblioteca e colgar a súa revisión no apartado de novidades do blog.

- Recitais poéticos no Día de Rosalía e no Día da Poesía en colaboración co EDLG (2ºT):

Este ano os recitais realizaranse dentro de cada aula e poderán ser proxectados no resto grazas á dotación de proxector e pantalla de cada unha delas.

- Lecturas compartidas en colaboración co EDLG (2º e 3ºT):

O alumnado voluntario gravará en vídeo unha sesión de contacontos que se compartirá coas aulas participantes a través das aulas virtuais do centro.

- Encontros con escritores ou escritoras e ilustradores ou ilustradoras (2º e 3ºT):

Este ano os encontros realizaranse de xeito telemático mentres se prolongue a situación de alerta sanitaria. A medida que o curso avance e con el vaian mudando as medidas de hixiene e distanciamento social poderá establecerse outro modo de realizar esas sesións.

- Recuperación dos Xoves de conto (2º e 3ºT):

Actividade na que proporemos a participación voluntaria para a gravación de sesións contacontos a mestres, mestras, familias e persoal da Anpa.

- Elaboración de contos viaxeiros (2º e 3ºT):

Trasladaremos a experiencia do ciclo de Infantil ao resto de niveis para propor a posta en marcha dunha actividade similar no resto de titorías. Os contos creados en cada aula serán expostos no blog de Biblio Furelo.

11.LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

Propoñerase a participación das familias no desenvolvemento dos hábitos lectores dos seus fillos e fillas a través da súa colaboración e implicación nas diferentes actividades:

- Mochilas viaxeiras.
- Sesións de contacontos para o blog.
- Colaboración na elaboración de contos viaxeiros en Infantil.
- Posibilidade de participar na sección: E ti, que les?
- Contar historias da familia, refráns, adiviñas, cancións infantís e de enredos, trabalinguas, cantigas, etc.
- Lerlles contos en voz alta aos nenos e nenas (“a hora do conto”).
- Ler a medias cos fillos e fillas fragmentos de contos.
- escoitar os contos que aprenden os nenos e nenas.
- Visitar librarías, bibliotecas, axencias de lectura, feiras do libro...
- Asistir a representacións de teatro infantil e a calquera actividade relacionada co libro: animación, contacontos...
- Animar aos nenos e nenas para que gasten unha parte dos seus recursos en libros. Pedir sempre algún de regalo en datas sinaladas.
- Participar nas lecturas dos fillos e fillas, falar con eles e elas arredor do que teñen lido e sobre o que lles gustou das súas lecturas.

12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este plan lector terá un seguimento ao longo de todo o curso por parte do equipo de biblioteca, podendo ser modificado para adaptarse a novas necesidades e situacións que xurdan.

Para este fin, realizarase unha avaliación conxunta das actividades e propostas nas xuntanzas do equipo e da CCP.

Co fin de que estas valoracións nos axuden a mellorar o proxecto de biblioteca de centro seguirase un diario de actividades, no que iremos recollendo os puntos positivos e negativos das mesmas. Tamén poderán empregarse enquisas de valoración entre o profesorado e o alumnado.

Así mesmo, incorporamos un formulario de contacto no blog, no que os diferentes membros da comunidade educativa poderán facernos chegar as súas valoracións e suxestións.

Cos datos obtidos destas fontes estableceremos as liñas de traballo prioritarias de cara ao curso próximo, sempre tratando de mellorar as nosas propostas en relación aos seguintes aspectos:

- ✓ Melloras na competencia lingüística do alumnado.
- ✓ Participación nas diferentes propostas da biblioteca por parte do alumnado e do profesorado.
- ✓ Traballo e coordinación do equipo de biblioteca.
- ✓ Implicación das familias.
- ✓ Grao de aproveitamento dos recursos dos que dispoñemos.
- ✓ Empréstitos directos e indirectos realizados.
- ✓ Incremento de fondos e difusión dos mesmos entre a comunidade escolar.
- ✓ Nivel de satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- ✓ Cumprimento dos obxectivos do plan lector.

EQUIPOS DE TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TIC E E-DIXGAL). PLAN DIXITAL.

Os equipos de Tecnoloxía educativa están conformados polo equipo de TIC e o de E-Dixgal. Ademais, realizamos formación específica.

A coordinación TIC recae en Nieves Mariño Fraga quen, co apoio de María C. Penide Mareque, desenvolven o traballo de actualización da WEB, a administración das aulas virtuais do profesorado desde 4º de EI a 4º de EP. O profesorado é o encargado de desenvolver a tarefa didáctica nestes entorno de aprendizaxe e de abastecelos de contido. Os membros que forman parte deste equipo son Daniel Sanmartín Soto e Ana Cristina Martínez Penas.

A coordinación E-Dixgal recae en Rosa María Vicente Álvarez que, conxuntamente co profesorado desenvolve as tarefas relativas a este programa, ademais, apoia o labor de actualización da WEB do centro. Os membros que forman parte deste equipo son María Lourdes Antelo Rodríguez, María Teresa Castro Parga, Carmen Martínez Bestilleiro, José Luis Feijoo Blanco e María José Fidalgo Torreira.

A coordinación da formación do Plan Dixital recae en José Alberto Paz González quen servirá como canle de comunicación co CAFI nas diferentes tarefas a realizar.

RESPONSABLE DE COORDINACIÓN DE ENFERMIDADES EPIDEMIOLÓXICAS

Esta responsabilidade recae en Lucía Gesto Parga, como xefa do DO do centro. Conta o apoio da Dirección do centro.

OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

Esta responsabilidade recae en Lucía Gesto Parga, como xefa do DO do centro. Conta co apoio da Xefatura de estudos.

1.4. Programación e calendario de reunión dos órganos de goberno e de coordinación pedagóxica

Os órganos colexiados de goberno dun centro educativo son o Consello escolar e o Claustro de profesorado (art.9 do DECRETO 374/1996). O Claustro de profesorado está composto por todos os docentes que están implicado na docencia do alumnado de dito centro e que son asignados a dito centro. O CEIP Ramón Cabanillas conta con 32 docentes a tempo completo no centro.

O Consello escolar do CEIP Ramón Cabanillas está constituído por:

- ❖ Nais/pais: Gara Araujo Fernández, Lorena Boga Veiras, M^a del Pilar Figueroa Vázquez e Laura Grandío Rodríguez (pendente de renovación da ANPA).
- ❖ Docentes: María Teresa Castro Parga, Carmen Fernández Cacho, Nieves
- ❖ Mariño Fraga, M^a José Rodríguez Ordoñez e Josefa Vigo Lancho.
- ❖ 1 representante do concello de Santiago de Compostela: María Rozas Pérez.
- ❖ 1 representante do persoal non docente: María Victoria Castrelo Paz.
- ❖ Equipo directivo: Rosa María Vicente Álvarez, María del Carmen Penide Mareque e María Lourdes Antelo Rodríguez.

As reunións preceptivas que se establecen para o Claustro e o Consello escolar son:

Outubro	Aprobación da PXA
Xaneiro	Balance económico e orzamentos
Abril	Admisión de alumnado
Xuño	Memoria anual
En calquera momento	Calquera circunstancia que esixa a súa consideración

O Claustro de profesores desenvolve, con carácter xeral, as seguintes reunións:

Setembro	Adscrición do profesorado
Outubro	Concreción da PXA
Xaneiro	Balance económico e orzamentos
Abril	Admisión e avaliación individualizada do alumnado
Xuño	Memoria anual
En calquera momento	Calquera circunstancia que esixa a súa consideración

Neste curso realizarase a renovación parcial de dito órgano, segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021, polo que se realizarán as convocatorias a claustro e consello necesarias para este propósito segundo calendario establecido en dita normativa.

Os órganos de coordinación pedagóxica organízanse en función de dous calendarios, calendario de reunións e de conmemoracións:

- Departamento de Orientación.
- Comisión coordinación pedagóxica.
- Segundo ciclo de educación infantil.
- Niveis de educación primaria (interniveis).
- Equipos de dinamización.

O calendario de reunións terá lugar desde as 16.00h ás 17.30h cada martes lectivo. Inicialmente terá lugar unha xuntanza colectiva para tratar temas comúns e de carácter informativo, a continuación de 16,30 a 17,30h terán lugar as diferentes reunións, que se sitúan de xeito intencionado para que se desenvolva a pertinente comunicación entre todos os membros e se facilite a coordinación entre as diferentes actividades.

CALENDARIO DE REUNIONS 2021-2022

2021				2022							
Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño		
1 Me BENVIDA	1 Vx	1 Lu SANTOS	1 Me	1 Sa	1 Ma NIVEL-DO	1 Ma ENTROIDO	1 Vx	1 Do	1 Me		
2 Xo CLAUSTRO	2 Sa	2 Ma NIVEL-DO	2 Xo	2 Do	2 Me	2 Me CINZA	2 Sa	2 Lu	2 Xo		
3 Vx E. COVID	3 Do	3 Me	3 Vx	3 Lu	3 Xo	3 Xo	3 Do	3 Ma NIVEL-DO	3 Vx		
4 Sa	4 Lu	4 Xo	4 Sa	4 Ma	4 Vx	4 Vx	4 Lu	4 Me	4 Sa		
5 Do	5 Ma NIVEL-DO	5 Vx	5 Do	5 Me	5 Sa	5 Sa	5 Ma CCP	5 Xo	5 Do		
6 Lu CCP	6 Me	6 Sa	6 Lu CONSTIT	6 Xo	6 Do	6 Do	6 Me	6 Vx	6 Lu		
7 Ma NIVEL-DO	7 Xo	7 Do	7 Ma NIVEL-DO	7 Vx	7 Lu	7 Lu	7 Xo	7 Sa	7 Ma NIVEL-DO		
8 Me DINAMIZA	8 Vx	8 Lu	8 Me INMACULA	8 Sa	8 Ma DINAMIZA	8 Ma CCP	8 Vx NOTAS	8 Do	8 Me		
9 Xo INICIO	9 Sa	9 Ma CCP	9 Xo	9 Do	9 Me	9 Me	9 Sa	9 Lu	9 Xo		
10 Vx	10 Do	10 Me	10 Vx	10 Lu	10 Xo	10 Xo	10 Do	10 Ma CCP	10 Vx		
11 Sa	11 Lu ENSINO	11 Xo	11 Sa	11 Ma DINAMIZA	11 Vx	11 Vx	11 Lu SS	11 Me	11 Sa		
12 Do	12 Ma FESTA NA	12 Vx	12 Do	12 Me	12 Sa	12 Sa	12 Ma SS	12 Xo	12 Do		
13 Lu	13 Me	13 Sa	13 Lu AVAL	13 Xo	13 Do	13 Do	13 Me SS	13 Vx	13 Lu AVAL		
14 Ma NIVEL-DO	14 Xo	14 Do	14 Ma AVAL	14 Vx	14 Lu	14 Lu	14 Xo SS	14 Sa	14 Ma AVAL		
15 Me	15 Vx	15 Lu	15 Me AVAL	15 Sa	15 Ma CCP	15 Ma NIVEL-DO	15 Vx SS	15 Do	15 Me AVAL		
16 Xo	16 Sa	16 Ma DINAMIZA	16 Xo	16 Do	16 Me	16 Me	16 Sa SS	16 Lu	16 Xo		
17 Vx	17 Do	17 Me	17 Vx	17 Lu	17 Xo	17 Xo	17 Do SS	17 Ma LETRAS	17 Vx		
18 Sa	18 Lu	18 Xo	18 Sa	18 Ma NIVEL-DO	18 Vx	18 Vx	18 Lu PASCUA	18 Me	18 Sa		
19 Do	19 Ma CCP	19 Vx	19 Do	19 Me	19 Sa	19 Sa	19 Ma NIVEL-DO	19 Xo	19 Do		
20 Lu	20 Me	20 Sa	20 Lu	20 Xo	20 Do	20 Do	20 Me	20 Vx	20 Lu		
21 Ma CCP	21 Xo	21 Do	21 Ma NOTAS	21 Vx	21 Lu	21 Lu AVAL	21 Xo	21 Sa	21 Ma DINAMIZA		
22 Me	22 Vx	22 Lu	22 Me	22 Sa	22 Ma NIVEL-DO	22 Ma AVAL	22 Vx	22 Do	22 Me FIN		
23 Xo	23 Sa	23 Ma NIVEL-DO	23 Xo	23 Do	23 Me	23 Me AVAL	23 Sa	23 Lu	23 Xo RECLAMA		
24 Vx	24 Do	24 Me	24 Vx	24 Lu	24 Xo	24 Xo	24 Do	24 Ma DINAMIZA	24 Vx AVAL OXB		
25 Sa	25 Lu	25 Xo	25 Sa	25 Ma CCP	25 Vx	25 Vx	25 Lu	25 Me	25 Sa		
26 Do	26 Ma DINAMIZA	26 Vx	26 Do	26 Me	26 Sa	26 Sa	26 Ma DINAMIZA	26 Xo ASCEN	26 Do		
27 Lu	27 Me	27 Sa	27 Lu	27 Xo	27 Do	27 Do	27 Me	27 Vx ASCEN	27 Lu		
28 Ma DINAMIZA	28 Xo	28 Do	28 Ma	28 Vx	28 Lu ENTROIDO	28 Lu	28 Xo	28 Sa ASCEN	28 Ma		
29 Me	29 Vx	29 Lu	29 Me	29 Sa	29 Sa	29 Ma DINAMIZA	29 Vx	29 Do ASCEN	29 Me		
30 Xo	30 Sa	30 Ma DIAMIZA	30 Xo	30 Do	30 Me	30 Sa	30 Sa	30 Lu	30 Xo		
	31 Do		31 Vx	31 Lu		31 Xo		31 Ma CCP			

1.5. Libros de texto e material curricular establecidos polo centro

Cumprindo co establecido, a relación de material foi enviada á Inspección educativa e exposta na páxina WEB do centro con data do 15 de xuño de 2021.

2. Horario xeral do centro e criterios pedagóxicos para a súa elaboración

2.1. Xornada escolar e horario do centro.

O centro permanece aberto dende as 7:30 ás 19:00 h. O horario de atención a alumnado e familias é de 7.30 ás 18.30h:

- Madrugadores (de 7:30 a 9:00 a diario)
- Xornada escolar/lectiva (de 9:00 a 14:00 a diario)
- Hora do xantar (de 13:45 a 16:30 a diario, distribuído en dúas quendas)
- Actividades extraescolares (de 16:30 a 18:30 a diario)
- Atención a titorías (17.30 a 18.30h os martes)

- Atención ao público (previa cita):

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Admininstración	9 a 14 h				
Dirección	9.10 a 9.55	9.10 a 9.55		9.10 a 9.55	9.10 a 9.55
Secretaría			12 a 13	9.10 a 9.55	
Xefatura de estudos	13 a 13.50	10 a 10.50	13 a 13.50		
Orientación	9 a 9.55	9 a 9.55	13 a 13.50	9 a 9.55	13 a 13.50
Titorías e profesorado especialista		17.30 a 18.30			

O equipo directivo reúnese semanalmente para realizar un seguimento e modelar o funcionamento do centro.

As actividades extraescolares están organizadas pola ANPA do centro. Este curso, até o 18 de outubro non se inician as actividades extraescolares, en horario de 16:30 horas a 18:30 horas.

O servizo de madrugadoras/es e de xantar iníciase o día 9 de setembro e é xestionado polo Concello de Santiago.

O servizo de limpeza é xestionado polo concello cun horario que vai desde as 9 ás 20 h realizando unha limpeza continuada por zonas segundo o uso que se realiza dos espazos e en dúas quendas en función do Plan Covid.

Estes organismos xestionan todo o relacionado cos servizos mencionados en colaboración coa dirección do centro.

2.2. Distribución horaria de cada grupo de alumnado e profesorado

Distribución horaria de cada grupo de alumnado

A distribución horaria das sesións de cada grupo de alumnado establécese do seguinte xeito, en función do Protocolo Covid 2021/22:

PRIMEIRA HORA.....	9:00/9:05 a 10
SEGUNDA HORA.....	10:00 a 10:50
TERCEIRA HORA.....	10:50 a 11:30/50
RECREEO.....	11:30-11:55/11:55-12:20 (A e B)
CUARTA HORA.....	11:55/12:20 a 13:00
QUINTA HORA.....	13:00 a 13:55/14:00

O horario das áreas no 2º ciclo de Educación Infantil está establecido no art. 7:

- A organización horaria organízase dentro dunha perspectiva globalizada e incluíría actividades que permitan respecta os ritmos de actividade, xogo e descanso das nenas e dos nenos.
- É necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

O horario das áreas na etapa de Educación Primaria está establecido no o Anexo V do Decreto 105/2015, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na CCAA de Galicia:

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión/Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1
Libre configuración				1		1
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

Os cadros horarios dos distintos grupos recóllense no DOC que é enviado á inspección educativa para a súa aprobación.

Distribución horaria do profesorado

O horario individual de cada docente enviarase á inspección no DOC (Documento organizativo de centro). Todo o profesorado ten 25 horas lectivas semanais.

Computan como tales as gardas de recreo, de vixilancia de entradas e saídas de transporte, docencias, apoios e reforzos, e gardas de substitucións de profesorado.

2.3. Quendas de vixilancia de entrada e saída de transporte

No curso académico 2021/22 a vixilancia de recreo está condicionada polo Plan Covid. A dirección do centro, ou as persoas en quen delegue estarán, en todo momento presentes nestas quendas, tanto de entrada como de saída.

Nas entradas e saídas, o alumnado que vén da casa é custodiado polas/os titoras/es legais nas beirarrúas correspondentes á entrada (protocolo Covid).

O alumnado de transporte, será custodiado por profesorado:

- O alumnado de 1º e 2º de EP agardará no patio de columnas.
- O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP agardará no patio de columnas.

O profesorado que teña clase na 1ª sesión en EI e 1º e 2º de EP agardará polo alumnado da casa na entrada do corredor próxima á aula.

O profesorado de apoio de infantil e o profesorado de PT recollerán ao entrar e repartirán ao saír ao correspondente alumnado de infantil e de 1º e 2º de primaria de transporte, comedor e madrugadoras/es (entre ás 13.50h e ás 14h).

O profesorado designado atenderá alumnado de 3º a 6º de EP de transporte recollendo ás 8.50h. O alumnado de casa e de madrugadoras/es será recollido polo profesorado responsable do mesmo á 1ª hora, na súa quenda ás 9.00h ou ás 9.05h. Na saída os 4º e 6º entregarán ao alumnado ás 13.55h e 3º e 5º ás 14.00h respectivamente. O alumnado de transporte será supervisado pola dirección do centro ou a persoa en quen delegue.

O alumnado de transporte accede ao centro custodiado polos coidadores e coidadoras do servizo partir das 8.50h, momento en que quedará custodiado por profesorado.

Ademais, os diferentes servizos condicionan o desenvolvemento das vixilancias nas saídas:

- O alumnado de educación infantil ten autorizadas pola inspección educativa quendas de entrada e saída específicas para dar cabida á unha entrada escalonada e, polo tanto, a asistencia ao comedor escolar, por niveis, segundo o protocolo Covid. No servizo de comedor os monitores e monitoras son os encargados de recollelos.
- O alumnado de 1º e 2º de EP que goza de servizo de comedor ten autorizada por inspección educativa a saída antes das 14h para poder realizar a anticipación do servizo de comedor ao mediodía e adaptar os tempos en diferentes quendas, segundo Plan Covid e polo aumento de afluencia no servizo. Neste servizo os monitores e monitoras son os encargados de recollelos.

2.4. Quendas de vixilancia de recreos.

No curso académico 2021/22 a vixilancia de recreo está condicionada polo Plan Covid do presente curso.

O centro conta con tres espazos de recreo, subdivididos por cursos:

- O alumnado de EI estará no patio desta etapa.

Establécense dous agrupamentos A e B en diferente temporalización, tanto en infantil como en primaria.

- **Grupos A: 11:30 - 11:50h**

(5 minutos de marxe para evitar coincidencias no tránsito de entrada e saída entre grupos).

- **Grupos B: 11:55 - 12:20h**

Esta organización, consecuencia do Plan Covid, repercute na dispoñibilidade horaria do profesorado en relación ás clases, o cadro de substitucións e gardas, etc., facendo que todo o profesorado realice un esforzo importante por responder a todas as necesidades que acontecen no centro educativo.

Criterios para elaboración de vixilancia de tempo de lecer:

- Garantirase en todo momento o número mínimo establecido para a vixilancia do alumnado: 1 docente por cada 50 alumnos/as na etapa de primaria e 1 docente por cada 25 alumnos/as na etapa de educación infantil.
- Non se establece vixilancia para a biblioteca.
- Non se permite o uso dos baños, salvo excepcións e só o alumnado de 1º e 2º de EP, supervisado polo profesorado de garda.
- Todo o profesorado do centro estará de garda diariamente durante este tempo de lecer.
- Os titores realizarán as gardas na zona do alumnado da súa titoría.
- Os especialistas realizarán as gardas na zona onde estean os grupos clase nos que exercen maior número de horas lectivas.
- As zonas verdes serán repartidas entre o profesorado que exerce a vixilancia.

2.5. Gardas de tarde

Atendendo ao establecido na Orde do 23 de xuño de 2011 (DOG 30 de xuño de 2011), completaranse con 2 horas unha tarde á semana, entre 16:30 e 18:30 h. O profesorado estará organizado en catro agrupamentos que se repartirán os días da semana: luns, mércores, xoves e venres. Dentro de cada un destes agrupamentos, por rotación semanal entre os seus compoñentes, dúas persoas exercerán as funcións de garda de tarde entre as 16:30 e 18:30h, o que implicará exercer a representación do centro e o apoio ás actividades extraescolares do alumnado (organizadas pola ANPA). Non se contempla o uso da biblioteca, polo que non haberá empréstamo nin vixilancia do espazo por parte do profesorado.

Ademais, o profesorado ten 3 horas de permanencia, conxunta de todo o claustro, os martes pola tarde. Este tempo dedicarase a reunións de 16 a 17:30, a titorías de pais e nais de 17:30 a 18:30 h, e de 18:30 a 19:00 h para organización de actividades, preparación de materiais, etc.

2.6. Día lectivo de libre disposición

En cumprimento do establecido no artigo 7 da Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, solicítase á Xefatura Territorial, logo da aprobación do Consello Escolar, a consideración de día non lectivo:

- ❖ Venres, 27 de maio, coincidindo coas festas locais da Ascensión.

3. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

O equipo de actividades complementarias e extraescolares elabora o plan de actividades complementarias que pretende desenvolver os seguintes obxectivos.:

- Colaborar na organización de festas e conmemoracións.
- Fomentar a participación do equipo docente na realización de actividades que complementen o Currículo de cada unha das etapas.
- Planificar, coa colaboración dos mestres/as de cada ciclo, a actividades que se propoñan.

Este programa xira en torno ás tarefas propostas no Calendario escolar 2021/22 (Artigo 8 da orde do 19 de maio de 2021). O eixo motor de todas as actividades será o proxecto de centro, que este ano leva por título Con-Ciencia-T.

Moitas das celebracións que propoñemos dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares, coordinaranse conxuntamente co equipo de normalización lingüística e co equipo de biblioteca, ademais de organizarse en colaboración con todos os membros do Claustro.

Cabe ter en conta que as actividades que aquí se recollen poderán ser modificadas, ampliadas ou mesmo suprimidas ao longo do curso en función das necesidades do centro/alumnado.

Ademáis destas conmemoracións, o CEIP Ramón Cabanillas levará a cabo as seguintes actividades:

1º TRIMESTRE

- ✓ Benvinda ao curso académico 2021/2022 ao alumnado, cartelería e heptálogo de boas condutas elaborado desde o DO.
- ✓ 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

2º TRIMESTRE

- ✓ 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais

- ✓ 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

Commemorarase a nivel de centro. Realizaranse diversas actividades a nivel de aula e unha xeral, a nivel de centro, en colaboración cos todos os docentes. Coordinaranse as actividades dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

- ✓ 4 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Lingua Galega

- ✓ 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

Commemorarase a nivel de centro, nunha sesión polo/a mestre/a que imparta “Lengua Catellana”.

3º TRIMESTRE

- ✓ 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Naturais..

- ✓ Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do libro.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula e coa coordinación do Equipo de Biblioteca.

- ✓ 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula ou nivel, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ 9 de maio de 2022: Día de Europa.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Sociais.

- ✓ Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras galegas.

Commemorarase a nivel de centro, e en dúas sesións polo/a mestre/a que imparta Lingua Galega.

Coordinaranse as actividades dende o Equipo de Normalización Lingüística.

- ✓ 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

Commemorarase nunha sesión polo/a mestre/a titor a nivel de aula, dende a área de Ciencias Naturais e dende Voz Natura.

Coordinaranse as actividades dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Ademais das conmemoración anteriores, destacamos as seguintes Actividades complementarias (dentro do horario lectivo):

1º TRIMESTRE

FESTA DE SAMAÍN

Celébrase nas aulas o día 29 de outubro.

Para esta celebración requírese a colaboración das familias para a realización dun vídeo ou audio cun relato breve de medo que poida contar o propio alumnado ao demais. Será compartido na WEB e visionado nas aulas.

Permítese traer disfraces con farrapos e poden pintar as caras. Non traer obxectos ou disfraces que poidan molestar no normal desenvolvemento da actividade lectiva ou que poida ser incómodo ao longo da mañá. Non traer material que poida ser susceptible de ser compartido.

FESTA DE OUTONO E MAGOSTO

Celebrarase o 12 de novembro (se o tempo o permite) entre as 10 e as 13 h. Será coordinado polo profesorado de EF conxuntamente co profesorado especialista. Todos os grupos co/a mestre/a titor/a. Así mesmo, poranse a disposición de todos os titores/as distintos materiais e unidades didácticas relacionadas tanto co outono coma co magosto.

Entre as actividades que se levarán a cabo destacamos:

- Elaboración e recopilación de refráns, ditos e adiviñas propias desta época do ano.
- Celebración do magosto.
- Xornada de xogos na aula/patio, tendo en conta as medidas de seguridade establecidas no plan Covid.
- Recollida de froitos de outono tales coma millo, noces, uvas, cogomelos, castañas, figos, pasas, peras, mazás... para a súa posterior exposición nos corredores dentro duns cestos

NADAL

Colaborarase na ambientación das aulas. Asemade, un personaxe do Nadal, como pode ser o "Carteiro Real", traerá gusanitos e caramelos mastigables para o alumnado do centro. Participarán todos/as mestres/as do centro.

2º TRIMESTRE

DIA DA PAZ

Celebrarase o 30 de xaneiro, Día Escolar da non Violencia e da Paz, coa seguinte proposta de actividades, nunha sesión da área de Educación Artística (Plástica), xunto a outra de Lingua Galega, polo/a mestre/a titor/a:

- Exposición na aula de distintas manualidades así como poesías ou escritos a favor da paz.
- Traballo coordinado nas distintas titorías cunha temática axeitada á celebración.

ENTROIDO

Celebrarase a mediados de Marzo, ambientándose o colexio por parte das titorías así coma das distintas especialidades. Algunha das actividades que realizarán son:

- A elaboración do Meco ou Meca e as súas consignas para algúns días da semana, disfrazándoo ao igual que viremos todos nós.
- O alumnado poderá vir disfrazado e suxeriráselles que opten por disfraces relacionados coa CIENCIA xa que é o tema do noso proxecto de centro deste ano.

DÍA DE ROSALÍA

O 24 de Febreiro celebraremos o día de Rosalía, realizando actividades nunha sesión da área de Lingua Galega a nivel de aula cos/as mestres/as titores/as. Colaborará coas propostas de actividades o Equipo de Dinamización Lingüística.

SEMANA DA PRENSA

Ao longo da semana do 7 ao 11 de marzo nas sesións de Lingua e Literatura Galega desa semana, co/a mestre/a titor/a, realizaranse distintas actividades:

- Análise dos formatos da prensa e traballos con xornais.
- Realización dos traballos de aula das distintas áreas, utilizando artigos dos xornais.
- Semana da Prensa con actividades globalizadas, empregando a prensa que recibimos no colexio, facendo estudio crítico das noticias e dos artigos de opinión, axeitados á idade do alumnado.

3º TRIMESTRE

LETRAS GALEGAS

O 17 de maio se celebra o día das letras galegas. Se levarán a cabo diferentes actividades que propoña o Equipo de Dinamización Lingüística do centro. Asemade, durante as sesións de Lingua e Literatura Galega da semana anterior, co/a mestre/a titor/a , se realizarán as seguintes actividades:

- Lectura de materias diversos da obra do homenaxeado, nas aulas e entre distintos niveis.
- Unidades Didácticas para traballar a nivel de titorías.

DIA DO MEDIO AMBIENTE

O 5 de Xuño é o día do medio ambiente, polo cal durante a sesión de Ciencias Naturais que corresponda nesa semana co/a mestre/a titor/a, levaremos a cabo distintas actividades de concienciación sobre a importancia do coidado do medio ambiente, fomentando a actitude de respecto e defensa da natureza. Esta actividade formará parte tamén do proxecto de Voz Natura, xunto coas demais actividades propostas ao longo de todo o curso.

A NIVEL XERAL DE CENTRO están previstos:

CONCURSOS

- Calendario relacionado co proxecto deste ano para as familias, colexios e organismos oficiais.
- Carteis de Nadal do Concello de Santiago.

PROGRAMAS E PROXECTOS

- “Educación viaria” con charla didáctica. A duración desta actividade é aproximadamente de unha horas e levarase a cabo no centro.
- Todo tipo de charlas e talleres ofertados polo concello, ou outras entidades que se consideren relevantes para o noso alumnado, co/a mestre/a titor/a e o apoio de diversos mestres/as especialistas segundo as necesidades existentes.
- Plan de convivencia e resolución de conflitos en titorías, seguindo as directrices da orientadora do centro.
- Proxecto de centro CON-CIENCIA-T levado a cabo por todos/as os/as mestres/as.
- Plan de Autoprotección (simulacro de evacuación) no Centro, levado a cabo por tódolos/as mestres/as.

- O proxecto de camiño escolar Colecamiños, para adquirir maior autonomía do noso alumnado cando veñen á escola, promovido pola Policía Local. Comeza 10 minutos antes da entrada ao centro educativo.
- Fomento da lectura dende a biblioteca do noso colexio, realizado polo Equipo de Biblioteca Escolar.
- Colaboración en traballos da Universidade e outras institucións.
- Coñecer a cidade para aprender a valorar, respectar e desfrutar do Patrimonio cultural.
- Todas as enumeradas no proxecto de Medio ambiente e EDL.

CAMPAÑAS

- Recollida selectiva de lixo, tódolos/as membros do centro.
- Recollida de roupa e outros materiais con fins benéficos, tódolos/as membros do centro.
- Animación á lectura con sesións no centro de contacontos, escritores, ilustradores, tódolos/as membros do centro.
- Fomento e uso do galego na escola, tódolos/as membros do centro.
- Participar naquelas outras que xurdan ao longo do curso e que os docentes do equipo de ciclo considere pedagoxicamente axeitadas á programación.

ADENDA: ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS EN CASO DE CONFINAMENTO

No caso de que sexa preciso pechar o centro por ser necesario establecer medidas de confinamento derivadas de brotes de COVID, desenvolveremos as celebracións das conmemoracións obrigatorias con actividades a distancia. Neste suposto, empregaremos diferentes ferramentas coa finalidade de implicar ao alumnado e poder celebrar con todos e todas as datas sinaladas:

- ✓ A páxina web do centro
- ✓ As aulas virtuais de cada curso
- ✓ E-Dixgal
- ✓ Cisco webex (a nivel de titoría)

Para as coordinacións do departamento de actividades extraescolares e complementarias, en caso de confinamento, realizaranse reunións virtuais a través de plataformas coma agueiro, cisco webex, correo electrónico, etc.

Este curso académico o Protocolo Covid para o curso 2021/22 permite a realización de actividades complementarias e extraescolares como saídas durante o tempo lectivo, que quedan supeditadas ao cumprimento de dito protocolo e serán autorizadas pola dirección do centro. O plan establece que as saídas quedan reducidas ao máximo posible, podendo autorizarse en función do seu interese e previa consulta co equipo Covid. Priorízanse as saídas ao aire libre e cuxo uso do autobús sexa o mínimo posible.

2021				2022						
Sep	Oct	Nov	Dec	Jan	Feb	Mar	Apr	May	Jun	Jul
1 We	1 Fr	1 Mo	1 We ESTATU	1 Sa	1 Tu	1 Tu	1 Fr	1 Su	1 We	1 Fr
2 Th	2 Sa	2 Tu	2 Th	2 Su	2 We	2 We	2 Sa	2 Mo CACOS	2 Th	2 Sa
3 Fr	3 Su	3 We	3 Fr DISCAP	3 Mo	3 Th	3 Th	3 Su	3 Tu	3 Fr	3 Su
4 Sa	4 Mo	4 Th	4 Sa	4 Tu	4 Fr	4 Fr	4 Mo	4 We	4 Sa	4 Mo
5 Su	5 Tu	5 Fr	5 Su	5 We	5 Sa	5 Sa	5 Tu	5 Th	5 Su M.AMBIE	5 Tu
6 Mo	6 We	6 Sa	6 Mo	6 Th	6 Su	6 Su	6 We	6 Fr	6 Mo M.AMBIE	6 We
7 Tu	7 Th	7 Su	7 Tu CONSTI	7 Fr	7 Mo	7 Mo PRENS	7 Th SAUDE	7 Sa	7 Tu	7 Th
8 We	8 Fr	8 Mo	8 We	8 Sa	8 Tu	8 Tu MULLE	8 Fr	8 Su	8 We	8 Fr ME-IE
9 Th INICIO	9 Sa	9 Tu	9 Th	9 Su	9 We	9 We	9 Sa	9 Mo EUROP	9 Th	9 Sa
10 Fr	10 Su	10 We	10 Fr D.HUMA	10 Mo	10 Th	10 Th	10 Su	10 Tu	10 Fr	10 Su ME-IE
11 Sa	11 Mo ENLINO	11 Th	11 Sa	11 Tu	11 Fr	11 Fr PRENS	11 Mo	11 We	11 Sa	11 Mo
12 Su	12 Tu HISPAN	12 Fr	12 Su	12 We	12 Sa	12 Sa	12 Tu	12 Th	12 Su	12 Tu
13 Mo	13 We	13 Sa	13 Mo	13 Th	13 Su	13 Su	13 We	13 Fr	13 Mo	13 We
14 Tu	14 Th	14 Su	14 Tu	14 Fr	14 Mo	14 Mo	14 Th	14 Sa	14 Tu	14 Th
15 We	15 Fr	15 Mo	15 We	15 Sa	15 Tu	15 Tu CONSU	15 Fr	15 Su	15 We	15 Fr AF-IE
16 Th	16 Sa	16 Tu	16 Th	16 Su	16 We	16 We	16 Sa	16 Mo LETRAS	16 Th	16 Sa
17 Fr	17 Su	17 We	17 Fr	17 Mo	17 Th	17 Th	17 Su	17 Tu	17 Fr LGTBIQ	17 Su
18 Sa	18 Mo	18 Th	18 Sa	18 Tu	18 Fr	18 Fr	18 Mo LIBRO	18 We	18 Sa	18 Mo
19 Su	19 Tu	19 Fr INFANC	19 Su	19 We	19 Sa	19 Sa	19 Tu LIBRO	19 Th	19 Su	19 Tu
20 Mo	20 We	20 Sa INFANC	20 Mo	20 Th	20 Su	20 Su	20 We	20 Fr LETRAS	20 Mo	20 We
21 Tu I	21 Th	21 Su	21 Tu	21 Fr	21 Mo	21 Mo	21 Th	21 Sa	21 Tu	21 Th
22 We	22 Fr	22 Mo	22 We	22 Sa	22 Tu	22 Tu	22 Fr LIBRO	22 Su	22 We FIN	22 Fr
23 Th	23 Sa	23 Tu	23 Th	23 Su	23 We	23 We	23 Sa	23 Mo	23 Th RECLA	23 Sa
24 Fr	24 Su	24 We	24 Fr Christmas Day (obs.)	24 Mo I.EDUCA	24 Th ROSALI	24 Th	24 Su	24 Tu	24 Fr	24 Su
25 Sa	25 Mo	25 Th CONTRA A VIOLENCIA	25 Sa Christmas Day	25 Tu	25 Fr	25 Fr	25 Mo	25 We	25 Sa	25 Mo
26 Su	26 Tu	26 Fr	26 Su	26 We	26 Sa	26 Sa	26 Tu	26 Th ASCEN	26 Su	26 Tu
27 Mo	27 We	27 Sa	27 Mo	27 Th	27 Su	27 Su	27 We	27 Fr ASCEN	27 Mo AF	27 We
28 Tu	28 Th	28 Su	28 Tu	28 Fr PAZ	28 Mo	28 Mo	28 Th	28 Sa	28 Tu LGTBIQ	28 Th
29 We	29 Fr	29 Mo	29 We	29 Sa		29 Tu	29 Fr	29 Su ASCEN	29 We AF	29 Fr
30 Th	30 Sa	30 Tu CONST	30 Th	30 Su PAZ		30 We	30 Sa	30 Mo	30 Th	30 Sa
31 Su		31 Fr New Years Day (obs.)		31 Mo		31 Th		31 Tu		31 Su

Ademais, o equipo de extraescolares, a través do **equipo de Medio ambiente, Voz Natura**, realiza un programa específico dentro das actividades complementarias e extraescolares, propoñéndose o desenvolvemento do proxecto As Brañas de Sar: flora e fauna, que leva aplazado por mor da pandemia dous cursos académicos.

Ten como accións diferentes puntos e neste curso, queremos facer énfase en tres:

I.- Horto escolar.

IV.- Proxecto “Composteiro”.

III.- Coñecemento das árbores e arbustos das Brañas.

Temos prevista, coa colaboración da ANPA “As Brañas”, unha proposta realista temporal:

1er trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Outubro-Decembro. Análise do espazo de horta. Preparación do terreo e primeira plantación. Saída ás Brañas. Observación.	Xaneiro-Marzo Cultivo e coidado. Inicio do composteiro. Análise dos datos das Brañas. Árbores autóctonos e foráneos. Saída ás Brañas.	Abril-Xuño Recollida e observación da colleita. Consideración de plantar de cada o verán. Saída ás Brañas. Análise do paso do tempo.

Para a realización das actividades complementarias e extraescolares, durante este curso académico, valorarase a posibilidade da súa realización, tanto dentro coma fóra do centro educativo, en función das evolución da pandemia e o protocolo Covid aprobado no 2021/22. Neste sentido, porase especial atención a:

- Realización ao aire libre.
- Minimizar, no posible, a utilización de transporte.
- Respetar, en todo momento, as normas sociais autorizadas por Sanidade.

4. Documento de organización do centro, estrutura orgánica do centro e a situación das instalacións e do equipamento. DOC

4.1. Documento de organización do centro (DOC)

O DOC é un documento obrigatorio enviado á inspección educativa para a súa supervisión, nel constan o horario completo do profesorado.

4.2. Estrutura orgánica do centro

O **equipo directivo** é o órgano executivo do centro, está formado pola dirección, persoa responsable da organización de xestión do centro. A xefatura de estudos é a encargada de coordinar a actividade docente, dos asuntos académicos do alumnado e de manter a disciplina. A secretaría ten a función de desenvolver os aspectos administrativos e económicos.

A **titoría** ten un docente responsable de cada grupo de alumnado. A súa tarefa esencial é a relación entre o centro e as familias, sendo o interlocutor/as máis inmediato, proporciona ás familias información sobre o calendario escolar, horarios e actividades. Ademais, informa ao profesorado do grupo e ás familias sobre o rendemento académico do alumnado, realiza o control de faltas de asistencia ou puntualidade, facilita a inclusión do alumnado no grupo clase, coordina as avaliacións e a toma de decisión sobre a promoción e orienta ao alumnado dun xeito directo e inmediato no seu proceso formativo. O profesorado especialista colabora para que as titorías teñan un funcionamento adecuado.

O **equipo docente** está constituído polo profesorado que imparte clase ao mesmo grupo de alumnado e está coordinado polo titor ou titora correspondente.

Os **equipos de dinamización** están constituídos por profesorado afín aos temas diversos dos que se ocupa o centro ao longo do ano: Biblioteca, Lingua Galega, Tecnoloxía Educativa, Proxecto de Voz Natura, Programa de Actividades extraescolares, etc.

Os **equipos de formación docente** están constituídos co apoio do CAFI. Neste momento o centro conta con tres liñas de traballo que xa teñen certa

tradición no centro, como son E-Dixgal e formación en SAAC. Ademais, este ano, queremos apoiar a iniciativa da administración no desenvolvemento do Plan Dixital.

O **Departamento de Orientación** ten a función de desenvolver os ámbitos da orientación académica e profesional, a tutoría e apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe e, abarca a actuación do profesorado co alumnado e coas familias. A xefatura do departamento ten as seguintes funcións: Informar sobre as medidas de atención ás necesidades educativas existentes no centro educativo.

- Ofrecer o apoio necesario nos momentos decisivos da escolarización do alumnado (incorporación ao sistema educativo, cambio de etapa, elección de materias, etc.).
- Ofrecer información necesaria sobre as saídas académicas e profesionais existentes.
- Facilitar a colaboración e coordinación entre o centro educativo, a familiar e outros servizos externos.

O **Claustro Docente** está formado por todo o profesorado e ten o seu propio órgano de participación no goberno do centro. Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir sobre os aspectos docentes.

O **Consello Escolar** é un órgano de goberno do centro no que participa toda a comunidade educativa: docentes, familias e alumnado (a partir dos 12 anos), persoal de servizos e un representante do concello.

A **Asociación de Nais e Pais (ANPA)** “As Brañas” constitúe a vía de participación das familias nos temas de interese xeral para o centro. As súas inquietudes son trasladadas ao Consello Escolar polos representantes de pais e de nais. A ANPA fomenta a colaboración entre as familias e o centro escolar para o bo funcionamento do mesmo. Organiza actividades diversas para o alumnado e as propias familias. A participación das familias é fundamental nestas asociacións para colaborar no proceso educativo das fillas e fillos.

O CEIP Ramón Cabanillas conta con **persoal non docente** responsabilidade da Administración (dous auxiliares técnicos educativos, José Pereira Paredes e Marco Lugrís Beteta, e unha administrativa, María Victoria Castrelo Paz), e

persoal externo responsabilidade do concello a través de empresas adxudicatadas (persoal de limpeza, María Domínguez Casas e Regina Penas, e conserxería, María del Carmen Pérez Puente, e persoal do servizo de madrugadoras/es e de comedor). Ademais, o concello encárgase do mantemento do centro educativo.

As funcións do persoal non docente de administración son:

- ✓ Rexistro de Entrada e Saída de documentos no Centro.
- ✓ Envío de documentos oficiais do Centro.
- ✓ Confección e arquivo de documentos oficiais e académicos.
- ✓ Colaborar coa Secretaría na cumprimentación da documentación académica.
- ✓ Atención administrativa ás persoas que o requiran.
- ✓ Supervisión diaria do correo corporativo do centro e difusión da información pertinente.
- ✓ Atender o teléfono e pasar chamadas e recados ás persoas interesadas.
- ✓ Calquera outra función propia da Administración do centro que se lle asignen.

As funcións do auxiliar técnico educativo, sendo coordinadas entre o Departamento de Orientación e a dirección do centro:

- ✓ Recollida do alumnado con NEE pola mañá na entrada do Centro.
- ✓ Acompañalos á súa aula.
- ✓ Prestar apoio dentro da aula ao alumnado que o precisa.
- ✓ Atender as súas necesidades hixiénicas e fisiolóxicas do alumnado con NEE que o precise
- ✓ Durante os recreos fomentar as relacións sociais e de integración, así como velar pola seguridade do alumnado con NEE que o precise.
- ✓ Atender as súas necesidades alimentarias.
- ✓ Acompañar nos desprazamentos entre as distintas dependencias do Centro.

- ✓ Acompañamento en saídas, excursións e actividades complementarias e extraescolares que organice o profesorado.
- ✓ Acompañamento na ruta escolar ao alumnado con NEE que o precise (dende a casa ao Centro e viceversa).
- ✓ Atención no comedor ao alumnado con NEE que o precise.
- ✓ Entrega do alumnado aos pais/nais/coidadores/acompañantes ao remate da xornada lectiva.
- ✓ Atender calquera necesidade que xurda no Centro en relación co alumnado con NEE.

O persoal de conserxería e limpeza o leva a empresa Ferrovia:

A conserxe realiza o horario establecido pola empresa, segundo as necesidades do centro, de 7:45 horas as 14:15 durante todo o curso; de 16:15 a 18:45 horas en tempo de actividades extraescolares, e de 9:00 a 13:00 no mes de xullo.

A limpeza ten un servizo coordinado e continuado desde as 9h ás 20h para dar cumprimento ao Plan Covid do centro educativo.

O servizo de madrugadoras/es e comedor está xestionado por Serunión, como empresa adxudicataria do concello.

O CEIP Ramón Cabanillas conta con servizo de transporte escolar. Actualmente ten asignadas 4 liñas, tres a cargo da empresa Rísa Baixas e unha de Monbús.

Cada autobús realiza dous servizos diarios un para a entrada ao centro en horario escolar e outro, de volta aos domicilios a mediodía.

O alumnado seguirá as indicacións dos condutores e acompañantes, respectando as normas presentes no NOF e convivencia do centro.

Coa chegada do primeiro autobús, e nunca antes das 8:50 horas, abrírase o portalón para que entre o alumnado transportado que será atendido por profesorado do centro. Irase colocando por ciclos, nas filas marcadas no patio de columnas preto da porta de entrada ao edificio, agás os de tres anos que entrarán para o vestíbulo formando dúas filas, unha por cada curso. As persoas

acompañantes do servizo de transporte, deixarán ao alumnado de 4 e 5 anos na súa fila ao carón da porta de cristal, onde serán vixiados por un profesor de garda de transporte.

O alumnado, ás 14:00, sairá acompañado polo profesorado que lles imparte clase na última sesión, formando catro filas no patio de columnas. Estas están marcadas por cores: vermello ruta 1, azul ruta 2, verde ruta 3 e amarelo ruta 4. Alí serán recollidos polas monitoras-acompañantes que os conducen aos autobuses respectivos, estacionados na beirarrúa.

O alumnado debe vir diariamente identificado cunha tarxeta da ruta correspondente onde apareza o nome, apelidos e teléfono familiar.

Solicítase autorización de uso excepcional para aqueles nenos/as da zona de escolarización que teñen o seu domicilio a menos de 2 Km, sempre que existan prazas no respectivo autobús, que non comporta dereito no futuro e que, de precisar esa praza outros alumnos, deixarían de facer uso dese servizo en calquera momento do curso. Solicítase tamén uso excepcional para o alumnado de fóra de zona, sempre que haxa praza no autobús que pasa preto do seu domicilio. As familias deben solicitalo anualmente, no mes de abril, por escrito na secretaría do centro.


As empresas reciben a relación de alumnado. Durante o curso infórmase aos acompañantes das actualizacións.

O alumnado que goce deste servizo e non faga uso do mesmo de xeito puntual debe comunicalo aos/ás monitores/as do servizo, así coma ao centro educativo.

As rutas e paradas autorizadas son:

<p>Ruta Ponte Sar-Chantadina-Ponte Sar</p> <p>B. Mosquera</p> <table border="1"> <tr><td>CEIP Ramón Cabanillas</td></tr> <tr><td>PONTE SAR-B.Mosquera</td></tr> <tr><td>PISTA PÁDEL</td></tr> <tr><td>ALTAIRA</td></tr> <tr><td>SUBTERRANEO</td></tr> <tr><td>MIDAS</td></tr> <tr><td>CURROS ENRIQUEZ</td></tr> <tr><td>PONTE SAR-Chantadina</td></tr> </table>	CEIP Ramón Cabanillas	PONTE SAR-B.Mosquera	PISTA PÁDEL	ALTAIRA	SUBTERRANEO	MIDAS	CURROS ENRIQUEZ	PONTE SAR-Chantadina	<p>Ruta Picaño-Cottolengo</p> <table border="1"> <tr><td>CEIP Ramón Cabanillas</td></tr> <tr><td>COTTOLENGO</td></tr> <tr><td>BAR LUCIANO-ida</td></tr> <tr><td>PONTE VIA</td></tr> <tr><td>CALEFACCIONES BALUJA</td></tr> <tr><td>XIRO TILOS</td></tr> <tr><td>PONTE VIA-retorno</td></tr> <tr><td>BAR LUCIANO</td></tr> <tr><td>P.BUS LILAS</td></tr> <tr><td>PICAÑOS</td></tr> </table>	CEIP Ramón Cabanillas	COTTOLENGO	BAR LUCIANO-ida	PONTE VIA	CALEFACCIONES BALUJA	XIRO TILOS	PONTE VIA-retorno	BAR LUCIANO	P.BUS LILAS	PICAÑOS
CEIP Ramón Cabanillas																			
PONTE SAR-B.Mosquera																			
PISTA PÁDEL																			
ALTAIRA																			
SUBTERRANEO																			
MIDAS																			
CURROS ENRIQUEZ																			
PONTE SAR-Chantadina																			
CEIP Ramón Cabanillas																			
COTTOLENGO																			
BAR LUCIANO-ida																			
PONTE VIA																			
CALEFACCIONES BALUJA																			
XIRO TILOS																			
PONTE VIA-retorno																			
BAR LUCIANO																			
P.BUS LILAS																			
PICAÑOS																			
<p>Ruta Fernando III-Pontepedriña</p> <table border="1"> <tr><td>CEIP Ramón Cabanillas</td></tr> <tr><td>A PONTEPEDRIÑA</td></tr> <tr><td>REPUBLICA ARXENTINA</td></tr> <tr><td>ROSA</td></tr> <tr><td>FERNANDO III</td></tr> </table>	CEIP Ramón Cabanillas	A PONTEPEDRIÑA	REPUBLICA ARXENTINA	ROSA	FERNANDO III	<p>Ruta Devesa-Cruceiro de Sar</p> <table border="1"> <tr><td>CEIP Ramón Cabanillas</td></tr> <tr><td>CRUCEIRO DE SAR</td></tr> <tr><td>CAMIÑO REAL DE ANGRO</td></tr> <tr><td>ANGROIS</td></tr> <tr><td>DEVESA</td></tr> </table>	CEIP Ramón Cabanillas	CRUCEIRO DE SAR	CAMIÑO REAL DE ANGRO	ANGROIS	DEVESA								
CEIP Ramón Cabanillas																			
A PONTEPEDRIÑA																			
REPUBLICA ARXENTINA																			
ROSA																			
FERNANDO III																			
CEIP Ramón Cabanillas																			
CRUCEIRO DE SAR																			
CAMIÑO REAL DE ANGRO																			
ANGROIS																			
DEVESA																			

4.3. Situación das instalacións e do equipamento



Distribución de espazos:

DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS			
Uso		Número	Localización
Aulas	Ordinarias 19	6 ed. Infantil	1º andar
		13 ed. Primaria	1º e 2º andar
	Pequenos grupos	4 aulas para actividades en pequenos grupos, PT, AL e relixión (con grupos numerosos utiliza a biblioteca)	2º andar
	Música	1	Baixo
	Psicomotricidade	1	1º andar
	Convivencia	1	1º andar
Ximnasio		1	Baixo
Biblioteca		1	Baixo
Despachos	Dirección	1	1º andar
	Xefatura de Estudos	1	1º andar
	Secretaría	1	1º andar
	Orientación	1	1º andar
Sala de Reunións		1	1º andar
Comedor		1	Baixo
Espazo de illamento Covid		1	Baixo
Almacéns		4	Baixo
Aseos		Axeitados e suficientes en todos os espazos, agás na planta baixa, que só hai 3.	
Pacios		3	1 Infantil, zona verde e zona de parque infantil. Xardín da casa do conserxe habilitado para horto urbano. Primaria 2 Pacios semicubertos (Patio de columnas e Patio de maiores) e zonas axardinadas.

O edificio é de nova construción (2010) e é accesible para as persoas con dificultades motoras (rampas, ascensor e aseos adaptados). Ten habilitadas tres entradas, dúas polos patios de primaria e outra entrada principal de acceso á administración. Todas as aulas contan con conexión a internet, ordenador e proxector, así como de encerados dixitais e encerados brancos.

O sistema de calefacción é eficiente e ben dimensionado.

Utilización dos espazos e recursos:

- Aulas. Os espazos son luminosos e ben ventilados. O tamaño é limitado para o desenvolvemento de dinámicas de grupos. Todas contan con equipamento TIC (ordenador de mesa, conexión á rede, e proxector e encerado dixital). **Non contamos con aulas para desdobres nin idiomas.**
- Aseos. Cada planta conta con aseos para cada unha das zonas. Cada aula de infantil ten aseo propio, así como o ximnasio, que tamén conta con baños propios. Na planta baixa, hai baños para uso durante o tempo de lecer (este curso o seu uso está restrinxido polo protocolo Covid).
- Biblioteca. Está ubicada na planta baixa e conta con pouco espazo para o volume de alumnado. Esta sala estaba pensada para usos múltiples. Conta con mediateca, catálogo con recursos bibliográficos e noutros soportes (organizado mediante a aplicación MEIGA). Este curso 2021-22 (Protocolo Covid) o seu uso está limitado a traballos puntuais, por parte das clases de relixión (con grupos numerosos), contacontos infantís (con grupos reducidos) e outras actividades extraescolares que se poidan autorizar.
- Ximnasio. É luminoso, amplo e conta con calefacción (moi necesaria no inverno por estar orientado ao N.).
- Patios. Debemos diferenciar entre espazos verdes, cos que o centro conta de maneira adecuada e ben situados e espazos de xogo, cos que o centro conta de xeito moi insuficiente cando chove xa as zonas quedan anegadas e son impracticables, entrando auga incluso nas zonas que están semicubertas (coma o patio de columnas ou o patio semicuberto dos maiores. Ademais, o patio infantil non se pode utilizar

nos días en que vai moita calor ou chove moito por non estar cuberto e carecer de sombras.

- Despachos e locais para xuntanzas. O centro educativo non conta con espazos para reunións grandes ou para a celebración de eventos culturais para todo o alumnado. Tampouco conta con espazos para xuntanzas, agás a sala de reunións que resulta insuficiente para o todo o profesorado. En tempo Covid utilízase o ximnasio.
- Aula de convivencia. Actualmente é un espazo polivalente, é empregada en horario lectivo para as docentes de Arco e de AL (afín de PT). Ademais, a ANPA pode utilizala para as reunións da directiva a aula de convivencia.
- O centro educativo autoriza a realización das actividades complementarias e extraescolares (segundo protocolo Covid 2021-2022) dos espazos máis amplos como son o comedor escolar, parte da biblioteca (a parte de audiovisuais) a aula de música ou os patios da escola (de columnas e patio semicuberto).
- Espazo COVID.

Necesidades detectadas en relación ás instalacións:

- As aulas contan co espazo xusto de traballo, limitando ás dinámicas que se poden desenvolver. Necesitan unha protección máis eficaz fronte ao sol.
- Non hai espazo suficiente para desdobres ou para as especialidades de lingua estranxeira.
- Os baños da planta baixa son insuficientes para o tempo de lecer e comedor, utilizando, neste caso, os do ximnasio.
- Os patios semicubertos requiren dun maior peche para o abrigo do alumnado, xa que resultan insuficientes para evitar a auga.
- Os patios contan con demasiados chanzos e recunchos de difícil vixilancia e certa perigosidade, o que require do peche preventivo de certos puntos.

- As zonas verdes quedan anegadas e son inservibles nunha parte importante do curso académico.
- Os espazos para almacenamento (tanto para educación física como para material de aula) son moi insuficientes.
- A ANPA non conta con espazo propio no centro educativo para as súas actividades.

Arredores do centro e riscos:

- Queda pouco espazo na rúa e beirarrúa.
- O aparcamento do profesorado é insuficiente, tendo que apartar nos arredores.
- O acceso á administración do centro por parte das familias realízase polo aparcadoiro en vez de polas escaleiras, xa que é un dito aparcadoiro está sen pechas, o que pode resultar perigoso en certas ocasións. **Proponse ao concello a colocación dun peche automático.**
- **O centro conta cun Plan de Autoprotección do ano 2014, polo que é urxente a súa renovación neste curso académico.**
- Solicitouse a revisión da situación en canto ás cubertas dos patios onde se constatou que existe un acordo de colocación duns faldóns no patio semicuberto de hai varios cursos académicos.
- O recinto escolar conta con casa de conserxe, afectado pola Consellería, pero que nunca foi utilizada para este fin e atópase en estado ruinoso. **No mes de xullo de 2021 fíxose petición ao concello para que solicitara o cambio de uso á Xefatura Territorial e poder habilitar o espazo para un uso educativo.**

Equipamento das tecnoloxías educativas:

O centro ten suficientes recursos informáticos e todas as aulas están dotadas, sen embargo non todos os ordenadores teñen as mesmas prestacións debido a súa idade útil.

Por outra banda, no ciclo de educación infantil, 1º e 2º de educación primaria e alumnado NEAE dotouse de Ipad con contido específico, xestionados dende o Departamento de Orientación (curso 2019/20). Para os cursos de 3º de 4 nivel de educación primaria hai 40 convertibles Abalar dotados coa maqueta de software libre (curso 2021/22).

Actualmente o centro conta con dúas liñas de actuación da consellería en relación ás tecnoloxías educativas do centro:

- ✓ Desde educación infantil até 4º nivel de educación primaria, contamos co apoio loxístico da UAC en todo o relacionado coa conectividade e recursos (ordenadores, proxectores, etc.).
- ✓ Os niveis de 4º de educación primaria contan con convertibles Abalar preparados coa maqueta de software libre para uso no centro. A súa xestión a realiza o propio centro até que deixen de funcionar.
- ✓ Os niveis de 5º e 6º de educación primaria funcionan con apoio loxístico da liña E-Dixgal (Premium).

Neste curso realizarase un inventario e unha optimización da tecnoloxía educativa dispoñible, xa que se observa que é necesario renovar parte da dotación tecnolóxica coa que conta o centro educativo. Neste sentido, máis da metade do material informático (ordenadores e proxectores) ten unha vida útil superior aos 7 anos (dotación da UAC), polo que é necesaria a súa renovación, petición que xa foi realizada para dito cambio. No que supón a liña de E-Dixgal os recursos están actualizados e non teñen unha vida útil de máis de 4 anos, sendo rapidamente revisados e renovados, unha vez indicada a incidencia.

O centro ten unha flota duns 40 ordenadores de mesa, 3 Ipad, máis de 100 convertibles E-Dixgal e 4 ordenadores portátiles para a docencia, e máis de 40 convertibles Abalar.

5. Programa anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios.

5.1. Programa anual de formación do profesorado.

PFPP anual.

Neste curso académico 2021/22 o centro ten interese en desenvolver tres liñas de formación para dar resposta ao compromiso do centro educativo como centro inclusivo, así como como centro dixital. Contamos co asesoramento Marta Río Rey do CAFI. A formación realízase no propio centro co fin de adaptarse ás necesidades concretas do mesmo, por unha banda temos alumnado que está a iniciar o uso de ferramentas SAAC (como linguaxe bimodal ou sistemas de comunicación alternativo con ferramentas tecnolóxicas), por outra banda, o alumnado de 5º e 6º de EP emprega desde hai 4 cursos o material dixital facilitado pola consellería dentro do Programa E-Dixgal con resultados positivos.

Ademais, o profesorado está a formarse en diferentes contidos que ofrece o CAFI, de maneira que, esta é unha formación que complementa ás necesidades do alumnado deste centro educativo.

PFPP. Liña 1. Plan de formación SAAC 2021/2022

O obxectivo principal deste 2º curso é que o profesorado nos sintamos preparadas/os para desenvolver actividades con alumnado con parálise cerebral, trastorno do espectro autista e outros síndromes que fan necesaria a utilización de recursos de comunicación alternativa. A coordinadora é Cristina Rey Riaño. Os participantes son:

1. Silvia Bahamonde Couto
2. María Begoña Ballesteros Furones
3. Henar Bello Seoane
4. Lucía Gesto Parga
5. Lucía Flora López Pérez
6. Eva María Mouro García
7. María Socorro Pérez Martínez
8. María del Pilar Souto Farto
9. Rosa María Vicente Álvarez

É unha liña obrigatoria da Consellería que consideramos que pode aportar información sobre a realidade do noso centro. Neste sentido, agardamos obter resultados que nos permitan comprender cales son as nosas deficiencias como centro educativo, cales as nosas fortalezas e cales as nosas posibilidades. O coordinador é José Alberto Paz González. Os participantes son:

1. María Lourdes Antelo Rodríguez
2. María Begoña Ballesteros Furones
3. Raquel Cuervo cazurra
4. Irene Sánchez Álvarez
5. Rosa María Vicente Álvarez

Esta é unha liña coa que levamos traballando varios anos, e na que o profesorado integrante se atopa en diferentes fases. Por unha banda, temos profesorado interesado que xa conta con certa experiencia e por outra, con profesorado que se inicia neste curso académico nesta realidade.

Este traballo vén sendo continuado ao longo de 4 anos consecutivos.

As aulas contan cunha equipación dixital das aulas (encerado dixital, videoproxector, portátil de aula, carro de carga, WIFI Abalar, servidor Abalar e SAI) , as dos equipos do alumnado, e as do portátil do profesorado facilitado pola Xunta de Galicia aos docentes que imparten materias dentro do Proxecto Educación Dixital. O alumnado conta cunha plataforma de Contidos Dixitais, así como das súas posibilidades de uso e pautas para o correcto funcionamento da mesma, así como formación no propio centro.

O alumnado conta cun convertible (tablet) para o seu uso persoal que é utilizado en cesión.

Tanto o profesorado coma as familias do alumnado contan co servizo de Premium, a través do teléfono 881869900 as 24h para responder a calquera incidencia.

A coordinadora é Raquel Raquel Cuervo Cazurra. Os participantes son:

6. María Lourdes Antelo Rodríguez
7. María Begoña Ballesteros Furones
8. María Teresa Castro Parga
9. José Luis Feijoo Blanco
10. María José Fidalgo Torreira
11. José Alberto Paz González
12. Rosa María Vicente Álvarez

Participación do profesorado en programas de innovación educativa

Programa Voz Natura

O profesorado participa no proxecto de medio ambiente, coordinador desde Voz Natura, con propostas para as diferentes titorías. Este ano temos o obxectivo de coñecer as brañas (flora e fauna), utilizar a horta escolar e o composteiro. Véxase o apartado correspondente da p. 117.

Seccións bilingües

O profesorado está involucrado no programa de Seccións Bilingües en varios cursos de educación primaria, na materia de plástica (área artística) que se imparten en inglés e onde contamos cunha persoa auxiliar de conversa, este ano procedente de Polonia. Véxase o punto correspondente da p. 63.

Proxecto de Biblioteca escolar

O profesorado está involucrado na recuperación dunha biblioteca que por mor da pandemia perdeu grande parte do seu poder cultural. A coordinadora é Eva María Mouro García e os membros que participan neste proxecto son María Lourdes Antelo Rodríguez, Raquel Cuervo Cazurra, Lucía Gesto Parga e María del Carmen Penide Mareque.

Actualmente o seu funcionamento é diferente por mor da pandemia. A través deste Proxecto buscamos a súa recuperación. O seu uso é parcial, debido a ter que utilizar este espazo para almacenaxe e en ocasións como aula de relixión, se ben estase a traballar por eliminar este uso de almacenamento progresivamente, en función da situación Covid.

A utilización realízase por titorías a través da mochila viaxeira e dos cofres bibliográficos. Ademais, é un espazo para contacontos nos niveis de educación infantil.

Entre os obxectivos que se propón este equipo, co apoio do resto do profesorado, están:

- ✓ Organizar e ordenar o mobiliario e os materiais desta dependencia do centro para un posible uso no futuro; posto que o curso anterior parte da biblioteca foi destinada como aula de relixión.
- ✓ Catalogar fondos segundo a CDU.
- ✓ Actualizar os usuarios novos tanto do ámbito do alumnado coma do profesorado.
- ✓ Valorar diferentes opcións nas que investir un orzamento de 400€, aproximadamente.
- ✓ Facilitar a procura de exemplares coa colocación de adhesivos coas letras do abecedario nos diferentes estantes da biblioteca.
- ✓ Ofrecer apoio ao equipo docente de Educación Infantil para elaborar as mochilas viaxeiras do alumnado desta etapa.
- ✓ Informar ao profesorado de Educación Primaria da posibilidade de usar cofres con exemplares da Biblioteca do Centro co fin de realizar a xestión de empréstito de libros dende as titorías.

5.2. Servizos complementarios

Servizo de madrugadoras/es e de xantar

O **servizo de madrugadoras/es e de xantar** é xestionado polo Concello de Santiago e está xestionado por Serunión, como empresa adxudicataria do concello.

- Servizo de madrugadoras/es realízase entre as 7.30h e as 9.00h.
- Servizo de comedor realízase entre as 13.45h e as 17h.

O Regulamento e as normas xerais do servizo de comedor e madrugadoras/as están fixadas no prego de contratacións desenvolvido polo Departamento de educación do Concello de Santiago de Compostela e sempre en concordancia coas Normas de Organización e Funcionamento do CEIP Ramón Cabanillas.

A ANPA “As Brañas” colabora co centro en horario lectivo, nas actividades relacionadas co Magosto, as Letras Galega ou concursos de motivación á lectura e escritura creativa, entre outras, así como, de ser o caso, na realización da excursión ou festa de fin de curso, actividades que, de ser o caso, se concretarán chegando as datas de celebración en coordinación coa coordinadora de extraescolares, en función das limitacións do Plan Covid.

Actividades extraescolares organizadas pola ANPA

As **actividades extraescolares fóra do tempo lectivo** lévanse a cabo pola ANPA quen xestiona e supervisa as actividades que se desenvolven. Polas peculiaridades deste curso académico supeditado ao Plan Covid, as actividades quedan bastante limitadas, ofrecéndose, entre as 16.30 e as 18.30h.

As actividades organizadas poden variar en función das necesidades de conciliación das familias e das posibilidades da ANPA.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA "AS BRAÑAS"

Actividade Baile moderno en horario de 16:30 a 17:30 os luns de cada semana para o alumnado de Infantil grupos A (4º INF. A, 5º INF A, 6º INF A), que se realizará no ximnasio e que utilizarán os baños situados nese mesmo espazo.

Actividade Baile moderno en horario de 16:30 a 17:30 os mércores de cada semana para o alumnado de Infantil grupos B (4º INF. B, 5º INF B, 6º INF B) , que se realizará no ximnasio e que utilizarán os baños situados nese mesmo espazo.

Actividade Urban Dance en horario de 16:30 a 17:30 os luns de cada semana para o alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria, que se realizará no patio cuberto e que utilizarán os baños situados a carón da antiga conserxería.

Actividade Urban Dance en horario de 16:30 a 17:30 os mércores de cada semana para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria, que se realizará no patio cuberto e que utilizarán os baños situados a carón da antiga conserxería

Actividade Pre-Deporte en horario de 16:30 a 17:30 os xoves cada semana para o alumnado de Infantil grupos A (4º INF. A, 5º INF A, 6º INF A), que se realizará no ximnasio e que utilizarán os baños situados nese mesmo espazo

Actividade Pre-Deporte en horario de 16:30 a 17:30 os venres cada semana para o alumnado de Infantil grupos B (4º INF. B, 5º INF B, 6º INF B), que se realizará no ximnasio e que utilizarán os baños situados nese mesmo espazo

Actividade Iniciación Deportiva en horario de 16:30 a 17:30 os días martes de cada semana para o alumnado de 1º e 2º de Primaria, que se realizará no patio cuberto e que utilizarán os baños situados situados a carón da antiga conserxería

Actividade Atletismo en horario de 16:30 a 17:30 os venres de cada semana para o alumnado de 5º e 6º de Primaria, que se realizará no patio cuberto e que utilizarán os baños situados situados a carón da antiga conserxería

Actividade AULA DE TARDE en horario de 16:30 a 18:30 de luns a venres para o alumnado de Infantil e Primaria, que se realizará en horario de 16:30 a

17:30 no patio de columnas sempre e cando as condicións meteorolóxicas o permitan (cando non sexa así usarase a aula de música e a biblioteca). En horario de 17:30 a 18:30 utilizarase o comedor escolar. Utilizarán os baños situados situados a carón da antiga conserxería.

Por outra parte, e coa intención de favorecer a volta das familias á participación no centro escolar, temos a intención de realizar as seguintes actuacións dentro do curso escolar 2021-2022, sempre e cando a situación sanitaria e o protocolo da Xunta as permita:

- 1 Charlas de escola de familias
- 2 Xuntanzas de socios da ANPA
- 3 Colaboración celebración Magosto
- 4 Colaboración Letras Galegas
- 5 Taller de Obradoiro de Xornalismo para nenos e nenas de Primaria, divididos en grupos, de xaneiro a maio se o protocolo variase e se poidera usar un espazo adecuado a esta actividade.

Estas actuacións levaríanse a cabo na biblioteca, comedor ou calquera outro espazo que o equipo COVID considere, sendo responsabilidade da ANPA a desinfección da moblaxe e material utilizado.

Por outra parte, fóra do recinto escolar, teñen programadas as seguintes actividades, supeditadas á concesión do uso dos pavillóns de Deportes, do Concello de Santiago, trámite pendente de resolución, e previa certificación da dirección do centro de que o fin das mesmas é a realización de actividades extraescolares relacionadas do centro educativo:

- PATINAXE Luns e mércores de 16:00 a 17:00 -Pavillón Restollal
- FÚTBOL SALA Luns e mércores de 16:00 a 17:00-Pavillón Pontepedriña
- BALONCESTO Luns e mércores de 17:00 a 18:00-Pavillón Pontepedriña

Certificación do Claustro docente

Esta Programación Xeral Anual conta coa aprobación do Claustro docente, en reunión ordinaria celebrada ás 16.10 horas do día 19 de outubro de 2021.

Certificación do Consello Escolar

Esta Programación Xeral Anual conta coa aprobación do Consello Escolar, en reunión ordinaria celebrada ás 19 horas do día 19 de outubro de 2021.

O Consello Escolar aproba a petición á Inspección Educativa da solicitude do día 27 de maio como día de libre disposición (día non lectivo).

O Consello Escolar aproba a realización de actividades complementarias e extracolares realizadas dentro e fóra do centro educativo, e que poidan requirir da utilización de transporte escolar, contempladas nesta Programación Xeral Anual .

O Consello Escolar aproba a solicitude ao Concello da ANPA “As Brañas” para utilización de pavillóns externos ao recinto escolar para a realización de actividades extraescolares, xa que o centro educativo non conta con espazos cubertos suficientes.

Certifica,

En Santiago de Compostela, a día 20 de outubro de 2021

Rosa María Vicente Álvarez
A dirección do CEIP Ramón Cabanillas